

# GUÍA DE FINANCIAMIENTO COMUNITARIO

2021-2027



## PRÓLOGO

Velaquí unha nova guía adaptada ao período financeiro comunitario 2021-2027 coa que pretendemos ofrecer unha visión xeral das liñas de financiamento que a UE pon a disposición para fomentar a aplicación das súas políticas sobre o terreo. Seica isto é algo doado de dicir pero non tan fácil de entender na práctica. Os distintos fondos e programas aos que teñen acceso as entidades galegas son reflexo de políticas públicas acordadas polos 27 Estados membros co apoio da Comisión Europea como impulsora e garante do interese común europeo. Se hoxe estamos inmersos na loita contra o cambio climático, o fomento da mobilidade sostible ou o impulso da innovación, é porque hai anos que estes temas forman parte da axenda europea e, a través deses fondos, todos os territorios europeos camiñamos na mesma dirección. Cada un ao seu ritmo.

Este diferente ritmo é precisamente o obxecto dun terzo do orzamento comunitario, o dedicado á política de cohesión, que investiu xa en Galicia máis de 20.000 millóns de euros dende os anos 80, axudando de forma determinante ao seu crecemento económico. Son, sen dúbida, os fondos máis coñecidos polo público xeral (FEDER e FSE), os que financian a formación dos traballadores, a modernización das pemes, a infraestrutura dixital... E son, xunto ao programa Erasmus, unha das mellores cartas de presentación da UE, aquela que reforza o sentimento de pertenza a este gran proxecto de construción europea.

Os subsidios á agricultura e a axuda ao desenvolvemento rural copan case outro terzo do orzamento comunitario, deixando o terzo restante para financiar prioridades políticas como a competitividade, a acción externa ou o ambiente, ámbitos nos que, ademais, a xestión dos programas centralízanse dende as propias institucións comunitarias a través de procesos de concorrencia competitiva. Estes programas son os que principalmente se resumen en forma de ficha nesta guía. En moitos deles se engade un exemplo de proxecto con participación galega para que o lector vexa como este programa se traduce na práctica na nosa comunidade.

O orzamento a longo prazo da UE para os anos 21 a 27 concibiuse, ademais, como parte dun paquete de recuperación máis amplo para combater os efectos económicos da pandemia de COVID-19. O instrumento NextGenerationEU, que achega novos cartos a través dunha grande emisión de débeda pública, completa este Plan de Recuperación para Europa cuxo obxectivo é saírmos reforzados desa crise apostando pola dobre transición ecolóxica e dixital.

Ese é o noso gran reto durante estes anos: como transformar a nosa forma de producir, consumir e vivir para limitar a emisión de gases contaminantes, e como aproveitar, ao mesmo tempo, as novas oportunidades para gañar competitividade. Confiamos en que esta guía axude a súa entidade a identificar o financiamento adecuado para facer fronte a este desafío.

**Alfonso Rueda Valenzuela,**

Presidente da Xunta de Galicia e da Fundación Galicia Europa

# GUÍA DE FINANCIAMENTO COMUNITARIO

## 2021-2027

## CONTENIDO

<b>Introdución</b>	<b>7</b>
<b>1. O Marco Financeiro Plurianual 2021-2027</b>	<b>10</b>
1.1 O Novo Período Financeiro Comunitario 2021-2027	11
1.2 Novo instrumento Next Generation EU (NGEU)	13
1.3 Galicia ante o novo marco financeiro comunitario 2021-2027	16
<b>2. Os fondos comunitarios na práctica</b>	<b>18</b>
2.1 Modelo de xestión directa	18
2.2 Modelo de xestión compartida	19
2.3 Modelo de xestión indirecta	19
<b>3. Manual de elaboración de proxectos europeos</b>	<b>21</b>
3.1 Introdución aos proxectos europeos	21
3.1.1 Definición de proxecto europeo	21
3.1.2 Principais características dos proxectos europeos	21
3.1.3 Os primeiros pasos cara aos proxectos europeos	23
3.2 Ciclo de vida dun proxecto europeo	24
3.2.1 Da idea á presentación	25
3.2.2 Avaliación de propostas	30
3.2.3 Execución dos proxectos	31
<b>4. Programas de financiamento comunitario 2021-2027</b>	<b>35</b>
4.1 Mercado Único, Innovación e Dixitalización	36
Horizonte Europa	37
Euratom	41

ITER	43
InvestEU	44
Mecanismo "Conectar Europa"	46
Programa Europa Dixital	48
Programa para o Mercado Único	50
Programa da UE de Loita Contra a Fraude	52
Cooperación en materia de Fiscalidade (Fiscalis)	53
Cooperación en materia de aduanas (Aduanas)	54
Programa Espacial Europeo	55
4.2 Cohesión, Resiliencia e Valores	56
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)	57
Interreg POCTEP	58
Interreg SUDOE	60
Interreg Espazo Atlántico	62
Interreg Europe	64
Iniciativa Urbana Europea	66
REACT-EU	67
Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)	69
Instrumento de Apoio Técnico (IAT)	71
Protección do euro contra a falsificación (Pericles IV)	72
Mecanismo de Protección Civil (rescEU)	73
UEproSaúde (EU4HEALTH)	74
Fondo Social Europeo+ (FSE+)	76
Fondo Europeo de Adaptación á Globalización para Traballadores Despedidos (FEAG)	78
Erasmus+	80
Corpo Europeo de Solidariedade	82
Europa Creativa	83

Cidadáns, Igualdade, Dereitos e Valores (CERV)	85
Xustiza	86
4.3 Recursos Naturais e Medioambiente	87
Fondo Europeo de Garantía Agrícola (FEAGA)	88
Fondo Europeo Agrícola para o Desenvolvemento Rural (FEADER)	89
Fondo Europeo Marítimo, Pesca e Acuicultura (FEMPA)	90
Programa para o Medio Ambiente e a Acción Climática (LIFE)	91
Mecanismo de Transición Xusta	93
Fondo de Innovación	95
4.4 Migración e Xestión de Fronteiras	97
Fondo de Asilo, Migración e Integración (FAMI)	98
Fondo para a Xestión Integrada das Fronteiras	100
4.5 Seguridade e Defensa	101
Fondo de Seguridade Interna (FSI)	102
Fondo Europeo de Defensa	103
4.6 Veciñanza e o Mundo	105
Instrumento de Veciñanza, Desenvolvemento e Cooperación Internacional (IVDCI) - Europa Global	106
Axuda Humanitaria	108
Política Exterior e Seguridade Común (PESC)	109

<b>Índice de siglas</b>	<b>110</b>
-------------------------	------------

<b>Índice de programas</b>	<b>113</b>
----------------------------	------------

# Introducción



## Introdución

Esta guía créase para **promover a participación de entidades galegas en programas europeos como fonte de financiamento das súas iniciativas** e para dar resposta aos moitos retos aos que a sociedade e economía galegas están hoxe expostas. Isto supón emprender iniciativas que melloren a competitividade das propias entidades en atención ás demandas reais dos seus clientes, e descubrir campos que lles permitan ampliar as súas propostas de produtos, servizos, incluso modelos de negocio, a novos mercados e contornas competitivas. Como resultado deste exercicio, fortalécese a capacidade do sector empresarial galego en xeral, contribuíndo desde aquí aos obxectivos que teñen marcados o conxunto dos países e rexións da Unión Europea. Nos últimos anos, os programas europeos demostraron ser unha peza clave para que as empresas avancen con maior seguridade nun contexto actual de cambio acelerado, que mesmo se pode ver afectado pola aparición de novos elementos, a miúdo imprevisibles, como o demostra a crise provocada pola COVID-19. A capacidade de adaptación e de dar respos-

ta ás ameazas, xerando novas fortalezas, é quizais a maior aprendizaxe obtida desta crise, o que esixe ás organizacións que incorporen no seu ADN capacidades como a innovación, a visión sistémica, a colaboración con terceiros, o apoio e desenvolvemento do talento, o liderado, a corresponsabilidade e a xestión adecuada dos recursos, cuestións todas elas intrínsecas aos proxectos europeos, como así o declaran quen tiveron xa a oportunidade de participar neles.

Neste marco, nace esta guía, que comeza coa descrición dos **fundamentos do financiamento europeo para o período 2021-2027**, adentrándose na súa estrutura, e explicando a razón de ser duns orzamentos realizados á medida dunha crise e conxuntura concreta, pero baixo un claro obxectivo de saír dela fortalecidos.

Seguidamente, a guía **describe como se canalizan os recursos comunitarios e os seus principais instrumentos**, explicando os conceptos e mecanismos de xestión dos fondos aos que se accede a través dos proxectos europeos. Tras diso, o seguinte apartado consiste nun **“Manual de elaboración de proxectos europeos”**, que pretende ser unha guía moi práctica e actualizada, desde a experiencia de quen participou neste tipo de proxectos, coidando especialmente introducir ao lector nos conceptos e procedementos máis importantes. Ademais, explícase a terminoloxía que se utiliza habitualmente neste tipo de proxecto, incluíndo os termos en inglés, entendendo que pode ser de utilidade especialmente para quen por primeira vez se adentra neles. Doutra banda, a través das ligazóns ás diferentes páxinas do Portal de Financiamento e Licitacións da Comisión Europea, preténdese familiarizar aos lectores coas ferramentas que pon á nosa disposición a Comisión Europea, e que, inevitablemente, deberán chegar a coñecer e manexar ben quen estea na primeira fronte da xestión de propostas e proxectos. A dixitalización é un factor clave nesta nova etapa europea e os proxectos europeos non quedan atrás niso.

Na súa última parte, esta guía realiza unha **explicación actualizada e detallada dos diferentes programas europeos**, de maneira que o lector obterá un coñecemento preciso do enfoque de actuación, obxectivos, alcance, tipos de acción, e mecanismos que incorpora cada un dos programas.

# 1. O Marco Financeiro Plurianual 2021-2027

# 1. O Marco Financeiro Plurianual 2021-2027

O Marco Financeiro Plurianual (MFP) é o mecanismo orzamentario da UE mediante o cal se estruturan os seus ingresos e gastos baixo un enfoque a longo prazo, asegurando a asignación ordenada dos gastos no tempo, conforme á súa dispoñibilidade de recursos. O 1 de xaneiro de 2021 entrou en vigor o regulamento polo que se establece o novo Marco Financeiro Plurianual (MFP) para o período 2021-2027<sup>1</sup> dotado de **1,071 billóns de euros ao longo dos próximos 7 anos**<sup>2</sup>.

Quizais o aspecto máis diferencial deste novo orzamento é que considera as importantes repercusións económicas da pandemia da COVID-19, constituíndo un marco financeiro a longo prazo que achande o camiño cara o logro dos grandes obxectivos da UE, como a transición xusta e integradora cara un futuro ecolóxico e dixital, e que apoie a autonomía estratéxica a longo prazo da Unión facéndoa resistente ás crises futuras, como se recolle nos puntos preliminares do regulamento anterior-






mente mencionado. Por conseguinte, este orzamento comunitario preséntase como unha gran oportunidade para, desde unha reconstrución efectiva, xusta e solidaria, transformar a economía europea corrixindo desequilibrios entre países e conducíndoos á súa modernización.

É importante sinalar que, nesta ocasión, **de maneira complementaria ao MFP 2021-2027**, e co fin de evitar que a crise da COVID-19 sexa un factor que acrecente as diferenzas entre os estados, a **UE habilitou un instrumento temporal para a recuperación baixo a denominación de Next Generation EU (NGEU)** por un valor de 750.000 millóns de euros, que inclúe o denominado Mecanismo de Recuperación e Resiliencia por valor de 674.500 millóns de euros, que tamén se abordará detalladamente nesta guía. A **Figura 1**, mostra as rúbricas e montantes que conforman o MFP 2021-2027 e o paquete de fondos NGEU.


A Unión Europea logrou un acordo para o maior orzamento na súa historia por valor de 1,8 billóns de euros, dos cales o 50% son para a modernización vía programas como Horizonte Europa (sucesor do Horizonte 2020), o Fondo para a Transición Xusta, o Programa Europa Dixital, o propio Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, o programa RescEU para a Protección Civil e o EU4Health específico para a Saúde.

## 1.1 O Novo Período Financeiro Comunitario 2021-2027

O novo Marco Financeiro Plurianual está definido para o logro dos seguintes cinco grandes obxectivos marcados pola Presidencia da Comisión:

-  **Unha Europa máis intelixente**, mediante a innovación, a dixitalización, a transformación económica e o apoio ás pequenas e medianas empresas;
-  **Unha Europa máis ecolóxica e libre de carbono**, que aplique o Acordo de París e invista en transición enerxética, enerxías renovables e a loita contra o cambio climático;
-  **Unha Europa máis conectada**, cun transporte estratéxico e redes dixitais;
-  **Unha Europa máis social**, que faga realidade o pilar europeo de dereitos sociais e que apoie o emprego de calidade, a educación, as capacidades educativas e profesionais, a inclusión social e a igualdade de acceso á asistencia sanitaria;
-  **Unha Europa máis próxima aos cidadáns**, que apoie estratexias de crecemento de xestión local e que contribúa a un desenvolvemento urbano sustentable en toda a UE,

O MFP 2021-2027 toma a testemuñadun orzamento que se proxectou fundamentalmente desde a perspectiva da saída dunha grave crise económica que viña azoutando á Unión desde o ano 2007, polo que se consideraba imprescindible que o financiamento se orientase cara os ámbitos que máis contribuísen ao crecemento, ao emprego e á competitividade. De aí que aquel orzamento, por un valor de 996.800 millóns de euros, xirase fundamentalmente ao redor de dúas rúbricas, por unha banda o "Crecemento Intelixente, Sustentable e Integrador" (rúbrica 1, 450.700 millóns de euros) para apoiar a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, a competitividade das empresas, o investimento no ensino e as capacidades humanas, pero sobre todo a cohesión económica, social e territorial; e por outro, o "Crecemento sustentable: recursos naturais" (rúbrica 2, 373.100 millóns de euros) que aborda o desenvolvemento da Política Agrícola Común (PAC) nos seus dous piares de "gastos relacionados co mercado e pagos directos" (piar 1) e o "desenvolvemento rural" (piar 2).



	MFP (Tradicional)	NextGenerationEU	TOTAL
1. Mercado Único, Innovación y digitalización	132,8	10,6	143,4
2. Cohesión, Resiliencia y Valores	377,8	721,9	1.099,7
3. Recursos Naturales y Medio Ambiente	356,4	17,5	373,9
4. Migración y Gestión de Fronteras	22,7-		-
5. Seguridad y Defensa	13,2-		13,2
6. Vecindad y Mundo	98,4-		98,4
7. Administración Pública Europea	73,1-		73,1
<b>Total Marco Financeiro Plurianual 2021-2027</b>	<b>1.074,3</b>	<b>750,0</b>	<b>1.824,3</b>

Todas las cantidades están en miles de millones de euros (millardos)  
Fuente: Comisión Europea

Figura 1 MFP 2021-2027 e fondos Next Generation EU

<sup>1</sup> Regulamento (UE, Euratom) 2020/2093 do Consello de 17 de decembro de 2020 polo que se establece o marco financeiro plurianual para o período 2021-2021: <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=DOUE-M-2020-81933>

<sup>2</sup> Prezos de 2018

A **Figura 2** mostra os grandes números dos dous MFP, onde se pode apreciar claramente a desagregación da rúbrica 1 de Crecemento Intelixente e Integrador en dúas novas rúbricas, por unha banda **"Mercado Único, Innovación e Dixitalización"** (rúbrica 1) e por outro, **"Cohesión, Resiliencia e Valores"** (rúbrica 2). Esta división responde ao establecemento por parte da Unión dunha definición e orientación máis clara e precisa da súa política de desenvolvemento, que aposta, por unha banda, de maneira máis forte pola mellora da competitividade a través dun mercado único innovador e dixital, e por outro, mantén o foco nun desenvolvemento cohesionado e converxente, que inviste en accións que posibilitan aos países adaptarse e resistir mellor os cambios, e de maneira particular as crises, apoiando a creación de emprego e o crecemento, e reducindo as disparidades económicas, ademais de basearse en valores de solidariedade, xustiza, dereitos e igualdade de oportunidades.

#### Comparativa de los dos Marcos Financieros Plurianuales

MFP2014-2020	MFP*	MFP2021-2027	MFP**
<b>1. Crecimiento Inteligente e Integrador</b>	<b>450,7</b>	<b>1. Mercado Único, Innovación y digitalización</b>	<b>132,8</b>
1a. Competitividad por el crecimiento y el empleo1	25,6	<b>2. Cohesión, Resiliencia y Valores</b>	<b>377,8</b>
2a. Cohesión económica, social y territorial	325,1		
<b>2. Crecimiento Sostenible: recursos naturales</b>	<b>373,1</b>	<b>3. Recursos Naturales y Medio Ambiente</b>	<b>356,4</b>
Límite gasto relacionado con el mercado y pagos directos (Pilar#1 PAC)	277,85	Límite gasto relacionado con el mercado y pagos directos (Pilar#1 PAC)	258,94
Límite Desarrollo Rural (Pilar#2PAC)	85	Límite Desarrollo Rural (Pilar#2PAC)	77,8
		<b>4. Migración y Gestión de Fronteras</b>	<b>22,7</b>
<b>3. Seguridad y Ciudadanía</b>	<b>15</b>	<b>5. Seguridad y Ciudadanía</b>	<b>13,2</b>
<b>4. Europa Global</b>	<b>58,7</b>	<b>6. Europa GLobal</b>	<b>98,4</b>
5. Administración Pública Europea	61,6	7. Administración Pública Europea	73,1
	<b>Total 996,8</b>		<b>Total 1.074,3</b>

Figura 2 Comparativa dos grandes números dos MFP 2021-2027 e 2014-2020 (Datos: UE, Elaboración propia)

Así mesmo, a primeira rúbrica dá continuidade e fortalece as políticas emprendidas no período anterior, como é o caso do programa Horizonte Europa (76.400 millóns de euros), que sucede a Horizonte 2020, e que agora conta cun orzamento un 10,43% superior, considerando a saída do Reino Unido, ao que ademais lle hai que sumar 5.000 millóns de euros provenientes do instrumento NGEU. Por outra banda, a dixitalización, destinada a desempeñar un papel estratéxico para a economía da Unión, vese apoiada nesta rúbrica por novos programas de máximo calado, como o Programa Europa Dixital e o Mecanismo Conectar Europa.

No que se refire á rúbrica 4 **"Migración e Xestión de Fronteiras"**, que aparece por primeira vez nun MFP, o seu orzamento está destinado fundamentalmente a asistir e apoiar as accións dos países fronteirizos da UE na difícil e delicada xestión da inmigración, principalmente proveniente de África.




No MFP 2021-2027 aprécianse ademais cambios nos títulos dalgunhas rúbricas, como é o caso de Europa Global, que pasa a chamarse **"Veciñanza e o Mundo"**, respondendo a unha reorientación en busca dunha maior efectividade na política exterior, especialmente no referido á implementación da Axenda de Desenvolvemento Sustentable 2030, o Acordo de París sobre o clima, ou o Consenso Europeo sobre desenvolvemento, entre outros.

O novo MFP presenta un orzamento de **1 billón 74.300 millóns de euros**, que á primeira ollada pode interpretarse como só lixeiramente superior ao do seu predecesor. Con todo, se se considera a saída do Reino Unido, consiste nunha subida de ao redor do 12%, e do que non cabe ningunha dúbida é de que pon o foco en impulsar as grandes cuestións clave e de amplo consenso entre os Estados membros cara ás que se debe dirixir a política comunitaria, como son a dixitalización, a protección do medio ambiente e a loita contra o cambio climático, a cohesión económica, a competitividade e o apoio ao crecemento e ao emprego, desde unha óptica de modernización e de defensa dos valores europeos.

## 1.2 Novo instrumento Next Generation EU (NGEU)

Directamente asociado ao MFP 2021-2027, pero como **paquete de fondos** completamente independente, aparece o instrumento temporal de recuperación Next Generation EU (NGEU) co obxectivo de impulsar **as reformas e investimentos necesarios para mitigar o impacto da pandemia da COVID-19** e conseguir que as economías estean mellor preparadas para afrontar os grandes retos europeos que supoñen a transición ecolóxica e a dixitalización.

Para iso, a UE canaliza os fondos a través de 3 piares, que son:

-  **Axudar aos países na súa recuperación:** conforme a criterios marcados pola UE con relación aos ámbitos de aplicación das axudas.
-  **Relanzar a economía e apoio ao investimento privado:** apoiando a sectores e tecnoloxías clave e mobilizando capital.
-  **Aprender da experiencia da crise:** reforzando os programas de saúde e reserva de subministracións esenciais da UE, e promovendo a innovación e a investigación no ámbito sanitario.





O Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) apoiará as reformas e investimentos a máis longo prazo, con impacto duradeiro na produtividade e a resiliencia. O seu ámbito de aplicación estrutúrase en seis piares:

- 1) Transición ecolóxica;
- 2) Transformación dixital;
- 3) Crecemento intelixente, sustentable e integrador, que inclúa a cohesión económica, o emprego, a produtividade, a competitividade, a investigación, o desenvolvemento e a innovación, e un mercado interior que funcione correctamente con pemes sólidas;
- 4) Cohesión social e territorial;
- 5) Saúde e resiliencia económica, social e institucional, con obxecto, entre outros, de aumentar a preparación e capacidade de reacción ante as crises; e
- 6) Políticas para a próxima xeración, a infancia e a mocidade, tales como a educación e o desenvolvemento de capacidades.

O paquete de fondos NGEU suma un total de 750.000 millóns de euros, ver **Figura 3**, que se distribúen en dous grandes bloques, por unha banda o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), por un total de 672.500 millóns de euros, e por outro, seis partidas dirixidas a complementar os orzamentos de senllos programas específicos do MFP 2021-2027 como son REACT-EU, Desenvolvemento Rural (FEADER), Fondo de Transición Xusta, InvestEU, RescEU e Horizonte Europa que están distribuídos polas diferentes rúbricas, pero cabe dicir que o montante maior vai para Cohesión, Resiliencia e Valores, a través do paquete REACT-EU, creado como mecanismo de axuda inmediata e directa ás economías dos Estados membros, para crear medidas de resposta e reparación pola crise do Coronavirus con relación aos mercados de traballo, a asistencia sanitaria e as pemes (apoio á liquidez e solvencia), así como os investimentos para a transición ecolóxica e dixital.

	NGEU*	TOTALES (para cada partida incluíndo MFP tradicional)
<b>Mecanismo de Recuperación y Resiliencia</b>	<b>672,5</b>	<b>673,3</b>
- Subvenciones	312,5	313,3
- Prestamos	360,0	360,0
<b>REACT-EU</b>	<b>47,5</b>	<b>47,5</b>
<b>Desarrollo Rural</b>	<b>7,5</b>	<b>85,4</b>
<b>Fondo de Transición Justa</b>	<b>10,0</b>	<b>17,5</b>
<b>InvestEU</b>	<b>5,6</b>	<b>9,4</b>
<b>RescEU</b>	<b>1,9</b>	<b>3,0</b>
<b>Horizonte Europa</b>	<b>5,0</b>	<b>84,9</b>
<b>TOTAL</b>	<b>750,0</b>	

<b>Subvenciones</b>	<b>390,0</b>
Provisión de garantías de las subvenciones	5,6
<b>Prestamos</b>	<b>360,0</b>
<b>TOTAL</b>	<b>750,0</b>

Figura 3 Rúbricas e cifras do paquete de fondos NGEU (elaboración propia)

Para acceder aos fondos, os Estados membros tiveron que elaborar uns plans de recuperación e resiliencia para os anos 2021-2026, negociados coa Comisión e aprobados polo Consello.

Os fondos que pode recibir cada Estado membro determináronse atendendo a criterios de impacto da pandemia e maiores necesidades de resiliencia. Esta distribución decidiuse en dous tramos: un 70% baseada en indicadores económicos anteriores á emerxencia sanitaria e o restante 30% decídese en 2022 cos datos de evolución 2021 e 2022. Como mínimo un 20% dos fondos que reciban os Estados deberán ir a proxectos relacionados coa transición dixital e un 37% a proxectos que contribúan a alcanzar os obxectivos comunitarios na loita contra o cambio climático.

**O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España** foi aprobado polo Consello en xullo de 2021, tras a aprobación previa por parte da Comisión, por un total de 69.500 millóns de euros. O plan de España dedica o 40% da súa asignación total a medidas de apoio a obxectivos climáticos, tanto en redución de emisións como a mitigar os efectos adversos do cambio climático. Dedicar un 28% a medidas para

a transición dixital, que inclúen á Administración pública, á industria e ás empresas, e un programa específico para a dixitalización das pemes. Así mesmo, aborda medidas nos ámbitos do emprego para reducir a segmentación do mercado laboral e mellorar as políticas activas do mercado de traballo, en educación, nas capacidades políticas e sociais, e a resiliencia e capacidade do sistema sanitario. Introduce medidas de investimento en transición ecolóxica e dixital, a investigación, o desenvolvemento e a innovación, a produción e o uso limpo e eficiente da enerxía, as infraestruturas enerxéticas, a xestión hídrica e dos residuos e o transporte sustentable. Tamén expón medidas para mellorar o clima empresarial, con actuacións importantes para mellorar a normativa, reducir a morosidade e reformar o marco de insolvencia e a contratación pública, así como no ámbito das finanzas públicas, incluídas as reformas do sistema de exame do gasto, o sistema fiscal e o sistema de pensións.

Por último, cómpre sinalar que o plan español inclúe proxectos emblemáticos de investimento nos sete ámbitos marcados pola Comisión, onde destacan 6.100 millóns de euros para investir en tecnoloxías limpas e acelerar o desenvolvemento e o uso das enerxías renovables, e 7.800 millóns de euros para mellorar a eficiencia enerxética dos edificios públicos e privados. Outras medidas refírense á iniciativa emblemática europea «Recarga e reposición» con investimentos en recarga, o fomento da infraestrutura de vehículos eléctricos e a promoción da mobilidade sustentable.

### 1.3 Galicia ante o novo marco financeiro comunitario 2021-2027

Galicia acolle o novo período orzamentario baixo a dobre perspectiva dos dous grandes bloques de fondos que o compoñen. Con relación ao Marco Financeiro Plurianual, a política de cohesión, dirixida ao desenvolvemento rexional, mantense nunha dotación similar á do período 14-20. Por primeira vez, Galicia encádrase dentro da categoría de “rexións en transición”, descendendo desde a categoría de “rexión máis desenvolvida” no período anterior. A pesar deste descenso, segundo o método de repartición aprobado para o novo período, a súa asignación teórica de fondos vese reducida en preto dun 40% ao deixar de beneficiarse da rede de seguridade que lle foi concedida para o período anterior por saír por primeira vez do grupo de “rexións menos desenvolvidas”. A Xunta de Galicia, apoiada pola Fundación Galicia Europa, alertou sobre esta situación en Bruxelas demandando que as rexións que descendan de categoría non poidan ver reducidas as súas asignacións teóricas. Despois de conseguir que o Parlamento Europeo e o Comité Europeo das Rexións recollen esta demanda nos seus respectivos posicionamentos, o Regulamento de Disposicións Comúns dos fondos recolle finalmente unha invitación aos Estados membros para que teñan este factor en conta á hora de decidir a repartición interna dos fondos.

Segundo esta recomendación, o estado español utilizou finalmente un criterio de repartición entre CCAA acorde cos argumentos defendidos por Galicia: a ganancia ou perda respecto ao período anterior en función da categoría de rexión en que se encadre cada comunidade. Desta forma,

Galicia aumenta finalmente un 8,1% da súa dotación respecto ao período anterior, cunha asignación total de 3.150 M€ para FEDER e FSE+.

Polo que se refire ao paquete de **fondos NGEU**, cabe dicir que a crise da COVID-19 alterou gravemente a economía galega, contraendo nun 8,9% o PIB, cando mantiña unha tendencia de crecemento desde 2014, cunha taxa de paro do 11,8% a finais de decembro de 2019, e alcanzando unha renda per cápita por enriba do 90% da media nacional en 2020. Dito isto, Galicia xa definiu a súa **“Estratexia para a transformación de Galicia”<sup>3</sup>** que expón un modelo de crecemento económico baseado na innovación, a formación e capacitación dos cidadáns, así como a modernización de Galicia, fomentando o emprendemento, a internacionalización, a cohesión e a sustentabilidade. Para aproveitar os fondos NGEU, o Plan establece os campos prioritarios de investimento da Comunidade identificando 355 proxectos privados e públicos cun investimento de 20.000 millóns de euros.






## 2. Os fondos comunitarios na práctica

3. <http://www.nextgenerationgalicia.gal/documents/20548298/20553642/estrategia-transformacion-Galicia-é.pdf>

## 2. Os fondos comunitarios na práctica

Os recursos económicos comunitarios que aparecen nas distintas rúbricas canalízanse a través de **programas** específicos e **fondos** creados a efectos concretos que, debidamente regulados e executados, aseguren a correcta distribución e uso das súas asignacións, e conforme aos fins para os que se estableceron. Estes poden chegar aos seus destinatarios finais en forma de subvencións, axudas, premios, contratos públicos ou instrumentos financeiros como préstamos, garantías e mesmo a participación en capital.

Aínda que sempre é responsable da súa execución, a Comisión non sempre participa ou realiza a xestión propiamente dos recursos nas súas diferentes iniciativas, polo que establece controis rigorosos e efectivos sobre o como se gastan eses fondos. Isto engade certa complexidade á hora de entender o funcionamento dos programas, xa que poden intervir actores intermedios que incorporan novos requirimentos, o que significa que, para acceder ao financiamento que outorga un determinado programa, o solicitante deberá identificar e seguir coidadosamente as instrucións sobre como presentar a súa solicitude. Cada convocatoria é única. Os programas pódense executar por parte da Comisión de tres maneiras en función da forma de xestión do financiamento:

-  **Xestión directa:** a Comisión xestiona directamente o financiamento do programa.
-  **Xestión compartida:** a xestión do financiamento do programa realízase conxuntamente pola Comisión e as autoridades nacionais do país que recibe a axuda.
-  **Xestión indirecta:** realizada por organizacións asociadas de dentro ou fóra da UE que xestionan o financiamento.

### 2.1 Modelo de xestión directa

No modelo de xestión directa, a Comisión encárgase de todos os pasos na execución do programa, desde o lanzamento das convocatorias, a comunicación das mesmas, a avaliación das propostas, a firma de contratos, etc... As tarefas realízanse desde as dependencias da Comisión ou nas súas delegacións, ou a través das súas axencias executivas, sen a intervención de terceiros. Trátase de financiamento para obxectivos específicos e de carácter temático como a I+D+i, educación, medioambiente ou emprego, deseñados desde distintas direccións xerais da Comisión.






### 2.2 Modelo de xestión compartida

Neste modelo, a Comisión e os ministerios e institucións públicas dos Estados membros xestionan conxuntamente os fondos. Ao redor do 70% dos programas da UE se executan deste xeito. O mecanismo habitual é que o Marco Financeiro Plurianual asigne uns fondos a distribuír entre os Estados membros para satisfacer unhas determinadas políticas, e se establezan uns regulamentos para a xestión dos devanditos fondos por parte destes. Despois, é labor dos Estados membros distribuílos, ben directamente aos solicitantes mediante convocatorias de proxectos ou subvencións a través programas a nivel nacional, ou distribuílos entre as rexións, que procederán igualmente establecendo os seus propios programas e mecanismos.

Por exemplo, a Política Agrícola Común (PAC), dispón do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA), co seu Programa de Pagos Directos co que apoia aos agricultores, e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), co seu Programa Nacional de Desenvolvemento Rural, cofinanciado polos Estados, que aborda iniciativas de mellora do clima e o medioambiente, así como a mellora da competitividade do sector agrícola e forestal, financiando aos grupos de desenvolvemento rural. Por primeira vez, a programación de ámbolos dous fondos estará guiada por un plan estratéxico pola nova PAC 21-27.

De maneira similar, a Política de Cohesión europea finánciase fundamentalmente a través de tres grandes fondos:

-  Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)
-  Fondo Social Europeo Plus (FSE+)
-  Fondo de Cohesión (FC)

Os dous primeiros conforman os Fondos Estruturais. Estes tres fondos manteñen un Regulamento sobre as Disposicións Comúns<sup>4</sup> (RDC) ademais duns regulamentos particulares para cada un, conforme aos cales, mediante acordos particulares entre a UE e cada un dos Estados membros, se establecen os programas, neste caso denominados Programas Operativos, aos que se lle asignará a repartición dos fondos previa aprobación por parte da Comisión. A partir de aí, os Estados membros distribuirán os fondos conforme aos programas e iniciativas aprobadas, e coa consecuente repartición segundo proceda ás rexións correspondentes.



### 2.3 Modelo de xestión indirecta

Trátase de programas de financiamento executados parcial ou totalmente por entidades como autoridades nacionais de terceiros países ou organizacións internacionais. Son proxectos referidos na súa maioría á acción exterior en ámbitos coma a axuda humanitaria e o desenvolvemento internacional. Representan aproximadamente o 10% do orzamento total da UE.

Algúns exemplos de organismos aos que se adoita solicitar a xestión destes fondos son: Nacións Unidas e os seus organismos afíns, o Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional, Banco Europeo de Investimentos, o Fondo Europeo de Investimentos, axencias descentralizadas como o Centro Europeo para a Prevención e o Control de Enfermidades, a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria, a Axencia Europea de Gardacostas, EuroHPC, Axencias nacionais Erasmus+...

<sup>4</sup> Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.



# 3. Manual de elaboración de proxectos europeos

## 3. Manual de elaboración de proxectos europeos

### 3.1 Introducción aos proxectos europeos

A maneira en que a UE aborda a solicitude de propostas para o acceso ás axudas e instrumentos financeiros a través das súas diversas convocatorias de programas foi evolucionando co tempo, madurando en moitos aspectos, como no que se refire aos conceptos e aspectos que se deben recoller nas propostas, e tamén avanzando cara a unha certa homoxeneidade, aínda que axustándose aos elementos diferenciais necesarios conforme ás temáticas específicas e características esenciais que cada programa require. En consecuencia, foise creando un “marco común” referido aos requisitos e á maneira de presentar as propostas que se estende aos procesos e forma en que se xestionan as convocatorias por parte da Comisión, e loxicamente aos compromisos e obrigacións nos que se incorren tanto por parte da Comisión como polos participantes antes, durante e despois da execución dos proxectos. Isto, que vén en chamarse “Proxectos Europeos” é o que aborda este manual que esperamos sexa de utilidade para aqueles que se propoñen por primeira vez acceder a algún destes programas e que sirva para asentar ideas e, se fose posible, achegar nova luz ou resolver as dúbidas de quen xa ten certa experiencia neste ámbito.

#### 3.1.1 Definición de proxecto europeo

Enténdese por proxecto europeo aquel establecido por **colaboración entre entidades de diferentes Estados membros**, que dá resposta á solicitude dunha convocatoria que emana dun programa europeo, polo xeral, baixo o modelo de xestión directa.

#### 3.1.2 Principais características dos proxectos europeos

O máis relevante referido aos proxectos europeos é que **dan resposta a necesidades e problemas reais compartidos polas entidades participantes para buscar solucións conxuntas**. Por outra banda, ao estar baixo o paraugas dos programas europeos, **responden a intereses de políticas comunitarias**, polo que se consegue así o aliñamento da oferta e da demanda. Por outra banda, co fin de fortalecer as propostas e promover a colaboración entre entidades e institucións dos Estados membros, requiren da participación de entidades de diferentes Estados. Ao anterior hai que engadir outras características esenciais dos proxectos europeos como:

O “**Valor engadido europeo**”, polo que se require que as propostas xeren elementos de interese e relevancia máis aló do seu ámbito directo de aplicación, traducido na existencia combinada ou non dos factores seguintes::



**Innovación:** a innovación pode estar relacionada coa tipoloxía dos problemas abordados, os tipos de actividades que se realizan para iso, a metodoloxía, os beneficiarios, o ámbito xeográfico de aplicación, etc.



**Carácter piloto ou de demostración:** os proxectos europeos teñen en moitos casos un carácter de “experimentación”, proporcionando a oportunidade de “probar” con algún elemento ou campo de traballo nos que probablemente non se podería experimentar nin abordar sen o financiamento europeo.



**Transnacionalidade:** este concepto debe interpretarse no sentido de que teña un partenariado transnacional, normalmente con organizacións de diferentes países e que os resultados sexan trasladables a outros lugares de Europa.



**Efecto multiplicador:** relacionado co “efecto panca”, isto é, que tanto o problema como a solución que se adopten deben ser facilmente extensibles, os resultados deben poder difundirse, e á vez, a súa execución se poida transferir a toda a UE mediante os medios e recursos observados no propio proxecto.



**Cofinanciamento**, polo que as entidades beneficiarias deben achegar unha porcentaxe predeterminado do custo total do proxecto, que se suma ao financiamento comunitario. Por outra banda, os proxectos europeos tamén requiren dun esforzo especial de xestión para as organizacións implicadas, que deben traballar no marco dunha rede transnacional, cos recursos humanos das características e perfís adecuados, con aspectos que inflúen na contabilidade da entidade, mesmo con outras interferencias sobre o normal funcionamento das organizacións.

“**Sustentabilidade**” do proxecto, polo que os seus efectos, resultados e produtos deben ter capacidade de perdurar máis aló do período para o que se aprobou o financiamento comunitario. É importante sinalar a **dimensión cíclica** destes proxectos, que parten da programación europea e xeran resultados que acaban sendo incorporados para volver a programarse de novo, nun proceso continuo de manter en movemento a roda da innovación.

Por último, os proxectos europeos poñen a atención en principios **horizontais como o desenvolvemento sustentable, a igualdade de oportunidades e non discriminación, igualdade entre homes e mulleres** formando parte estes tamén dos seus requirimentos.



### 3.1.3 Os primeiros pasos cara aos proxectos europeos

O elemento fundamental que serve de articulador dun programa europeo son as súas convocatorias (Calls) ás que acceden quen busca financiamento para os seus proxectos. Para cada programa europeo establécese un **programa de traballo<sup>5</sup> (Work Programme)** que cobre normalmente o período de un ou dous anos, e divídese á súa vez en **Partes** para unha mellor xestión dos seus bloques estratéxicos ou liñas de actuación.

De cada unha desas Partes do programa de traballo xorden á súa vez diferentes **temáticas (Topics)** que constitúen o **auténtico primeiro nivel no que se adscriben os proxectos chamados á convocatoria**, de aí a súa importancia, tanto desde o punto de vista da Comisión como dos propios participantes, porque marcan os logros esperados, o alcance de actuación, e dirixen o foco que abordarán os proxectos.

Os *Topics*, así mesmo, responden a diferentes modos ou esquemas de financiamento denominados **tipos de acción (Types of Action)** polo que se refire ao alcance das actividades que se financian, os criterios de adxudicación, as taxas de reembolso, e nalgúns casos a propia forma do financiamento, como pode ser a adxudicación dunha subvención en base a un orzamento (*budget-based*), por importe global (*lump sum*), premio, compra, instrumento de débeda e participación, etc.

Cómpre sinalar que algúns programas, como Horizonte Europa, Europa Dixital, Mecanismo Conectar Europa ou o Programa de Mercado Único, crearon mesmo os seus propios tipos de accións. Así, Horizonte Europa diferencia entre Accións de Investigación e Innovación (*Research and Innovation Actions, RIA*), Accións de Innovación (*Innovation Actions, IA*), Accións de Coordinación e Apoio (*Coordination and Support Actions, CSA*), Compras pre-Comerciais, Compra Pública de Solucións Innovadoras, etc.

Resumindo, para identificar a convocatoria que mellor se axusta á idea de proxecto que se teña, o primeiro é identificar o programa de traballo para o ano de vixencia. Da listaxe de Convocatorias que aparezan, deberase proceder á lectura detallada do *topic* e o tipo de acción, e despois disto, seguramente convirá analizar a idea e o seu enfoque de actuación de novo, conformándoa de xeito que responda de forma máis precisa e clara ao demandado no *topic* de maior interese.

<sup>5</sup> O programa de traballo para un período establécese en base a un acordo da Comisión coa asistencia do Comité do Programa no que se provén detalles adicionais sobre as prioridades, obxectivos e temas do programa, de cara ao lanzamento das convocatorias de proxectos. Por este motivo, a identificación abreviada das convocatorias inclúe a abreviatura do Programa de Traballo xunto ao ano. Exemplo: Horizon-CL6-2021-Governance 01. CL6 (Cluster 6: Alimentos, Bioeconomías Recursos Naturais, Agricultura e Medio) é o Programa de Traballo e 2021 é o ano. Adicionalmente, Governance 01 identifica o *Topic* Tipo de Acción.



## 3.2 Ciclo de vida dun proxecto europeo

Os proxectos teñen a súa orixe nunha **idea** que adoita responder a un problema que se quere resolver, a unha inquietude sobre algo que move ao desenvolvemento de accións de verificación e adquisición de maior coñecemento, ou unha oportunidade cuxo valor se quere aproveitar, sempre dentro dun ámbito de actuación e ao redor de áreas de coñecemento concretas. Unha vez que se toma a determinación de seguir adiante cun proxecto, convirá axustalo cos requisitos e prioridades do programa de que se trate, de modo que se obteña unha análise da viabilidade do mesmo (**idea viable**). Xunto á idea de proxecto, aparece o segundo aspecto primordial nun proxecto europeo, que é con quen asociarse para cumprir os requirimentos da convocatoria e que ademais facilite o desenvolvemento do proxecto e o alcance de obxectivos no que se refire a coñecemento, capacidades e recursos que complementen ou suplementen aqueles dos que xa se dispón. Isto é o que vén a chamarse o **partenariado do proxecto**, xa que adoitan ser varios socios os que se agrupan en torno ao proxecto, cada un con diferentes roles e atribucións. Para iso, é habitual o establecemento de acordos previos baixo a forma de cartas de intención (*Letters of Intention, LOIs*) ou acordos de entendemento (*Memoranda of Understanding, MoUs*), que permiten comezar a traballar e intercambiar coñecementos a través de documentos, limitando os riscos sobre os dereitos de propiedade intelectual

e industrial. Estes acordos evolucionarán posteriormente á formalización de acordos de Consorcio axustados ás necesidades de cada convocatoria e o tipo de acción.

Comeza entón a **preparación da proposta**, referida ao conxunto de tarefas administrativas e técnicas, baixo a dirección e supervisión do socio líder do proxecto, denominado "coordinador", que tamén se encargará en gran medida da súa redacción e de incorporala á plataforma dixital de presentación de candidaturas, o Portal de Financiamento e Licitación da UE<sup>6</sup> (*EU Funding & Tenders Portal*), para a súa tramitación electrónica.

Unha vez presentada, a proposta é **avaliada e validada pola Autoridade Outorgante da Axuda**, un comité formado por persoal da Comisión e asistido por avaliadores externos. Se o proxecto europeo é aprobado por parte da Comisión, empeza a **fase de execución**, cuxo aspecto máis importante é a "coordinación do proxecto" que inclúe a coordinación do avance e as actuacións cos socios, a xestión económico-financeira e a elaboración de informes e comunicación coa entidade xestora a través do responsable do proxecto (*Project Officer*) asignado. Finalmente, o ciclo de vida péchase cunha última fase de diseminación e explotación dos resultados.

Todo este ciclo, resúmese na **Figura 4**.




Figura 4 O ciclo de vida dun proxecto europeo (Elaboración propia)

### 3.2.1 Da idea á presentación

Non convén subestimar a preparación dun proxecto por consideralo un aspecto meramente técnico. A fase de preparación é quizais a menos visible, pero ao mesmo tempo é a máis importante porque é na que se establecen os fundamentos do propio proxecto, achegando luz para tomar decisións sobre a determinación mesma de participar ou non.

#### Xeración da idea do proxecto

A orixe dunha idea de proxecto está na **necesidade de dar resposta a un problema ou unha cuestión relevante** ou importante, entendendo por iso o grao en que esa cuestión afecta a calquera aspecto dentro da área de interese da Comisión Europea desde o punto de vista económico, político, social, económico, tecnolóxico-científico ou ambiental. A partir de aí, é preciso pensar en como se pode contribuír á resolución desa cuestión desde un enfoque propio e particular da mesma, cos coñecementos, capacidades e recursos dos que se dispón hoxe, pero tamén con aqueles cos que se poderían ter cos aliados e recursos adecuados. Xa se viu que os proxectos europeos teñen, polo xeral, un marcado carácter colaborativo, pero ademais, de rara vez xorden e se xestan por un só grupo ou entidade de maneira illada, senón que son froito dun intercambio de ideas e inquietudes compartidas, a miúdo durante un certo período de tempo, e con sucesivos reenfoques e proposicións por parte de grupos de persoas. Este proceso achega consistencia á idea, facéndoa cada vez máis tanxible, desenvolvendo como se podería implementar en forma de proxecto, e sobre todo definindo cada vez con maior claridade os resultados que poderían obterse da colaboración, os seus efectos no medio prazo sobre a cuestión, e finalmente o impacto alcanzable desde unha perspectiva de conxunto.

O primeiro paso despois de identificar a idea de proxecto en canto a ámbito de acción e área de coñecemento consiste en solicitar e analizar toda a documentación relevante acerca das convocatorias vixentes para asegurarse de que a idea se axusta a algunha delas (idea viable) polo que se refire ao programa en si, a súa parte do programa de traballo, e concretamente lendo e analizando os seus respectivos *topics*, así como o **tipos de acción**, o que nos dará unha idea de como será o noso proxecto en canto a tamaño, tipoloxía das actuacións e axudas que se describen. Ademais, as descrições das convocatorias inclúen outros documentos de interese como o de preguntas habituais (*Frequently Asked Questions, FAQs*) e guías de carácter máis xeral, así como vínculos a servizos de interese como o servizo de apoio (*helpdesk*), entre outros. Se a convocatoria do proxecto en cuestión estivese aberta, isto é, que estivese en vigor o prazo de presentación de propostas, coa posibilidade de descargar outros documentos, como os propios formularios da convocatoria. ,

#### RECOMENDACIÓN

É moi importante revisar, por tanto toda a información e documentación da convocatoria (regulamento do programa, programa de traballo anual ou bianual, e a propia convocatoria) para asegurar a aliñación da idea e a súa viabilidade.

6 [https://ec.europa.eu/info/funding-tenders\\_es](https://ec.europa.eu/info/funding-tenders_es)

## Contraste da idea

O anterior pode limitar os contidos e enfoque de actuación do proxecto, obrigando a realizar adaptacións conforme a como se tiña exposto. Con todo, é moi importante considerar que, para afrontar con garantías a consecución de financiamento para un proxecto, é preciso asegurar o perfecto aliñamento da idea, e posteriormente da proposta, coas condicións da convocatoria. Para iso, sempre é conveniente contrastar a idea do proxecto co **Punto de Contacto Nacional**<sup>7</sup> específico do programa cando existe. Tamén convén porse en contacto co **organismo xestor** responsable do programa por parte da **Comisión Europea** para obter a súa apreciación acerca das posibilidades do proxecto para ser financiado.

## Procura de Socios

A maioría das convocatorias de axudas van dirixidas a consorcios formados por uns beneficiarios que son os socios. Para iso, requírese analizar a fondo e definir os seus perfís conforme aos obxectivos específicos do proxecto, debidamente aliñados cos da convocatoria elixida. Os aspectos que adoitan terse en conta son principalmente as áreas de especialización ou coñecemento requiridos e que aínda non están cubertos para a realización do proxecto, pero ademais concorren outros aspectos a considerar na definición e valoración dos perfís como son a experiencia e referencias na actividade concreta do proxecto, o tipo de entidade, a súa cobertura xeográfica, etc.



## RECOMENDACIÓN

O tempo xoga en todo isto un papel moi importante e convén anticipar estas accións todo o posible, xa que poden supor cambios nas formulacións da idea orixinal, nos socios cos que imos participar, e mesmo no tempo e recursos necesarios para preparar a proposta.

## RECOMENDACIÓN

Á hora de definir os socios dun consorcio, é recomendable axustarse aos obxectivos, pero tamén convén ser realistas sobre o que realmente se pode alcanzar co partenariado dispoñible. A boa colaboración no referente ás relacións e comunicación entre as persoas é tamén un factor de éxito para o proxecto, polo que é conveniente coidar este aspecto. Sempre é preferible actuar sen risco, e por tanto, establecer colaboracións con quen xa se ten boa experiencia previa, o que facilita a creación dun equipo, formando un sólido núcleo duro da iniciativa, a partir do cal se pode ir ampliando, e acudindo a outros para completar o partenariado cos perfís que aínda falten.

Polo que se refire ao modo de participar, a Comisión establece catro tipos de participación nos consorcios, que a continuación describimos:



**Coordinador:** é o socio que lidera o proxecto de cara á Comisión e só pode haber un. Hai que nomealo para lanzar a solicitude, pero pódese cambiar posteriormente antes de enviar a proposta. É un **beneficiario** da axuda.



**Socios:** son participantes, polo xeral con tarefas asignadas e un nivel alto de participación, contribuíndo á correcta administración da axuda. Son tamén **beneficiarios** da axuda.



**Entidades afiliadas:** son entidades ligadas a calquera dos socios, ben a través dun nexo legal ou de capital, ou como membros dunha asociación. Poden participar na acción e reclamar custos. Deben cumprir con todas condicións de elixibilidade como o resto dos socios, pero non teñen o carácter de beneficiarios.



**Asociados:** contribúen no proxecto pero non poden reclamar custos. Normalmente non están ligados a ningún socio e non teñen que cumprir con condicións de elixibilidade.

Polo xeral, os programas requiren que os participantes (beneficiarios e entidades afiliadas) sexan entidades legalmente establecidas (públicas, privadas, organizacións internacionais) nun país da UE, do Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega, se optaron por estar dentro do programa), ou outros países asociados ao programa concreto mediante o pago dunha contribución.

A Comisión facilita a procura de socios a través de diferentes ferramentas:

**Portal Partner Search**<sup>8</sup>: é unha función do Portal Financiamento e Licitación da Comisión que permite atopar entidades que recibiron fondos con anterioridade, podendo realizar buscas por convocatorias e os seus correspondentes *topics*. Ademais, hai servizos de apoio nos directorios que se mostran na web de Servizos de Axuda e Apoio<sup>9</sup> do Portal Financiamento e Licitación.

**Base de Datos de Oportunidades de**

**Cooperación da Enterprise Europe Network**<sup>10</sup>: a *Enterprise Europe Network (EEN)* proporciona un gran número de perfís tecnolóxicos e de innovación de compañías internacionais e centros de investigación que axudan a identificar socios. Actualízase semanalmente con novos perfís. Todos os perfís se publican de forma anónima.

Mediante unha adecuada comunicación do proxecto é máis fácil obter respostas por parte de potenciais interesados. A participación e celebración de xornadas **informativas (Infodays), seminarios e a asistencia a eventos de networking** poden ser de enorme utilidade para iso.



<sup>7</sup> Os Puntos Nacionais de Contacto son institucións públicas a nivel de Estados membros que colaboran coa Comisión nos distintos programas. Para atopalos, entrar en: <https://ec.europa.eu/info/funding-tenders/opportunities/portal/screen/support/ncp>

<sup>8</sup> <https://ec.europa.eu/info/funding-tenders/opportunities/portal/screen/how-to-participate/partner-search>

<sup>9</sup> <https://ec.europa.eu/info/funding-tenders/opportunities/portal/screen/support/helpdesks/programCode=EFC>

<sup>10</sup> <https://een.ec.europa.eu/partners>

## Redacción da proposta

Cando se proceda á redacción da proposta, xa se debe ter construído un proxecto coherente internamente, respondendo a unha **necesidade común** e claramente definida. Así mesmo, xa se debería ter constituído ou cando menos sentado as bases dun **consorcio equilibrado** en todos os aspectos requiridos pola convocatoria e un **equipo de traballo** con roles e tarefas asignadas para empezar a redacción en base á especialización de cada socio.

O primeiro paso do proceso de redacción debe consistir, unha vez máis, nunha lectura *ex profeso* e coidadosa de todos os documentos relacionados coa proposta, así como os formularios e guías dispoñibles na páxina da convocatoria.

As propostas de proxectos europeos redáctanse conforme aos **formularios de solicitude** (*Application Forms*) que se estruturan xeralmente en dúas partes:



**Formulario administrativo (Parte A):** contén de maneira estruturada os **datos dos participantes**, persoas de contacto, declaracións legais e, por regra xeral, o resumo (*abstract*) do proxecto e orzamento.



**Formulario técnico (Parte B):** é a parte narrativa onde se recolle a **descripción técnica** detallada do proxecto coa planificación de actividades (*paquetes de traballo, fitos e entregables, división de responsabilidades e recursos, cronograma, estrutura de xestión do proxecto, actividades de comunicación, diseminación e explotación, e custos*). Esta parte debe prepararse por adiantado utilizando o modelo (*template*) que se descarga da páxina da convocatoria. Incluirá ademais anexos e documentos de apoio se as condicións da convocatoria o requiren, como táboas de orzamento detalladas, declaracións das autoridades nacionais, CVs, informes, cartas de interese, acordos de entendemento, etc.

### RECOMENDACIÓN

Débase ser realista sobre o que se pode conseguir en cada proxecto. O alcance debe ser o suficientemente longo para marcar diferenza pero non debe xerar un número excesivo de resultados polo risco de que os avaliadores, e mesmo os propios solicitantes, perdan o foco do que realmente busca o proxecto. Neste sentido, é conveniente referirse a resultados de orde maior e non incluír cuestións de pouca importancia como actas de reunións, etc.

É moi importante que a persoa da organización coordinadora que creou a proposta tamén sexa a que a finalice, e deberá asegurarse de que ten o **mandato explícito de todos os participantes** para, no seu momento, enviar a solicitude. Deberá así mesmo realizar a **revisión de calidade**, cuxos puntos máis importantes se recollen no seguinte cadro:

#### Funcións do coordinador na redacción da proposta:

Asegurar a coherencia entre a Parte A e a Parte B

Asegurar a conformidade cos obxectivos e resultados da convocatoria

Asegurar que se cumpren todos os criterios de elixibilidade da proposta

Obter o mandato explícito de todos os socios para presentar a proposta

Realizar a revisión de calidade

Táboa 1 Funcións do Coordinador na redacción das propostas

## Presentación da proposta

As propostas son creadas e enviadas por parte dunha persoa de contacto da organización coordinadora, normalmente a través dunha plataforma online específica do programa (aínda que como xa se indicaba anteriormente, neste período, moitos dos programas utilizarán o **Portal do Sistema de Solicitudes** (*Portal Submission System*)).

Para a presentación da proposta, é necesario obter previamente unha conta persoal rexistrada en **EU Login**<sup>11</sup>, o servizo de autenticación da Comisión Europea (*European Commission Authentication System, ECAS*). Para rexistrarse, só se require o nome, a dirección de email e un contrasinal. Un mesmo nome pode rexistrarse varias veces con diferentes contas de email, de maneira que a mesma persoa pode acceder e operar baixo diferentes perfís segundo proceda.

O segundo paso consiste en rexistrarse como participante, que se formaliza a través da obtención do número de PIC (*Participant Identification Code*), o identificador único para as organizacións consistente en 9 díxitos, e ao que se accede a través do **Portal de Rexistro do Participante**<sup>12</sup>. O tipo de información que se proporciona é a básica administrativa e a legal, así como datos de contacto.

A partir deste momento, o participante poderá entrar no Portal e proceder á presentación da súa proposta, para o que se activará o **Asistente de Presentación** (*Submission Wizard*), para avanzar paso a paso segundo as súas indicacións, procedendo en primeiro lugar ao pre-rexistro do borrador de proposta coa introdución de información administrativa.

O seguinte paso consiste en rexistrar a todos os participantes (Beneficiarios, Entidades Afiliadas e Asociados) que deberán á súa vez dispor do seu PIC correspondente. O Coordinador do proxecto identificarase tamén como tal neste proceso, así como o resto dos participantes.

Unha vez cumprimentada a parte Administrativa, procederase a subir a Parte Técnica e os anexos ao Portal.

### RECOMENDACIÓN

Para evitar a creación de PICs duplicados, é conveniente verificar se a organización xa está rexistrada. Para iso, o mesmo Portal de Rexistro do Participante dispón dunha función de procura de PICs (Search a PIC). O número de PIC obtido é provisional, aínda que plenamente operativo para todos os efectos de presentación da proposta. Só unha vez que a proposta se declara merecedora da axuda, a organización será contactada para a validación dos datos de rexistro do PIC.

### RECOMENDACIÓN

para evitar atoparse con problemas técnicos relacionados co funcionamento do Portal a última hora, recoméndase que se presente a proposta polo menos 48 horas antes da data de peche. A maioría dos programas permiten presentar propostas tantas veces como se queira, e cada nova presentación substituirá á anterior, permanecendo selada e pechada, sen posibilidade de acceso a ninguén ata a data límite da convocatoria, polo que non hai motivo para atrasar a entrega.

<sup>11</sup> European Commission Authentication Service <https://webgate.ec.europa.eu/cas/eim/external/register.cgi>

<sup>12</sup> <https://ec.europa.eu/info/funding-tenders/opportunities/portal/screen/how-to-participate/participant-register>

Antes de presentar a oferta, é conveniente asegurarse de que:

- ✓ Está completa, é lexible, accesible e imprimible, así como que non excede os límites de páxinas. As páxinas que excedan o máximo permitido serán invisibles para os avaliadores.
- 📄 Cumpre con todas as condicións da convocatoria.
- 📄 Incorporáronse todas as declaracións requiridas.

### RECOMENDACIÓN

por regra xeral, os programas tamén publican os criterios e **Formularios de Avaliación**<sup>13</sup>. É recomendable utilízalos para valorar a calidade da proposta e mellorar nos aspectos que o requira, como avaliación previa da candidatura.

### 3.2.2 Avaliación de propostas

Ao presentar a proposta, a Comisión comprobará a súa admisibilidade e a súa elixibilidade:

- 📄 **Admisibilidade:** consiste na verificación de que a proposta está completa e presentada conforme está establecido no *Topic*, isto é, que está presentada a través do Sistema de Presentación antes da data límite e que é lexible, accesible e imprimible.
- 📄 **Elixibilidade:** consiste na verificación de que cumpre os criterios de elixibilidade conforme ao *Topic* e outros documentos da convocatoria.

En caso negativo, envíase unha **carta de rexeitamento** aos participantes, declarando a inadmisibilidade/ou inexibilidade do proxecto. En caso positivo, a proposta envíase a un **Comité de Avaliación (Panel)**, composto por persoal da **Autoridade responsable da concesión (Granting Authority)** da UE, e asistidos a miúdo por expertos externos.

As propostas son avaliadas e puntuadas conforme a uns determinados **criterios de concesión (award criteria)**. De maneira xeral, a maioría dos programas avalían tres parámetros de calidade: **(1) relevancia do proxecto, (2) calidade e (3) impacto**. Porén, os títulos a miúdo cambian e, á súa vez, desagreganse noutros aspectos a avaliar. A ponderación de cada un dos criterios para a puntuación final tamén varía en función

das convocatorias. Así mesmo, para que a unha proposta lle sexa concedida a axuda, terá que pasar a **nota de corte (threshold)** para cada criterio individual e estar tamén por riba da nota de corte para o conxunto. Ademais, para poder obter a axuda, debe estar situada suficientemente por riba da nota de corte para poder acceder aos fondos dispoñibles, que son limitados.



<sup>13</sup> [https://ec.europa.eu/info/funding-tenders/opportunities/docs/2021-2027/common/guidance/aga\\_en.pdf](https://ec.europa.eu/info/funding-tenders/opportunities/docs/2021-2027/common/guidance/aga_en.pdf)

Unha vez avaliados os proxectos, o Panel listará as avaliacións que estean por enriba da nota de corte nun **ranking**, e dará unha orde de prioridade ás avaliacións coa mesma puntuación conforme ao procedemento de desempate que se estableceran. En base ao **informe** e a **lista de ranking final** elaborada polo Panel, a Autoridade responsable da concesión revisa os resultados, compón a lista de ranking final e informa aos participantes.

Nalgunhas ocasións, tras a avaliación e a firma do contrato, existe unha fase de negociación, que permite que certos aspectos do proxecto, especialmente de tipo orzamentario poidan ser revisados.

### RECOMENDACIÓN

tendo en conta o volume de candidaturas presentadas a unha convocatoria, é importante demostrar a máxima excelencia do proxecto, asegurando que se dá resposta ao que espera a Comisión, e utilizando na medida do posible os conceptos e termos específicos que se manexan na convocatoria.

### 3.2.3 Execución dos proxectos

Inmediatamente despois de notificar aos participantes a concesión da Axuda para o proxecto, a Comisión envíalles unha carta de invitación para preparar o Acordo de Concesión da Axuda (*Grant Agreement, GA*), e que consiste en preparar o Sistema de Xestión da Axuda do Portal de Financiamento e Licitación:

- Introducir a información legal, administrativa e financeira dos participantes.
- Incorporar a **Descrición da Acción (contido técnico do proxecto)**.
- Introducir o orzamento.
- Introducir información específica do proxecto, como cando empeza, os períodos de *reporting*, a cantidade pre-financiada, opcións do GA e outros.
- Incorporar os documentos requiridos para a firma do GA, como as declaracións de honra (*Declarations of Honour, DoH*)

É importante sinalar que as cláusulas dos Acordos de Concesión da UE son comúns para case todos os Programas. Véxase o Acordo Anotado de Concesión da Axuda<sup>14</sup> (*Annotated Grant Agreement, AGA*).

Todos os participantes colaborarán na preparación do Acordo, pero será o coordinador quen leve a cabo a maior parte do traballo. Unha vez preparado o documento e discutido e validado cos socios, procédese á firma, que adoita comezar coa do coordinador, e despois coa da Comisión. Os outros beneficiarios non asinan o acordo, senón que se vinculan a el a través doutros documentos, como son os formularios de adhesión en programas como Horizonte Europa ou os acordos de consorcio en programas como Interreg. As entidades afiliadas e asociados non asinan nin son parte do Acordo de Concesión da Axuda (GA).

<sup>14</sup> [https://ec.europa.eu/info/funding-tenders/opportunities/docs/2021-2027/common/guidance/aga\\_en.pdf](https://ec.europa.eu/info/funding-tenders/opportunities/docs/2021-2027/common/guidance/aga_en.pdf)

## A coordinación e organización do proxecto

A organización coordinadora ou coordinador é o responsable de xestionar o proxecto, enviando informes, "entregables", e actuando de interlocutor fronte á Comisión, concretamente, ante o **técnico do proxecto** (*Project Officer, PO*) asignado pola Autoridade Responsable da Concesión. Así mesmo, o coordinador asegurará o cumprimento dos obxectivos e dos requirimentos establecidos no Acordo no que se refire á calidade nas accións e actividades descritas nos paquetes de traballo (*Working Packages, WPs*) e nas súas correspondentes tarefas (*Tasks*), cronograma, orzamento, xestión de riscos, comunicación, a coordinación dos participantes no proxecto, o cumprimento co Acordo de Consorcio, a xustificación (*reporting*) e a relación coa Comisión, o plan de diseminación e explotación dos resultados, e a xestión de datos. Ademais, coidará de políticas **específicas do proxecto** como poden ser a xestión do coñecemento e da propiedade industrial e intelectual, a ética, as boas prácticas, a resolución asertiva de conflitos, a xestión de datos, a sustentabilidade do proxecto, medioambiente, equilibrio de xénero, etc.



## O reporting do proxecto

O **técnico do proxecto** (*PO*) é o contacto directo do coordinador do proxecto coa Organización responsable da concesión. Será a persoa que asista por parte da Comisión ás reunións periódicas de avance de proxecto, e convocará a outros membros desta. Estas reunións, que poden ser tanto en formato online como presenciais, poden ter lugar despois de cada **fase de informe periódico**. Estes, dependendo de cada convocatoria, poden durar entre 6 meses e un ano, ou ata 18 meses nalgúns casos, e sempre á finalización do proxecto. A tendencia é alongar os períodos para non xerar unha excesiva sobrecarga de traballo, aínda que isto depende de cada programa e convocatoria.



### RECOMENDACIÓN

É recomendable que o contacto co técnico do proxecto se realice a través dunha única persoa da organización coordinadora e que se lle actualice o avance do proxecto periodicamente. Os técnicos de proxecto adoitan estar bastante ocupados, pero agradecerán que se lles contacte a tempo para calquera cuestión importante do proxecto

Os informes periódicos inclúen os seguintes aspectos:

- Avance e alcance de **fitos**
- Avance e entrega de **"entregables"**
- Actualización do **resumo** do proxecto para publicación
- Respostas sobre **riscos críticos e outras políticas do proxecto**
- **Información específica de seguimento solicitada polo programa** se se requirise

Os **informes periódicos sobre o avance do proxecto**, así como dos custos que se reclaman por parte do consorcio, son unha condición para obter os pagos. Unha vez finalizada cada fase é cando se deberán preparar os informes contando coa colaboración de todos os participantes, que se entregarán por parte do Coordinador seguindo as instrucións do PO, e utilizando as plataformas habilitadas polo Programa. O informe periódico ten dúas partes:



**Informe técnico:** é a parte narrativa onde, de maneira similar ao Formulario de Solicitud, se pide que o participantes informen sobre a execución do proxecto, incluíndo desviacións referentes ao cronograma, traballos non realizados, sobrecostos, novos contratos ou riscos.



**Informe financeiro:** consiste nos estados financeiros do proxecto debidamente actualizados. Ademais, a maioría dos programas requiren dun informe detallado de custos, ou no seu caso, dun certificado de estados financeiros<sup>15</sup> (*Certificate on the Financial Statements, CFS*) para pagos por riba dunha determinada cantidade previamente fixada.

### RECOMENDACIÓN

non se debe esquecer que o informe periódico se debe sustentar nunha adecuada xestión de todos os **rexistros dos custos** incorridos por parte dos participantes, co fin de demostrar a correcta execución a todos os custos que se reclaman nos sucesivos informes.

## Comunicación, diseminación e explotación dos resultados

A comunicación, diseminación e explotación dos resultados son aspectos que a Comisión considera relevantes en todos os proxectos europeos. Aínda que ambas cuestións manteñen aspectos en común, débense abordar de maneira separada pero coordinada xa que os fundamentos e obxectivos da comunicación, por unha banda, e da diseminación e explotación dos resultados, por outra, difiren claramente e requiren dun tratamento diferente.

### Comunicar o proxecto

A Comisión espera que os beneficiarios manteñan un compromiso de dar a coñecer os proxectos, comunicar as súas actividades e pór no dominio do coñecemento público que recibiron fondos da UE. Isto require que as actividades de comunicación formen parte da proposta, incorporándoas na descrición dos paquetes de traballo, e mesmo nalgúns proxectos pode ser aconsellable que teñan o seu propio paquete de traballo específico. É importante ter en conta que estas actividades forman parte dos Criterios de Selección das propostas.

A comunicación dun proxecto esixe a creación dun plan de comunicación cuns obxectivos claros, unha mensaxe clara dirixida aos grupos ou audiencias obxectivo e un calendario. Tamén debe incluír actividades detalladas, tanto de natureza online como offline, distribuídas no tempo e que se reforen e complementen mutuamente, sempre facendo mención á política europea que se aborda e para a que vai dirixida a convocatoria. A comunicación do proxecto realízase ao longo de toda a vida do proxecto. Os beneficiarios deberán incorporar nas súas aparicións, informacións e documentos públicos, incluídas as solicitudes de patentes, a bandeira europea de maneira visible e a declaración de estar financiados pola UE co texto: "Financiado pola Unión Europea" ou "Cofinanciado pola UE".

<sup>15</sup> É un informe emitido por un auditor independente (ou un técnico público en caso da administración) que asegura ante a Autoridade Otorgante da Axuda o axuste á normativa da cantidade reclamada. A cantidade depende do programa e tipo de acción, pero para o MFP 2021-2027 existe polo xeral un único tope de 325.000 €.

## Diseminar e explotar os resultados do proxecto

Enténdese por diseminación a posta en coñecemento público dos resultados dun proxecto polos medios adecuados, isto é, outros que non sexan a protección ou a explotación directamente, mesmo mediante a publicación en calquera medio. Por outra banda, a explotación dos resultados significa o uso dos mesmos para avanzar en actividades de investigación e innovación máis aló das abordadas pola acción concernida, incluíndo, entre outras, a explotación comercial, como desenvolver, crear, fabricar e lanzar un produto ou proceso, creando e provendo un servizo ou estandarizando actividades.

Do mesmo xeito que coa comunicación do proxecto, dado que se financian con fondos públicos da UE, tamén se espera que os beneficiarios diseminen os resultados dos seus proxectos porque permite que se beneficien un maior número de persoas e se alcance un abanico máis amplo de público obxectivo. Doutra banda, a explotación dos resultados é unha maneira de dar continuidade ao proxecto máis aló da duración deste e abrindo oportunidades a que os resultados se traduzan en efectos que sobrevivan ao proxecto e favorezan un maior impacto, obtendo maiores beneficios do proxecto.

En moitos programas pídense plans específicos de diseminación e explotación dos resultados; nese caso é conveniente incorporar a súa descrición na proposta. Por outra banda, son bastantes os programas que **piden que se suban á plataforma os resultados dos proxectos**<sup>16</sup> e outros requiren actividades máis extensas de diseminación e explotación. É preciso por iso ter claro en todo momento as implicacións que pode ter a diseminación dos resultados no que se refire a cuestións específicas de dereitos de propiedade industrial<sup>17</sup>.

### RECOMENDACIÓN

algúns programas facilitan kits de comunicación con modelos, recomendacións e exemplos que poden ser extrapolables a outros programas. Por exemplo, Life ou os cursos relacionados coa comunicación en proxectos Interreg desenvolvidos por Interact<sup>18</sup>.

A Fundación Galicia Europa ofrécese como socio na difusión dos proxectos con participación galega. Deste xeito, a entidade coordinadora poderá ter ao seu servizo os medios e canles da Fundación, podendo sacar partido do emprazamento físico da oficina de Bruxelas, e dos medios e a rede de contactos dos que dispón.

<sup>16</sup> Ver Portal de Resultados de proxectos: <https://ec.europa.eu/info/funding-tenders/opportunities/portal/screen/opportunities/projects-results>

<sup>17</sup> Véxase o portelo único de axuda da Comisión no relativo a dereitos de propiedade industrial e intelectual: [https://intellectual-property-helpdesk.ec.europa.eu/regional-helpdesks/european-ip-helpdesk\\_en](https://intellectual-property-helpdesk.ec.europa.eu/regional-helpdesks/european-ip-helpdesk_en)

<sup>18</sup> Por exemplo, Life ([https://cinea.ec.europa.eu/life/communication-and-gdpr-rules\\_en](https://cinea.ec.europa.eu/life/communication-and-gdpr-rules_en)) ou os cursos relacionados coa comunicación en proxectos Interreg desenvolvidos por Interact: <https://learning.interact-eu.net/courses/>

# 4. Programas de financiamento comunitario 2021-2027

# 4.1 Mercado Único, Innovación e Dixitalización

## Horizonte Europa

### Ámbito temático INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

#### Base legal

Regulamento (UE) 2021/695 do Parlamento Europeo e do Consello do 28 de abril de 2021 polo que se crea o Programa Marco de Investigación e Innovación «Horizonte Europa»

Duración 2021-2027

Tipo de programa Xestión directa

#### Organismo xestor

O programa é executado directamente pola Comisión ou a través de varias axencias executivas.

A Axencia Executiva Europea de Investigación (EREA) xestiona as accións Marie Skłodowska-Curie (MSCA) e as infraestruturas de investigación do Piar I de Horizonte Europa, do bloque "Cultura, creatividade e sociedade inclusiva" do Piar II, do bloque "Seguridade civil para a sociedade" e do bloque "Recursos alimentarios, bioeconomía, recursos naturais, agricultura e medio ambiente", así como do programa horizontal "Ampliar a participación e reforzar o Espazo Europeo de Investigación".

A Axencia Executiva do Consello Europeo de Investigación (ERCEA) implementa a estratexia e subvencións de Consello Europeo de Investigación (ERC).

A Axencia Executiva para o Consello Europeo de Innovación e as Pemes (EISMEA) encárgase das actividades do Consello Europeo de Innovación (EIC) e dos programas relacionados coas pequenas e medianas empresas.

Por último, a Axencia Executiva Europea de Clima, Infraestruturas e Medio Ambiente (CINEA) seguirá o bloque "Clima, enerxía e mobilidade" do Piar II.

#### Obxectivos

Horizonte Europa é o programa cadro da UE para a investigación e a innovación: promove a excelencia da investigación e proporciona apoio aos mellores investigadores e innovadores para impulsar os cambios sistémicos necesarios para lograr unha UE verde, saudable e resiliente.

#### Eixes de actuación

Horizonte Europa divídese en tres piares principais e un piar transversal, que se corresponden coas súas principais prioridades:

- **Piar 1, "Ciencia excelente":** busca aumentar a competitividade científica mundial da UE. Apoia proxectos de investigación de fronteira definidos e impulsados por destacados investigadores a través do Consello Europeo de Investigación, financia bolsas para investigadores experimentados, redes de formación de doutoramento e intercambios de investigadores a través das accións Marie Skłodowska-Curie, e inviste en infraestruturas de investigación de categoría mundial.
- **Piar 2, Desafíos mundiais e competitividade industrial europea:** apoia a investigación relacionada cos desafíos sociais e reforza as capacidades tecnolóxicas e industriais a través de seis áreas temáticas, tamén chamadas "clústeres", que incentivan individualmente e en conxunto a cooperación interdisciplinar, intersectorial, transversal, transfronteiriza e internacional:
  1. Saúde;
  2. Cultura, creatividade e sociedade inclusiva;
  3. Seguridade civil para a sociedade;
  4. Mundo dixital, industria e espazo;
  5. Clima, enerxía e mobilidade;
  6. Recursos alimentarios, bioeconomía, recursos naturais, agricultura e medio ambiente;

Como novidade, establécense as "misións da UE", unha nova forma de achegar solucións concretas a algúns dos nosos maiores retos. Teñen obxectivos ambiciosos e ofrecerán resultados concretos para 2030. As misións da UE son un esforzo coordinado da Comisión para poñer en común os recursos necesarios en termos de programas de financiamento, políticas e regulamentos, así como outras actividades. Tamén pretenden mobilizar e activar aos axentes públicos e privados, como os Estados membros da UE, as autoridades rexionais e locais, os institutos de investigación, os agricultores e os xestores de terras, os empresarios e os investidores para crear un impacto real e duradeiro. As misións integran a participación cidadá para impulsar a adopción de novas solucións e enfoques.

Finalmente, o Piar 2 tamén inclúe as actividades do Centro Común de Investigación (JRC, polas súas siglas en inglés) que ofrece aos responsables políticos, nacionais e da UE, datos científicos independentes e apoio técnico.

• **Piar 3, Europa innovadora:** busca facer a Europa líder en innovación a través do novo Consello Europeo de Innovación (EIC, polas súas siglas en inglés), que apoia as innovacións de carácter potencialmente disruptivo que poidan ser demasiado arriscadas para os investidores privados, destinando un 70 % do orzamento ás pemes. Constitúe o portelo único de Horizonte Europa para todo tipo de innovadores, dende particulares ata universidades, organizacións de investigación e empresas (pemes, incluídas start-up e, en casos excepcionais, pequenas mid-caps). Conta cos seguintes instrumentos:

- **Explorador:** outorgará subvencións a proxectos de vangarda de alto risco que exploren áreas novas e co obxectivo de converterse en potenciais tecnoloxías radicalmente innovadoras do futuro e novas oportunidades de mercado.
- **Transición:** destinada a validar tecnoloxías e actividades innovadoras que vaian máis aló do principio de proba no laboratorio e a desenvolver plans de negocio para aplicacións específicas cara á súa futura comercialización.
- **Acelerador:** proporcionará principalmente apoio ao escalado e o despregamento dos novos mercados en forma de financiamento combinado (blended finance) do EIC. O financiamento combinado do EIC é unha combinación de subvención ou anticipo reembolsable (para cubrir actividades de innovación) e apoio ao investimento en capital (equity) ou outras formas como notas convertibles, préstamos, garantías, etc. para o despregamento efectivo no mercado, de maneira que non desprace os investimentos privados nin provoque distorsións competitivas no mercado.

O Piar 3 tamén contribúe ao desenvolvemento do panorama xeral da innovación europea a través do Instituto Europeo de Innovación e Tecnoloxía, que fomenta a integración do triángulo do coñecemento formado pola educación, a investigación e a innovación nas chamadas Comunidades de Coñecemento e Innovación (KIC polas súas siglas en inglés).

• **Piar transversal "Ampliar a participación e fortalecer o Espazo Europeo de Investigación (EEI)":** aumenta o apoio aos Estados membros da UE nos seus esforzos por tirar o máximo proveito do seu potencial de investigación e innovación.

#### Beneficiarios

O programa está aberto a todo tipo de beneficiarios: científicos e académicos, organizacións de investigación, universidades, industria, pequenas e medianas empresas, estudantes, etc.

#### Orzamento e intensidade das axudas

O orzamento total do programa é de 95.500 millóns de euros (incluídos 5.410 millóns de euros de NextGenerationEU) (prezos de 2021).

Porcentaxe única de financiamento fixado no programa de traballo: 100% dos custos no caso das Acción de Investigación e Innovación (RIA) e das Acción de Coordinación e Apoio (CSA), 70% para Accións de Innovación (IA) -excepto no caso das entidades sen ánimo de lucro, para as que abrangue o 100%- e entre o 30 e o 70% das accións dos programas cofinanciados entre a UE e os Estados membros.

Os custos indirectos subvencionables determinaranse aplicando un tipo fixo do 25 % do total dos custos directos subvencionables.

#### OBSERVACIONES

Horizonte Europa representa un aumento do 30 % a prezos constantes con respecto ao anterior programa de investigación e innovación, Horizonte 2020.

#### Novos elementos en Horizonte Europa

#### • Misións:

- **Adaptación ao cambio climático:** capacitar á cidadanía, ás comunidades e ás rexións europeas para xestionar eventos e riscos asociados ao clima.
- **Cancro:** acadar avances na seguinte década que permitan salvar polo menos 3 millóns de vidas en Europa.
- **Auga e Océanos:** restaurar os nosos océanos e augas para 2030.
- **Cidades:** acadar a neutralidade climática de 100 cidades europeas en 2030.
- **Chan e Alimentos:** conseguir para o ano 2030 que polo menos o 75 % de todos os solos europeos sexan saudables.

• **Política de ciencia aberta:** o acceso aberto obrigatorio ás publicacións e os principios da ciencia aberta aplícanse en todo o programa.

• **Novo enfoque das Asociacións Europeas (Partenariados):** máis ambiciosas e orientadas a reducir a fragmentación do esforzo de investigación en Europa. Todas as asociacións baséanse en Axendas Estratéxicas de Investigación e Innovación (SRIA polas súas siglas en inglés) propias, e aceptadas por todos os participantes en cada asociación. En definitiva, son iniciativas nas que a UE, xunto con socios privados e/ou públicos, comprométense a apoiar conxuntamente o desenvolvemento e implementación dun programa de actividades de investigación e innovación. Hai tres tipos:

- **Institucionalizadas:** os seus programas de investigación e innovación xestionanse por estruturas comúns de xestión con personalidade xurídica propia creadas a tal fin, xa sexa polos Estados membros ou pola UE
- **Coprogramadas:** nelas participan a CE e entidades públicas e/ou privadas sobre a base dun memorando de entendemento e/ou acordo contractual. Contan con financiamento da UE, que será xestionada a través de convocatorias específicas no programa de traballo de Horizonte Europa, e fondos das entidades públicas e privadas participantes, que serán responsables de implementar os seus compromisos e xestionar as súas contribucións propias ao programa.
- **Cofinanciadas:** son seleccionadas mediante convocatorias para unha acción de cofinanciamento publicadas no programa de traballo de Horizonte Europa. Os participantes son na súa maioría axencias financiadoras dos países membros da UE, países asociados e nalgunhas ocasións, países terceiros.

As asociacións europeas están conectadas dende un punto de vista temático aos clústeres, e todas contan cun Plan de Traballo anual.

• **Cascade funding:** segue gañando protagonismo no novo período o cascade funding, tamén coñecido como apoio financeiro a terceiras partes (FSTP, polas súas siglas en inglés). Trátase dun mecanismo da Comisión Europea para distribuír fondos públicos co fin de axudar (principalmente) ás empresas de nova creación, ás empresas en fase de expansión e ás pemes na adopción e desenvolvemento de innovación dixital e na realización de experimentos innovadores. Este esquema, introducido por primeira vez en H2020, ten como obxectivo simplificar os procedementos administrativos para os beneficiarios, que poden participar a través de convocatorias abertas con sistemas de solicitude sinxelos. Concretamente, o cascade funding conta cunha presenza destacada dentro das convocatorias do clúster 4 e clúster 6, así como tamén con presenza relevante no clúster 3 e no Piar transversal "Ampliar a participación e fortalecer o Espazo Europeo de Investigación (EEI)".

[Ligazóns de interese](#)

[Sitio web oficial do programa](#)

[Portelo español de Horizonte Europa](#)

[Puntos de información a nivel europeo](#)

[Servizo de consultas sobre investigación \(Comisión Europea\)](#)

### Puntos de información a nivel nacional ou rexional

#### Almudena Agüero

Coordinadora nacional dos puntos nacionais de contacto en España

Ministerio de Ciencia e Innovación (MCIN)

[agentesheu@ciencia.gob.es](mailto:agentesheu@ciencia.gob.es)

#### Javier García

Coordinador nacional dos puntos nacionais de contacto en España

CDTI

[javier.garcia@cdti.es](mailto:javier.garcia@cdti.es)

Listaxe de todos os puntos de contacto (NCP) en España

## Un exemplo galego

**Beneficiario** AIMEN (Coordinador)

**Acrónimo** PULSATE

**Duración** 1 de setembro 2020 – 31 de agosto de 2024

**Orzamento** 8.127.492,50 € (presupuesto)

7.999.272 € (subvención)

**Web** <https://www.pulsate.eu/>

### Resumo

As tecnoloxías de fabricación avanzada e aditiva baseadas en láser (LBAAM) xogan un importante papel no fomento da produción dixital e ofrecen importantes vantaxes ás empresas que as adoptan. Con todo, barreiras como os elevados custos de investimento, a complexidade da tecnoloxía e a integración de sistemas e a concienciación dificultan a súa adopción por parte das pemes. O proxecto PULSATE, financiado pola UE, pretende mitigar estas barreiras para impulsar a adopción das tecnoloxías LBAAM por parte das pemes e promover o desenvolvemento de equipos e solucións baseadas no láser que resulten axeitados para as pemes. Para iso, creará unha rede de ámbito europeo. PULSATE conectará os centros de innovación dixital para abordar os desafíos que actualmente obstaculizan a adopción da tecnoloxía LBAAM. Os resultados do proxecto contribuirán a aumentar a competitividade das pemes europeas.

### Ámbito temático INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

#### Base legal

**Regulamento (Euratom) 2021/765 do Consello polo que se establece o Programa de Investigación e Formación da Comunidade Europea da Enerxía Atómica para o período 2021-2025, complementario de Horizonte Europa**

**Duración** 2021-2025, con posibilidade de prorrogarse ata 2027.

**Tipo de programa** Xestión directa e indirecta

#### Organismo xestor

As accións indirectas (subvencións para laboratorios de investigación e universidades) execútanse baixo a Dirección Xeral de Investigación e Innovación (DG RTD). O Programa tamén apoia as accións directas emprendidas polo Centro Común de Investigación (JRC).

#### Obxectivos

Levar a cabo actividades de investigación e formación no eido nuclear para apoiar a mellora continua da seguridade nuclear e a protección contra as radiacións, e contribuír potencialmente á descarbonización a longo prazo do sistema enerxético de forma segura e eficiente.

#### Eixes de actuación

- **Investigación e desenvolvemento da fusión nuclear:** en particular, cuestións científicas de deseño, construción e funcionamento das futuras instalacións, como o tokamak ITER. Para iso será preciso un amplo programa experimental sobre os dispositivos de fusión existentes, especialmente os máis relevantes para o ITER, complementado cun amplo programa de análise e simulación. Para acadar o obxectivo de completar un deseño demostrativo conceptual e iniciar a transición cara a unha fase de deseño de enxeñería, o enfoque debe mudar gradualmente dende a física á tecnoloxía.
- **Fisión nuclear, seguridade e protección contra as radiacións:** o programa Euratom forma parte dos esforzos da UE por seguir desenvolvendo un rol de liderado tecnolóxico e fomentar a excelencia na investigación e a innovación nucleares, en particular garantindo os máis altos niveis de seguridade, protección, salvagardas, protección contra as radiacións, seguridade do combustible consumido, xestión dos residuos radioactivos e desmantelamento no eido nuclear. A investigación sobre protección contra as radiacións permitiu mellorar as tecnoloxías médicas (por exemplo, o diagnóstico e a radioterapia) das que se benefician moitos cidadáns. Esta investigación está a conducir cara a novas melloras na medicina nuclear, así como noutros sectores como a industria, a agricultura, o medio ambiente e a seguridade.

#### Beneficiarios

Científicos e académicos en fusión e fisión, organizacións de investigación, universidades, industria, pequenas e medianas empresas, estudantes, etc.

#### Orzamento e intensidade das axudas

1.980 millóns de euros (prezos de 2021):

- 583 millóns de euros para accións indirectas en investigación e desenvolvemento da fusión.
- 266 millóns de euros para accións indirectas en fisión nuclear, seguridade e protección contra as radiacións
- 532 millóns de euros para accións directas realizadas polo Centro Común de Investigación.

#### Observacións

O programa de investigación e formación de Euratom complementa a Horizonte Europa. Apoia a investigación e a formación nuclear nos eidos definidos polo Tratado Euratom, complementando as accións dos Estados membros.

As subvencións constituirán a forma principal de apoio ás accións indirectas no marco do Programa Euratom. O financiamento en virtude do Programa Euratom tamén poderá proporcionarse mediante premios, contratación pública e instrumentos financeiros no marco de operacións de financiamento mixto.

**Ligazóns de interese** **Sitio web do programa**  
Programa de traballo de EURATOM 2021-2022

**Puntos de información a nivel europeo**  
**Servizo de Consulta de Investigación (Comisión Europea)**

**Puntos de información a nivel nacional ou rexional**

<b>Puntos nacionais de contacto</b>	<b>Sylvia Núñez</b>	<b>Centro Común de Investigación (JRC)</b>
<b>EURATOM:</b>	EURATOM Fusión	Almudena Agüero
<b>Yolanda Benito</b>	CIEMAT	M. de Ciencia e Innovación (MCIN)
EURATOM Fisión	<a href="mailto:sn.crespi@ciemat.es">sn.crespi@ciemat.es</a>	<a href="mailto:almudena.aguero@ciencia.gob.es">almudena.aguero@ciencia.gob.es</a>
CIEMAT		
<a href="mailto:yolanda.benito@ciemat.es">yolanda.benito@ciemat.es</a>		

## Un exemplo galego

**Beneficiario** CESGA (beneficiario) **Acrónimo** SINFONIA  
SERGAS (beneficiario)

**Duración** 1 de setembro de 2020 – 31 de agosto de 2024

**Orzamento** 5.999.998,75 € (orzamento) 5.999 997,50 € (subvención)

**Web** <https://www.sinfonia-appraisal.eu/>

### Resumo

O uso das radiacións ionizantes para o diagnóstico e o tratamento do linfoma e os tumores cerebrais mellorou considerablemente a atención sanitaria e os resultados dos doentes. A radiación ionizante utilízase agora en gran medida para o diagnóstico e o tratamento dos doentes. O proxecto SINFONIA, financiado pola UE, investigará os efectos da exposición á radiación en pacientes, traballadores e cuidadores, así como no público e o medio ambiente durante o tratamento dos pacientes. Organizará unha formación multidisciplinar de alto nivel no eido da dosimetría das radiacións, a avaliación dos riscos e a protección contra as radiacións. Máis concretamente, o proxecto desenvolverá novos métodos e ferramentas de dosimetría e avaliación de riscos. Utilizarase a intelixencia artificial (IA) para determinar a carga de radiación nos doentes e deseñaranse novas técnicas para xestionar os datos das sesións de radioterapia.

## Ámbito temático INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

### Base legal

**Decisión (Euratom) 2021/281 do Consello do 22 de febreiro de 2021 que modifica a Decisión 2007/198/ Euratom pola que se establece a Empresa Común Europea para o ITER e o desenvolvemento da enerxía de fusión e pola que se lle confiren vantaxes (2007/198/Euratom)**

**Duración** 2021-2027 **Tipo de programa** Xestión indirecta

### Organismo xestor

O programa ITER execútase mediante xestión indirecta, encomendada á empresa común Fusion for Energy (F4E). A Dirección Xeral de Enerxía (DG ENER) lidera por parte da Comisión Europea.

### Obxectivos

O Reactor Experimental Termonuclear Internacional (ITER polas súas siglas en inglés) é un dispositivo experimental pioneiro que se está construíndo en Saint-Paul-Léz Durance (Francia). Pretende demostrar a viabilidade científica e tecnolóxica da fusión nuclear como futura fonte de enerxía. Para o período 2021-2027, a misión da UE é apoiar plenamente a continuación da construción do ITER e alcanzar o funcionamento do ITER co Primeiro Plasma, ao que seguirán as primeiras operacións experimentais, así como outras instalacións e melloras ata 2027 e máis aló, poñendo as bases para un funcionamento exitoso a plena potencia (a chamada etapa de Deuterio Tritio) para 2035.

Estes logros considéranse un paso necesario no desenvolvemento da fusión para que se converta nunha posible fonte de enerxía sostible que fomente o emprego, o crecemento e o potencial de innovación do sector enerxético na última parte do século, de acordo con a Folla de Ruta Europea da Fusión.

### Eixes de actuación

O programa da cobertura á contribución europea á **Organización Internacional (OI)** do ITER para a construción da instalación do ITER, que inclúe a adquisición de equipos, a instalación, o apoio técnico e administrativo xeral para a fase de construción, así como a participación na posta en marcha e as operacións. As contribucións europeas relacionadas co ITER canalízanse na súa maior parte a través da empresa común Fusion for Energy (F4E) situada en Barcelona.

O programa tamén da cobertura a **outras actividades relacionadas co ITER**, como as da cooperación máis ampla con Xapón.

### Beneficiarios

Científicos, arquitectos, enxeñeiros, empresas de construción e fabricación, industria, etc.

### Orzamento e intensidade das axudas

5.610 millóns de euros (prezos de 2021).

### Observacións

O programa proporciona financiamento en forma de subvencións e contratacións. F4E conta cun proceso de licitacións propio. Consulta [aquí](#) as súas características. Así mesmo, os procesos de licitación da Organización ITER pódense consultar [aquí](#).

### Ligazóns de interese

**Sitio web de ITER** **Sitio web de Fusion for Energy**  
**Folla de ruta de EUROfusion** **Sitio web da Comisión do programa ITER**

**Puntos de información a nivel europeo** **Organismo:** DG ENER  
**E-mail:** [ENER-D4-SECRETARIAT@ec.europa.eu](mailto:ENER-D4-SECRETARIAT@ec.europa.eu)

**Puntos de información nacional** **Organismo:** CDTI  
**Caixa de correos de contacto**

## Ámbito temático INVESTIMENTOS ESTRATÉGICOS EUROPEOS

### Base legal

Regulamento (UE) 2021/523 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de marzo de 2021 polo que se establece o Programa InvestEU e se modifica o Regulamento (UE) 2015/1017

**Duración** 2021-2027 **Tipo de programa** Xestión indirecta e directa

### Organismo xestor e tipo de axuda

Os fondos execútanse en réxime de xestión indirecta a través do Banco Europeo de Investimentos (BEI) e outros socios financeiros.

### Obxectivos

Levar a cabo en toda a UE investimentos nas seguintes áreas: infraestruturas sostibles, investigación e innovación, dixitalización, pequenas e medianas empresas, empresas de mediana capitalización, investimento social e adquisición de competencias no mercado de traballo. A Dirección Xeral de Asuntos Económicos e Financeiros (DG ECFIN) lidera dentro da Comisión Europea.

### Eixes de actuación

O Programa InvestEU consta de 3 bloques::

- **Fondo InvestEU:** combina 13 instrumentos financeiros da UE xestionados ata 2021 de forma centralizada, así como o anterior Fondo Europeo para Investimentos Estratégicos. Desta forma, o Fondo InvestEU conta cunha gran capacidade financeira e cun único conxunto de requisitos que se aplica ao longo de todo o ciclo de financiamento en beneficio dos destinatarios finais e os intermediarios financeiros. Grazas ao seu carácter centralizado, InvestEU pretende cumprir os obxectivos políticos da UE, minimizar os solapamentos e garantir as sinerxías.
- **Centro de Asesoramiento de InvestEU:** constitúe o punto central de entrada para entidades que busquen apoio de asesoramento e asistencia técnica en relación cos fondos de investimento da UE xestionados de forma centralizada, poñendo en contacto aos promotores e intermediarios de proxectos coas entidades asesoras asociadas, que colaboran de forma directa para axudar a que os proxectos cheguen á fase de financiamento. O Centro de Asesoramento InvestEU complementa ó Fondo InvestEU apoiando a identificación, preparación e desenvolvemento de proxectos de investimento en toda a Unión Europea.
- **Portal InvestEU:** o Portal InvestEU permite aos promotores de proxectos chegar a investidores aos que non poderían acceder doutro xeito. O Portal continúa o labor iniciado co Portal Europeo de Proxectos de Investimento (PEPI) e é o "mercado" en liña da UE que conecta aos promotores de proxectos con sede na UE con investidores de todo o mundo. Ofrece aos promotores de proxectos máis opcións para financiar os seus proxectos.

### Beneficiarios

Investidores públicos e privados, promotores de proxectos, pequenas e medianas empresas (pemes) e empresas de mediana capitalización (midcaps), provedores de servizos e receptores de microfinanciamento.

### Orzamento e intensidade das axudas

3.070 millóns de euros, + 6.070 millóns de euros de NextGenerationEU +1.140 millóns de euros procedentes das multas impostas pola UE por incumprimento das normas en materia de Competencia (prezos de 2021)

### Observacións

O programa proporciona financiamento a través das entidades financeiras asociadas en forma de préstamos, garantías, contragarantías, instrumentos do mercado de capitais, calquera outra forma de financiamento ou instrumento de mellora crediticia, ou investimentos en capital.

Os promotores de proxectos deben presentar a súa solicitude directamente ao BEI ou a un dos [outros] socios executores, en canto a garantía de InvestEU estea dispoñible. Isto indícase no sitio web de InvestEU.

As pemes e as pequenas empresas de mediana capitalización, as microempresas e as empresas sociais tamén poden presentar a súa solicitude a través dos intermediarios financeiros que asinaron un acordo co BEI. A relación destes intermediarios en España pode atoparse no sitio web:

[www.access2finance.eu](http://www.access2finance.eu).

### Ligazóns de interese

**Sitio web do programa**

**Portal InvestEU**

**Centro de Asesoramento InvestEU**

**Puntos de información a nivel europeo** **Punto de información de InvestEU**

### Base legal

Regulamento (UE) 2021/1153 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Mecanismo «Conectar Europa»

**Duración** 2021-2027

**Tipo de programa** Xestión directa

### Organismo xestor

O programa execútase mediante xestión directa da Comisión; a Dirección Xeral de Mobilidade e Transporte (DG MOVE), a Dirección Xeral de Enerxía (DG ENER) e a Dirección Xeral de Redes de Comunicación, Contido e Tecnoloxías (DG CONNECT) dirixen conxuntamente a través de Axencias Executivas. Os capítulos de transporte e enerxía serán executados pola Axencia Executiva Europea do Clima, Infraestruturas e Medio Ambiente (CINEA). O programa dixital do MCE executarase a través da Axencia Executiva de Saúde e Axencia Executiva Dixital (HaDEA).

### Obxectivos

Acelerar os investimentos nas redes de transporte, enerxía e infraestruturas dixitais de Europa. Apoiar a dobre transición verde e dixital, contribuíndo aos ambiciosos obxectivos de infraestruturas para o Pacto Verde Europeo e a década dixital.

### Eixes de actuación

O Mecanismo “Conectar Europa”, máis coñecido como CEF, polas súas siglas en inglés, divídese en tres subprogramas:

- **Transporte:** se centra en proxectos relacionados con la ejecución de la Red Transeuropea de Transporte (RTE-T) mediante la creación de nuevas infraestructuras y la mejora de las existentes, así como en prioridades horizontales como la mejora de los sistemas de gestión del tráfico e innovacións en los sistemas de transporte que reduzcan el impacto medioambiental, mejoren la eficiencia energética y mejoren la seguridad.
- **Enerxía:** pon o foco en proxectos transfronteirizos de enerxías renovables, a interoperabilidade das redes e unha mellor integración do mercado interior da enerxía.
- **Dixital:** céntrase en accións que garantan unha cobertura ininterrompida con sistemas 5G ao longo das principais vías de transporte, o despregamento de novas redes troncais de comunicación ou a mellora significativa das existentes, así como o despregamento de redes de moi alta capacidade, incluída a 5G, e o acceso ás mesmas

Unha das principais prioridades do MCE é permitir e reforzar as sinerxías entre os tres subprogramas. As accións intersectoriais poden permitir optimizar os custos ou os resultados mediante a posta en común de recursos financeiros, técnicos ou humanos, aumentando así a eficacia do financiamento da UE.

### Beneficiarios

A industria, as pequenas e medianas empresas, os organismos de investigación e outras entidades públicas e privadas establecidas nun Estado membro ou nun terceiro país asociado ao programa.

### Orzamento e intensidade das axudas

33.710 millóns de euros (prezos de 2021):

- 25.807 millóns de euros para obras no sector do transporte:
  - proxectos de interese común relativos ás redes e infraestruturas eficientes, interconectadas e multimodais; o importe financeiro da Unión non excederá do 30 % dos gastos subvencionables, aínda que se poderán incrementar ata o 50 % nas accións sinaladas (artigo 15 do Regulamento)..
  - adaptación de parte da RTE-T para un dobre uso das infraestruturas de transporte con vistas a mellorar a mobilidade tanto civil como militar; o importe do apoio financeiro da Unión non excederá do 50 % dos gastos subvencionables totais.

- 5.838 millóns de euros para obras no sector da enerxía:
    - o importe do apoio financeiro da Unión non excederá do 50 % dos gastos subvencionables totais.
    - proxectos que reforcen a seguridade no abastecemento a escala rexional ou da Unión, reforcen solidariedade da Unión ou ofrezan solucións altamente innovadoras: ata un 75 %.
  - 2.065 millóns de euros para obras no sector dixital:
    - o importe do apoio financeiro da Unión non excederá do 30 % dos gastos subvencionables totais.
    - as porcentaxes de cofinanciamento poderán incrementarse ata o 50 % para as accións cunha marcada dimensión transfronteiriza, como a cobertura ininterrompida con sistemas 5G ao longo das principais vías de transporte ou a implantación de redes troncais entre os Estados; e ata o 75 % para as accións que executen a conectividade dos motores socioeconómicos.
    - as accións que ofrezan conectividade inarámica nas comunidades locais, cando se realicen mediante subvencións de escasa contía, poderán ser financiadas con apoio financeiro da Unión que cubra ata o 100 % dos gastos subvencionables, sen prexuízo do principio de cofinanciamento.
- Para os estudos, o importe do apoio financeiro da Unión non excederá do 50 % dos gastos subvencionables totais.

### Observacións

MCE poderá proporcionar financiamento en forma de subvencións e contratos públicos.

**Ligazóns de interese** **Sitio web oficial**

**Páxina do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (MITMA) adicada ao MCE**

**Rede Transeuropea de Transporte en España**

**Información sobre proxectos MCE Transporte**

**Información sobre proxectos MCE Enerxía**

**Información sobre proxectos MCE Dixital**

**Puntos de información a nivel europeo**

Contacto a través das axencias executivas:

**CINEA**

**HaDEA**

**Puntos de información a nivel nacional ou rexional do MITMA**

**Caixa de correos de contacto**

**Base legal**

**Regulamento (UE) 2021/694 do Parlamento Europeo e do Consello do 29 de abril de 2021 polo que se establece o Programa Europa Dixital**

**Duración** 2021-2027 **Tipo de programa** Xestión directa e indirecta

**Organismo xestor**

As accións centradas na intelixencia artificial, as competencias dixitais avanzadas e a ampliación do uso óptimo das tecnoloxías dixitais son xestionadas directamente pola Comisión Europea co apoio da Axencia Executiva para a Saúde e a Dixitalización (HaDEA). As accións de Supercomputación (HPC) execútanse principalmente a través da empresa común EuroHPC. As accións de ciberseguridade execútanse principalmente a través do Centro de Competencia Industrial, Tecnolóxica e de Investigación da Ciberseguridade Europea e a Rede de Competencia de Ciberseguridade. A DG líder é a Dirección Xeral de Redes de Comunicación, Contido e Tecnoloxías (DG CONNECT)

**Obxectivos**

Acelerar a recuperación e impulsar a transformación dixital da UE, construír as capacidades dixitais estratéxicas da UE e facilitar o amplo despregamento das tecnoloxías dixitais, de forma que as utilicen os cidadáns da UE, as empresas e as administracións públicas da UE.

**Eixes de actuación**

O Programa Europa Dixital ofrece financiamento para proxectos en cinco áreas que responden aos seguintes obxectivos específicos:

- **Supercomputación (HPC):** despregar capacidades de supercomputación a exaescala e post-exaescala de clase mundial para garantir o máis amplo acceso e uso destas capacidades.
- **Intelixencia artificial:** despregar espazos de datos comúns en toda a UE baseados nunha infraestrutura federada de nube para a promoción da proba e adopción de solucións baseadas na intelixencia artificial.
- **Ciberseguridade:** construír capacidades avanzadas de ciberseguridade (incluída unha infraestrutura de comunicación segura cuántica para Europa); promover o intercambio de mellores prácticas e garantir un amplo despregamento das solucións de ciberseguridade máis avanzadas en toda a economía europea.
- **Competencias dixitais avanzadas:** impulsar a excelencia académica, aumentando a oferta educativa e a formación en tecnoloxías dixitais chave, como a HPC, a ciberseguridade e a intelixencia artificial
- **Despregamento e mellor uso da capacidade dixital e interoperabilidade:** despregar unha rede de Centros Europeos de Innovación Dixital (EDIH) que apoiem a transformación dixital das organizacións públicas e privadas europeas que contribúan a abordar os principais retos da sociedade (por exemplo, o medio ambiente e o cambio climático) a través dun despregamento de alto impacto, e reforcen as capacidades europeas de *blockchain* e a transformación dixital das administracións e os servizos públicos, promovendo ao mesmo tempo un espazo dixital inclusivo e digno de confianza

**Beneficiarios**

Organizacións públicas e privadas, industria e pequenas e medianas empresas, científicos e académicos, universidades, etc.

**Orzamento e intensidade das axudas**

7.590 millóns de euros (prezos de 2021).

As subvencións no marco do Programa poderán cubrir ata o 100 % dos custos elixibles.

**Observacións**

O programa está deseñado para salvar a distancia entre a investigación sobre tecnoloxía dixital e a súa implantación no mercado. Beneficiará aos cidadáns e ás empresas de Europa, especialmente ás pemes. O investimento no marco do Programa Europa Dixital apoia o dobre obxectivo da Unión Europea dunha transición ecolóxica e unha transformación dixital, á vez que reforza a resistencia e a soberanía dixital da Unión.

É un programa novo polo que non existen exemplos de proxectos financiados con anterioridade.

**Ligazóns de interese**

**Sitio web do programa**

**Puntos de información a nivel europeo**

**Organismo:** DG CONNECT  
**Web de envío de consultas**

### Base legal

**Regulamento (UE) 2021/690 do Parlamento Europeo e do Consello do 28 de abril de 2021 polo que se establece un programa para o mercado interior, a competitividade das empresas, incluídas as pequenas e medianas empresas, o ámbito dos vexetais, animais, alimentos e pensos, e as estatísticas europeas (Programa para o Mercado Único).**

**Duración** 2021-2027

**Tipo de programa** Xestión directa

### Organismo xestor

O Programa para o Mercado Único executarase principalmente mediante a xestión directa da Comisión (as Direccións Xerais participantes son Competencia -DG COMP-, Eurostat -DG ESTAT-, Estabilidade Financeira, Servizos Financeiros e Unión dos Mercados de Capitais -DG FISMA-, Mercado Interior, Industria, Emprendemento e Pemes -DG GROW-, Xustiza e Consumidores -DG JUST-, Saúde e Seguridade Alimentaria -DG SANTE- e Fiscalidade e Unión Aduaneira -DG TAXUD-), en colaboración con dúas axencias executivas, que executarán partes do Programa: a Axencia Executiva para o Consello Europeo de Innovación e as Pemes (EISMEA), para as actividades relativas á competitividade das empresas e as pemes, a normalización e a promoción dos intereses dos consumidores; e a Axencia Executiva Europea nos ámbitos da Saúde e Dixital (HaDEA), para actividades relacionadas coa protección da saúde das persoas, os animais e as plantas ao longo da cadea alimentaria, e o apoio ao benestar dos animais.

### Obxectivos

Reforzar a gobernanza e o funcionamento do mercado único. Aplicar, facer cumprir e seguir desenvolvendo normas en ámbitos como os servizos financeiros, a loita contra o branqueo de diñeiro, a libre circulación de capitais, a protección dos consumidores, a seguridade alimentaria, a sanidade animal e vexetal e as estatísticas europeas de alta calidade.

### Eixes de actuación

O Programa para o Mercado Único abrangue os seguintes seis obxectivos:

- **Seguridade alimentaria:** garantir unha cadea alimentaria segura e sostible.
- **Protección dos consumidores:** garantir un nivel alto de protección dos consumidores, a seguridade dos produtos e unha maior voz dos consumidores.
- **Apoio ás empresas:** reforzar a competitividade e a sustentabilidade das pequenas e medianas empresas (pemes).
- **Un mercado único máis eficaz:** mellora do funcionamento do mercado interior coa vixilancia de mercado, apoio á resolución de problemas dos cidadáns e as empresas, e a mellora da política de competencia.
- **Apoio ao desenvolvemento de normas e informes:** desenvolver normas europeas eficaces e normas internacionais de información financeira e non financeira e de auditoría.
- **Estatísticas europeas:** produción e difusión de estatísticas europeas de alta calidade.

### Beneficiarios

Particulares e empresas, organizacións de consumidores, institutos de estatística, organizacións de normalización, autoridades no eido dos alimentos e os pensos, a saúde e o benestar dos animais e a sanidade vexetal, a Enterprise Europe Network (EEN), etc.

### Orzamento e intensidade das axudas

4.210 millóns de euros (prezos de 2021):

- 1.684 millóns de euros para seguridade alimentaria
- 210,5 millóns para protección dos consumidores
- 1.010,4 millóns de euros apoio ás pemes (COSME)

- 547,3 millóns de euros para fortalecer o mercado único
- 210,5 millóns de euros para o desenvolvemento de normas e informes
- 547,3 millóns de euros para estatísticas europeas

Nas accións destinadas á vixilancia efectiva do mercado, co fin de garantir que só se atopen dispoñibles no mercado da Unión produtos seguros e conformes que ofrezan un elevado nivel de protección dos consumidores e outros usuarios finais, poderase financiar ata o 100 % dos gastos subvencionables dunha acción.

Nas accións para reforzar a competitividade e sustentabilidade das pemes, poderase financiar ata o 100 % dos gastos subvencionables para o apoio financeiro a terceiros e ata o 90 % dos gastos subvencionables para as demais categorías de gastos.

Para as subvencións concedidas á Asociación Europea para a Coordinación da Representación dos Consumidores na Normalización (ANEC) relacionadas con accións de acreditación, o Programa poderá financiar ata o 95 % dos gastos subvencionables.

En relación coas accións destinadas a lograr un alto nivel de saúde e seguridade para as persoas, os animais e os vexetais mediante a prevención, detección e erradicación de enfermidades e pragas, o Programa poderá financiar ata o 100 % dos gastos subvencionables.

Para as accións de execución de medidas de emerxencia veterinaria e fitosanitaria, e de programas nacionais veterinarios e fitosanitarios anuais e plurianuais, a porcentaxe de cofinanciamento aplicado será do 50 % dos gastos subvencionables, con algunhas excepcións (ver artigo 12 do Regulamento).

### Observacións

Dentro deste novo Programa para o Mercado Único intégrase o antigo Programa para a Competitividade das Pequenas e Medianas Empresas da Comisión Europea (COSME)

Entre os seus instrumentos inclúese o **Programa Erasmus para Mozos Emprendedores**, que axuda aos aspirantes europeos a empresarios a adquirir as habilidades necesarias para crear e/ou dirixir con éxito unha pequena ou mediana empresa en Europa. Os novos emprendedores adquiren e intercambian coñecementos e ideas de negocio con empresarios experimentados con quen conviven e colaboran durante períodos de entre 1 e 6 meses. A estancia está parcialmente subvencionada pola Comisión Europea. O programa está financiado pola Comisión Europea e opera en 37 países con axuda dos puntos locais de contacto, cuxa labor é apoiar ás empresas (p. ex. cámaras de comercio, centros de apoio á iniciativa empresarial, viveiros de empresas etc.). As súas actividades están coordinadas a nivel europeo pola Oficina de Apoio ao programa.

### Ligazóns de interese

### Sitio web do programa

Ligazóns aos subprogramas (obxectivos, ferramentas, convocatorias):

**Seguridade alimentaria**

**Protección dos consumidores**

**Apoio ás empresas**

**Un mercado único máis eficaz**

**Apoio ao desenvolvemento de normas e informes**

**Estatísticas europeas de alta calidade**

**Puntos de información a nivel europeo** **Organismo:** DG GROW

**Web de envío de consultas**

Para **Erasmus para Jóvenes Emprendedores:**

**Organismo:** Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servicios y Navegación de Santiago de Compostela.

**Punto local de contacto:** Belén Mendoza

**E-mail:** [proyectos@camaracompostela.com](mailto:proyectos@camaracompostela.com)

## Programa da UE de Loita Contra a Fraude

### Ámbito temático MERCADO ÚNICO

#### Base legal

Regulamento (UE) 2021/785 do Parlamento Europeo e do Consello do 29 de abril de 2021 polo que se establece o Programa da Unión de Loita contra a Fraude e polo que se derroga o Regulamento (UE) n.o. 250/2014

Duración 2021-2027

Tipo de programa Xestión directa

#### Organismo xestor

A Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF)

#### Obxetivos

Proporcionar a coordinación necesaria das actividades antifraude e o apoio financeiro, técnico e de información aos Estados membros nos seus esforzos por protexer os intereses financeiros da UE.

#### Eixes de actuación

- **Previr e combater a fraude, a corrupción e calquera outra actividade ilegal que afecte os intereses financeiros da Unión:** o primeiro compoñente do programa ofrece aos Estados membros unha axuda específica para cumprir as súas obrigas de protección dos intereses financeiros da Unión mediante o apoio á compra de equipos específicos de loita contra a fraude, formacións específicas, conferencias e estudos específicos.
- **Apoiar a notificación de irregularidades, incluída a fraude, que afecten aos fondos en réxime de xestión compartida e aos fondos de axuda de preadhesión do orzamento da Unión:** en canto ao segundo compoñente, a Comisión pon á disposición dos Estados membros e mantén o Sistema de Xestión de Irregularidades para facilitar aos Estados membros e aos países candidatos o cumprimento das súas obrigas (establecidas en diversos actos legislativos sectoriais) de notificar as irregularidades detectadas -incluída a fraude- nos casos relacionados coa xestión compartida e os fondos de axuda de preadhesión.
- **Proporcionar ferramentas para o intercambio de información e apoio ás actividades operativas no ámbito da asistencia administrativa mutua en materia aduaneira e agraria:** o terceiro compoñente abrangue o funcionamento e o mantemento do Sistema de Información Antifraude (que apoia a asistencia mutua dos Estados membros en materia aduaneira e agrícola); así como outras actividades apoiadas, como as operacións aduaneiras conxuntas, os cursos de formación e as reunións preparatorias ou de avaliación das accións operativas.

#### Beneficiarios

Autoridades públicas da UE que participan en actividades de loita contra a fraude.

#### Orzamento e intensidade das axudas

180 millóns de euros (prezos de 2021).

A porcentaxe de cofinanciamento das subvencións concedidas no marco do Programa non superará o 80 % dos gastos admisibles. Só se concederá financiamento por enriba deste límite en casos excepcionais e debidamente xustificadas, que se fixarán nos programas de traballo aos que se refire o artigo 11, e dito financiamento non superará o 90 % dos gastos admisibles.

#### Observacións

Proporciona financiamento en forma de subvencións e contratacións.

#### Ligazóns de interese

Sitio web do programa

Puntos de información a nivel europeo Organismo: OLAF

E-mail: [OLAF-FMB-HERCULE@ec.europa.eu](mailto:OLAF-FMB-HERCULE@ec.europa.eu)

## Cooperación en materia de Fiscalidade (Fiscalis)

### Ámbito temático MERCADO ÚNICO

#### Base legal

Regulamento (UE) 2021/847 do Parlamento Europeo e do Consello do 20 de maio de 2021 polo que se establece o Programa «Fiscalis» para a cooperación no ámbito da fiscalidade

Duración 2021-2027

Tipo de programa Xestión directa e indirecta

#### Organismo xestor

O programa execútase mediante xestión directa a través da Dirección Xeral de Fiscalidade e Unión Aduaneira (DG TAXUD)

#### Obxetivos

O programa apoia ás autoridades fiscais para mellorar o funcionamento do mercado interior, fomenta a competitividade da UE e a competencia leal, protexe os intereses financeiros e económicos da UE e os seus Estados membros, incluída a protección deses intereses contra a fraude, a evasión e a elusión fiscal, e mellora a recadación de impostos.

#### Eixes de actuación

- Fiscalis presta **apoio financeiro ás accións de desenvolvemento de capacidades informáticas**, en particular o desenvolvemento e funcionamento dos sistemas electrónicos europeos de fiscalidade, e fomenta a cooperación entre as autoridades fiscais nacionais mediante reunións e unha colaboración estruturada baseada en proxectos, como os grupos de proxectos e os equipos de expertos.
- O programa tamén presta **apoio financeiro ás competencias humanas** e a outras accións de desenvolvemento de capacidades, incluídas a formación e o intercambio de mellores prácticas, así como a outras accións como estudos, comunicación e actividades de innovación.

#### Beneficiarios

Estados membros da UE e terceiros países asociados ás autoridades fiscais do programa.

#### Orzamento e intensidade das axudas

270 millóns de euros (prezos de 2021).

O Programa poderá financiar ata o 100 % dos gastos subvencionables da acción.

#### Observacións

Proporciona financiamento en forma de subvencións e contratacións.

#### Ligazóns de interese

Web do programa

Puntos de información a nivel europeo Organismo: DG TAXUD  
E-mail: [TAXUD-fiscalis@ec.europa.eu](mailto:TAXUD-fiscalis@ec.europa.eu)

## Cooperación en materia de aduanas (Aduanas)

### Ámbito temático MERCADO ÚNICO

#### Base legal

Reglamento (UE) 2021/444 do Parlamento Europeo e do Consello de 11 de marzo de 2021 polo que se establece o programa Aduanas para a cooperación no ámbito aduaneiro

**Duración** 2021-2027

**Tipo de programa** Xestión directa

#### Organismo xestor

O programa execútase mediante xestión directa a través de Fiscalidade e Unión Aduaneira (TAXUD)

#### Obxectivos

O programa de cooperación en materia de aduanas contribúe a salvagardar os intereses financeiros da UE e dos Estados membros, e axuda ás administracións aduaneiras a protexer aos cidadáns contra as ameazas sanitarias, ambientais e doutro tipo na súa función de gardiáns da fronteira exterior da UE para as mercadorías.

#### Eixes de actuación

- **ADUANAS proporciona apoio financeiro ás accións de desenvolvemento de capacidades informáticas**, en particular o desenvolvemento e funcionamento dos sistemas electrónicos europeos para as aduanas, e fomenta a cooperación entre as autoridades aduaneiras nacionais a través de reunións e a colaboración estruturada baseada en proxectos, como os grupos de proxectos e os equipos de expertos.
- O programa tamén presta **apoi financeiro ás accións de desenvolvemento de capacidades e competencias humanas**, incluída a formación e o intercambio de mellores prácticas, así como a outras accións como estudos, comunicación e actividades de innovación.

#### Beneficiarios

Estados membros da UE e terceiros países asociados ás autoridades aduaneiras do programa.

#### Orzamento e intensidade das axudas

950 millóns de euros (prezos de 2021).

O Instrumento poderá financiar ata o 80 % do total de gastos subvencionables dunha acción. Calquera financiamento por enriba deste límite poderá concederse só en circunstancias excepcionais e debidamente xustificadas.

#### Observacións

Proporciona financiamento en forma de subvencións e contratacións.

#### Ligazóns de interese

#### Web do programa

**Puntos de información a nivel europeo** **Organismo:** TAXUD

**E-mail:** [taxud-customs-programme@ec.europa.eu](mailto:taxud-customs-programme@ec.europa.eu)

## Programa Espacial Europeo

### Ámbito temático (Cluster) ESPAZO

#### Base legal

Reglamento (UE) 2021/696 do Parlamento Europeo e do Consello do 28 de abril de 2021 polo que se crean o Programa Espacial da Unión e a Axencia da Unión Europea para o Programa Espacial

**Duración** 2021-2027

**Tipo de programa** Xestión directa

#### Organismo xestor

A Dirección Xeral de Industria de Defensa e Espazo (DG DEFIS) xunto coa Axencia Europea do GNSS (EUSPA), a Axencia Espacial Europea (ESA) e EUMETSAT.

#### Obxectivos

O programa espacial da UE financia a infraestrutura espacial e terrestre de Copérnico, Galileo, o Servizo Europeo de Navegación por Complemento Xeoestacionario (EGNOS) e o programa goberamental de comunicacións por satélite (GOVSATCOM). Aborda os urxentes retos da sociedade investindo en tecnoloxías avanzadas e innovación, prestando servizos útiles aos cidadáns e garantindo a autonomía estratéxica e a competitividade industrial da UE.

#### Eixes de actuación

O Programa Espacial da UE reúne todas as actividades espaciais existentes e novas nun único programa. As grandes iniciativas desenvolvidas ata agora no ámbito espacial, Galileo e EGNOS para a navegación por satélite e Copérnico para a observación da Terra, son xa plenamente operativos e ofrecen datos e servizos gratuítos e abertos en beneficio dos cidadáns, ás empresas e ás autoridades públicas da UE.

As novas iniciativas inclúen GOVSATCOM, que proporcionará unha comunicación por satélite fiable e segura, e Space Situational Awareness, que axudará a preservar os activos do Programa Espacial da UE e a reforzar os nexos entre o espazo, a seguridade e a defensa.

#### Beneficiarios

Industria espacial da UE, fabricantes, empresas e start-ups; científicos e académicos, etc.

#### Presupuesto e intensidade de las ayudas

14.880 millóns de euros (prezos de 2021).

A Unión poderá cubrir ata o 100 % dos custos admisibles, sen prexuízo do principio de cofinanciamento. A cantidade máxima de apoio financeiro que pode pagarse a terceiros non poderá ser superior a 200.000 euros.

#### Observacións

O programa proporciona financiamento en forma de subvencións e contratacións. As accións poderán implicar ou ter como obxectivo principal a contratación precomercial ou a contratación pública de solucións innovadoras, que se levará a cabo por beneficiarios que sexan poderes adxudicadores ou entidades adxudicadoras.

#### Ligazóns de interese

#### Web do programa

**Puntos de información a nivel europeo** **Organismo:** DG DEFIS

**E-mail:** [DEFIS-02@ec.europa.eu](mailto:DEFIS-02@ec.europa.eu)

## 4.2 Cohesión, Resiliencia e Valores

### Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

#### Ámbito temático DESENVOLVEMENTO REXIONAL E COHESIÓN

##### Base legal

Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión

**Duración** 2021-2027

**Tipo de programa** Xestión compartida

##### Organismo xestor

Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana (DG REGIO)

##### Obxectivos

Reforzar a cohesión económica, social e territorial da Unión Europea reducindo as disparidades económicas, sociais e territoriais entre as súas rexións e apoiando a plena integración das rexións menos desenvolvidas no mercado interior da UE.

##### Eixes de actuación

Os fondos FEDER apoian investimentos en áreas prioritarias. O FEDER, que se executa a través duns 300 programas nacionais, rexionais e interregionales, apoia investimentos en infraestruturas, investimentos produtivos en empresas e políticas públicas nunha serie de temas. En concreto, proporciona axuda para:

- Investimentos en infraestruturas;
- Actividades para a investigación aplicada e a innovación, en particular a investigación industrial, o desenvolvemento experimental e os estudos de viabilidade;
- Investimentos no acceso aos servizos;
- Investimentos produtivos en pemes e investimentos con obxecto de salvagardar o emprego existente e crear novos empregos;
- Equipos, software e activos inmateriais;
- Redes, cooperación, intercambio de experiencias e actividades que impliquen agrupacións de innovación, en particular entre empresas, organizacións de investigación e administracións públicas;
- Información, comunicación e estudos; e
- Asistencia técnica.

##### Beneficiarios

Entidades rexionais públicas e privadas, con especial atención ás rexións e zonas desfavorecidas, en particular as zonas rurais e as que sofren desvantaxes naturais ou demográficas e as rexións ultraperiféricas; e, indirectamente, os cidadáns da UE, as organizacións públicas ou privadas e as empresas.

##### Orzamento e intensidade das axudas

226.050 millóns de euros (prezos de 2021).

Nas rexións en transición, como Galicia, o FEDER pode financiar ata o 60 % do custo dun proxecto.

##### Observacións

O financiamento desembólsase en forma de subvencións, contratacións e instrumentos financeiros.

##### Ligazóns de interese

Comisión Europea

Xunta de Galicia- Consellería de Facenda

Fondos europeos en Galicia

**Puntos de información a nivel europeo** Organismo: DG REGIO

**E-mail:** [regio-a2-communication@ec.europa.eu](mailto:regio-a2-communication@ec.europa.eu)

##### Puntos de información a nivel nacional ou rexional

**Organismo:** Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos – Consellería de Facenda. Xunta de Galicia

**E-mail:** [dxpolfinanceira@xunta.gal](mailto:dxpolfinanceira@xunta.gal)

## Ámbito temático DESENVOLVEMENTO REXIONAL E COHESIÓN (FEDER)<sup>1</sup>

### Base legal

Regulamento (UE) 2021/1059 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 sobre disposicións específicas para o obxectivo de cooperación territorial europea (Interreg) que recibe apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e dos instrumentos de financiamento exterior

**Duración** 2021-2027

**Tipo de programa** Xestión directa

### Organismo xestor

Ministerio de Facenda e Función Pública - Dirección Xeral de Fondos Europeos

### Obxectivos

As autoridades nacionais de España e Portugal acordaron seleccionar para o Programa de Cooperación Transfronteiriza Interreg España-Portugal 21-27 un total de catro Obxectivos Políticos e un Obxectivo Específico Interreg: (1) "unha Europa máis intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente"; (2) "unha Europa máis verde e baixa en carbono, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a adaptación ao cambio climático e a prevención e a xestión de riscos"; (3) "unha Europa máis social, mediante a aplicación do pilar europeo de dereitos sociais"; (4) "unha Europa máis próxima aos seus cidadáns, fomentando o desenvolvemento integrado e sostible das zonas urbanas, rurais e costeiras e as iniciativas locais; (5), "unha mellor gobernanza Interreg".

### Eixes de actuación

Detállanse a continuación os eixes de actuación sobre os que se desdobran obxectivos específicos e tipos de accións:

- Fortalecer o espazo transfronteirizo aproveitando o potencial da cooperación para **mellorar a competitividade empresarial, consolidar o ecosistema científico e tecnolóxico, e fomentar a dixitalización**
- Fomentar a cooperación para **maximizar o aproveitamento dos recursos endóxenos do territorio e o desenvolvemento de sectores chave, avanzando na especialización intelixente.**
- **Impulsar a transición ecolóxica e a adaptación ao cambio climático do espazo transfronteirizo** a través da cooperación como ferramenta para fomentar as economías verde e azul.
- **Protexer e conservar a biodiversidade nos espazos naturais e valorizar os ecosistemas naturais e o medio ambiente urbano** do espazo transfronteirizo a través da cooperación.
- Potenciar a cooperación para o **desenvolvemento de condicións de vida atractivas no espazo fronteirizo en termos de inclusión social, de igualdade de oportunidades e de acceso a servizos públicos transfronteirizos.**
- Impulsar a través da cooperación transfronteiriza o **desenvolvemento de estratexias multisectoriais de desenvolvemento integrado e sostible.**
- Superar os obstáculos fronteirizos mediante a **aplicación dun enfoque transformador de gobernanza multinivel á cooperación transfronteiriza.**

### Beneficiarios

Organismos públicos e entidades privadas sen ánimo de lucro; entidades privadas con e sen ánimo de lucro activas nalgún dos seguintes eidos: investigación e innovación, dixitalización, desenvolvemento de capacidades, eficiencia enerxética, enerxías renovables, medio ambiente, protección e uso sostible dos recursos naturais, mellora do mercado laboral e a formación e mellora da sanidade.

### Orzamento e intensidade das axudas

427,5 millóns de euros (75% cofinanciado polo FEDER)

A intensidade da axuda máxima é do 80%.

### Observacións

Interreg POCTEP apoia proxectos de carácter transfronteirizo, que contan con, polo menos, dous beneficiarios de Estados membros diferentes. Os proxectos deben estar encadrados nunha única prioridade, ter un enfoque baseado en resultados e resultar compatibles coas políticas nacionais e comunitarias.

### Ligazóns de interese

Sitio web do programa

### Puntos de información a nivel europeo

**Organismo:** DG REGIO

**E-mail:** [regio-a2-communication@ec.europa.eu](mailto:regio-a2-communication@ec.europa.eu)

### Puntos de información a nivel nacional ou rexional

**Organismo:** Subdirección General de Cooperación Territorial Europea

**E-mail:** [fondoscomunitarios@sepg.minhap.es](mailto:fondoscomunitarios@sepg.minhap.es)

## Un exemplo galego

**Beneficiario** AGACAL (beneficiario principal)

**Acrónimo** FORVALUE

Consellería do Medio Rural (beneficiario)

Instituto de Estudos do Territorio (beneficiario)

Universidade de Santiago de Compostela (USC) (beneficiario)

Asociación Forestal de Galicia (beneficiario)

**Duración** 1 de xaneiro de 2018 – 5 de abril de 2022

**Orzamento** 1.370.130,15 € (orzamento)

1.027.597,62 € (subvención)

**Web** <https://forvalue.eu/>

### Resumen

Proxecto encadrado dentro do eixe "Prevención de riscos e mellora da xestión dos recursos naturais", cuxo obxectivo é aumentar a resiliencia do territorio fronte ao risco de incendios forestais nun contexto de cambio social e climático promovendo modelos de xestión innovadores, fomentando a implantación de fórmulas asociativas e favorecendo a coordinación transfronteiriza

1. Programa de cooperación territorial europea: cooperación transfronteiriza

## Ámbito temático DESENVOLVEMENTO REXIONAL E COHESIÓN (FEDER)<sup>2</sup>

### Base legal

Regulamento (UE) 2021/1059 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 sobre disposicións específicas para o obxectivo de cooperación territorial europea (Interreg) que recibe apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e dos instrumentos de financiamento exterior

**Duración** 2021-2027

**Tipo de programa** Xestión indirecta

### Organismo xestor

A Autoridade de Xestión é a Consellería de Economía e Facenda do Goberno de Cantabria. A xestión, execución e seguimento do Programa é realizada pola Sociedade Xestora do Programa Interreg Espazo Suroeste Europeo SL, (SOGIESE)

### Obxetivos

O Programa de Cooperación Interreg Europa Suroccidental (SUDOE) apoia proxectos de carácter transnacional que contén con beneficiarios dos Estados membros da UE que participan o Programa (España, Portugal, Francia e Principado de Andorra), baseados nunha necesidade ou problemática compartida neste territorio. Os proxectos deben posuír as condicións necesarias para xerar produtos concretos, medibles, duradeiros e realistas, identificados cun indicador de produtividade do Programa. Así mesmo, os resultados previstos polo proxecto deben claramente contribuír a un indicador de resultados do Programa

### Eixes de actuación

En definición

### Beneficiarios

Entidades públicas e privadas de España, Portugal, Andorra e as rexións de Nova Aquitania, Occitania y antiga Auvernia en Francia.

### Orzamento e intensidade das axudas

133 millóns de euros € (75% financiados por el FEDER)

A intensidade da axuda máxima é do 80%.

### Ligazóns de interese

**Sitio web do programa**

**Puntos de información a nivel europeo** **Organismo:** Secretaría Conxunta Sudoe

**E-mail:** [scsudoe@interreg-sudoe.eu](mailto:scsudoe@interreg-sudoe.eu)

### Puntos de información a nivel nacional ou rexional

**Organismo:** Ministerio de Facenda e Función Pública - Dirección Xeral de Fondos Comunitarios

**E-mail:** [jfernandezp@sepg.hacienda.gob.es](mailto:jfernandezp@sepg.hacienda.gob.es)

## Un exemplo galego

**Beneficiario** AIMEN (beneficiario principal)

**Acrónimo** VINIoT

Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL) (beneficiario)

Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) (beneficiario)

**Duración** 1 de outubro de 2019 – 30 de marzo de 2023

**Orzamento** 1.418.705,78 € (orzamento)

1.064.029,34 € (subvención)

**Web** <http://viniot.eu/>

### Resumo

Proxecto englobado dentro do eixe "Competitividade das pemes", cuxo obxectivo é a creación dun novo servizo tecnolóxico de monitorización de viñedos para pemes do sector vitivinícola do espazo SUDOE que permita avaliar, a tempo real, de forma precisa, e a distancia, o estado da uva e a detección de incidencias no viñedo (tales como as pragas ou necesidade de auga), de forma que estas poidan abordarse dun xeito rápido, reducindo así custos e mellorando a colleita.

2. Programa de cooperación territorial europea: cooperación transnacional

Ámbito temático DESENVOLVEMENTO REXIONAL E COHESIÓN (FEDER)<sup>3</sup>

**Base legal**

Regulamento (UE) 2021/1059 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 sobre disposicións específicas para o obxectivo de cooperación territorial europea (Interreg) que recibe apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e dos instrumentos de financiamento exterior

**Duración** 2021-2027 **Tipo de programa** Xestión indirecta

**Organismo xestor**

Dirección Xeral de Fondos Comunitarios (Ministerio de Facenda); Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos (Xunta de Galicia); Goberno de Cantabria (España)

**Obxetivos**

As autoridades nacionais acordaron seleccionar para o próximo Programa de Cooperación no Espazo Atlántico tres dos cinco obxectivos políticos da política rexional 21-27 e un Obxectivo Específico Interreg: (1) "unha Europa máis intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente; (2) "unha Europa máis verde e baixa en carbono, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a adaptación ao cambio climático e a prevención e a xestión de riscos"; (3) "unha Europa máis social"; (4) "unha mellor gobernanza para o Espazo Atlántico".

**Ejes de actuación**

Establécense tres prioridades para Espazo Atlántico 2021-2027. Cada prioridade asóciase a un dos obxectivos políticos anteriores:

- **Innovación azul para a competitividade**
- **Medio azul**
- **Turismo e cultura sostible**

**Beneficiarios**

Entidades públicas e privadas da fachada atlántica de Francia, España e Irlanda, e de todo Portugal

**Orzamento e intensidade das axudas**

141 millóns de euros (75% financiado por FEDER).  
A intensidade da axuda máxima é do 80%.

**Observacións**

Interreg Espazo Atlántico apoia proxectos de carácter transnacional que contén con, polo menos, tres socios situados na zona cuberta polo Programa (fachada atlántica de España, Francia, Irlanda e todo Portugal, incluíndo as illas Azores, Madeira e as Illas Canarias). Os proxectos deben encadrarse nun dos eixes de actuación do Programa.

**Ligazóns de interese** **Sitio web do programa**

**Puntos de información a nivel europeo** **Organismo:** Comissão de Coordenação e Desenvolvemento Regional do Norte (CCDR-N)  
**E-mail:** [ma@atlanticarea.eu](mailto:ma@atlanticarea.eu)

**Puntos de información a nivel nacional ou rexional**

**Organismo:** Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos  
**E-mail:** [maria.mar.estevez.mosquera@xunta.gal](mailto:maria.mar.estevez.mosquera@xunta.gal)

3. Programa de cooperación territorial europea: cooperación transnacional

**Un exemplo galego**

**Beneficiario** USC (beneficiario principal) **Acrónimo** AGRITOX  
Deputación de Pontevedra (beneficiario)  
CIFGA (beneficiario)

**Duración** 1 de abril de 2019 – 30 de xuño de 2022  
**Orzamento** 1,954,138.80 € (orzamento) 1.465.604,10 € (subvención)

**Web** <http://agritox.eu/>

**Resumo**

O principal obxectivo de Agritox é proporcionar ás industrias alimentarias e de pensos do Espazo Atlántico información e solucións técnicas para evitar a contaminación por micotoxinas, cuestión cada vez máis relevante debido á influencia do cambio climático. O consorcio está dirixido polo profesor Luís Botana e os científicos do grupo de investigación Farmatox, con sede na Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela (USC), Campus de Lugo.

## Ámbito temático DESENVOLVEMENTO REXIONAL E COHESIÓN (FEDER)<sup>4</sup>

### Base legal

Regulamento (UE) 2021/1059 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 sobre disposicións específicas para o obxectivo de cooperación territorial europea (Interreg) que recibe apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e dos instrumentos de financiamento exterior

**Duración** 2021-2027 **Tipo de programa** Xestión indirecta

### Organismo xestor

Consello Rexional de Hauts -de-France, Francia

### Obxetivos

Interreg Europe promove proxectos de cooperación entre diferentes áreas de Europa, dando cobertura a todo o territorio da Unión Europea cos seus 27 Estados membros, así como Noruega e Suíza.

O seu obxectivo é mellorar a aplicación das políticas de desenvolvemento rexional, promovendo o intercambio de experiencias, os enfoques innovadores e o desenvolvemento de capacidades en relación coa identificación, a difusión e a transferencia de boas prácticas entre os axentes da política rexional. Os beneficiarios poden cooperar en todos os temas de relevancia compartida en función das súas necesidades rexionais, sempre que estean encadrados no eido da política de cohesión.

### Eixes de actuación

Interreg Europe establece unha prioridade de actuación: reforzar as capacidades institucionais para lograr políticas de desenvolvemento rexional máis eficaces, e un obxectivo específico: mellorar a capacidade institucional das autoridades públicas, en particular as que teñen o mandato de xestionar un territorio específico, así como de outras partes interesadas.

Interreg Europe apoia dous tipos de accións complementarias:

- **Proxectos de cooperación interrexional.**
- Unha Plataforma de Aprendizaxe para o desenvolvemento de políticas públicas.

### Beneficiarios

Orzamento e intensidade das axudas

### Orzamento e intensidade das axudas

O orzamento total do programa é de 474.353.337 €

A intensidade da axuda máxima é do 80%.

**Ligazóns de interese** **Sitio web do programa**

**Puntos de información a nivel europeo** **Organismo:** Organismo: Secretaría Conxunta Interreg Europe (Lille, France)  
**Web de contacto**

### Puntos de información a nivel nacional ou rexional

**Organismo:** Ministerio de Facenda e Función Pública. María Teresa Tello Naya

**Web de contacto**

## Un exemplo galego

**Beneficiario** GAIN (beneficiario)

**Acrónimo** MARIE

**Duración** 1 de xaneiro de 2017 – 31 de decembro de 2021

**Orzamento** 1.906.85,5€ (orzamento)

1.620.826,75€ (subvención)

**Web** <https://www.interregeurope.eu/marie/>

### Resumo

O obxectivo de MARIE é mellorar as políticas públicas de apoio á aplicación da Investigación e Desenvolvemento Responsables (RRI) ao deseño, a produción e a distribución de produtos, procesos e servizos das empresas, a través de 3 tipos de accións de apoio: cuádruplo hélice, innovación aberta, información e ferramentas para a aplicación da RRI.

4. Programa de cooperación territorial europea: cooperación interregional

## Iniciativa Urbana Europea

### Ámbito temático DESENVOLVEMENTO REXIONAL E COHESIÓN (FEDER)

#### Base legal

Artigo 12 do Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión

**Duración** 2021-2027 **Tipo de programa** Xestión directa e indirecta

#### Organismo xestor

Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana (DG REGIO).

#### Obxetivos

A iniciativa ten coma obxectivo fortalecer os enfoques integrados e participativos do desenvolvemento urbano sostible. Para iso, facilitarase e apoiarase o desenvolvemento de capacidades dos axentes urbanos, as accións innovadoras, o intercambio de boas prácticas e a comunicación no eido do desenvolvemento urbano sostible.

#### Eixes de actuación

A Iniciativa Urbana Europea, (IUE) constará de tres capítulos:

- **Apoio ao desenvolvemento de capacidades das cidades**, facilitando e apoiando a cooperación e o desenvolvemento de capacidades dos actores urbanos. Este capítulo baséase na iniciativa URBACT e a Rede de Desenvolvemento Urbano (UDN) (20% do orzamento).
- **Apoio de actividades innovadora no eido do desenvolvemento urbano sostible**, que sexan transferibles e escalables. Este capítulo baséase nas Accións Innovadoras Urbanas (AIU) do período 14-20 (60% do orzamento).
- **Apoio ao coñecemento, a elaboración e desenvolvemento de políticas e a comunicación na área do desenvolvemento urbano sostible**. Os coñecementos prácticos, as experiencias e as leccións aprendidas capitalizaranse, compartiranse e difundiranse cos puntos de contacto nacionais e a través de talleres, conferencias e medios dixitais. Este capítulo prestará tamén apoio para a participación das autoridades locais nas asociacións temáticas desenvolvidas no marco da Axenda Urbana para a UE (20% do orzamento).

#### Beneficiarios

Entidades públicas e privadas, activas en materia de desenvolvemento urbano, con especial atención ás rexións e zonas desfavorecidas, en particular as zonas rurais e as que sofren desvantaxes naturais ou demográficas e as rexións ultraperiféricas.

#### Orzamento e intensidade das axudas

500 millóns de euros procedentes de FEDER (prezos de 2021).

#### Observacións

As medidas adoptadas no marco da Iniciativa Urbana Europea deben promover as conexións entre as zonas urbanas e rurais dentro das chamadas "zonas urbanas funcionais". A cooperación coa Rede Europea de Desenvolvemento Rural reviste unha especial importancia a este respecto

**Ligazóns de interese** **Web adicada ao Desenvolvemento Urbano de DG REGIO**

**Puntos de información a nivel europeo** **Organismo:** DG REGIO  
**E-mail:** [regio-a2-communication@ec.europa.eu](mailto:regio-a2-communication@ec.europa.eu)

**Puntos de información a nivel nacional ou rexional**  
**Organismo:** Subdirección Xeral de Xestión do Feder e FCI  
**E-mail:** [dxpolfinanceira@xunta.gal](mailto:dxpolfinanceira@xunta.gal)

## REACT-EU

### Ámbito temático DESENVOLVEMENTO REXIONAL E COHESIÓN

#### Base legal

Regulamento (UE) 2020/2221 do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de decembro de 2020 polo que se modifica o Regulamento (UE) n.o. 1303/2013 no que respecta aos recursos adicionais e as disposicións de execución a fin de prestar asistencia para favorecer a reparación da crise no contexto da pandemia da Covid-19 e as súas consecuencias sociais e para preparar unha recuperación verde, dixital e resiliente da economía (REACT UE)

**Duración** 2021-2022 **Tipo de programa** Xestión compartida

#### Organismo xestor

REACT-EU execútase mediante xestión compartida entre a Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana (DG REGIO) e os Estados membros.

#### Obxetivos

Proporcionar financiamento adicional dende 2020 a 2022 para os actuais programas de cohesión 2014-2020 no marco do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e o Fondo Social Europeo, así como para o Fondo de Axuda Europea ás Persoas máis Desfavorecidas.

#### Eixes de actuación

A metodoloxía de asignación deste financiamento ten en conta plenamente o impacto económico e social da crise nos países da UE, reflectindo a caída do PIB e o aumento do desemprego, mesmo entre os mozos, así como a riqueza relativa dos países.

Para garantir que os recursos adicionais poidan dirixirse xeograficamente ás zonas nas que o apoio é máis necesario, como caso excepcional e sen prexuízo das asignacións normais da política de cohesión, excepcionalmente os recursos adicionais non se reparten por categorías de rexións.

Estes recursos adicionais distribúense aos Estados membros en 2021 e 2022 con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo Social Europeo (FSE), o Fondo Europeo de Axuda ás Persoas máis Desfavorecidas (FEAD), así como a Iniciativa de Emprego Xuvenil (IEJ). Tamén poden financiarse medidas de asistencia técnica.

No caso de Galicia, o programa operativo FEDER 14-20 modificouse para incluír 305 M€ de REACT-EU destinados a:

- Fomento da investigación e innovación sanitaria no ámbito dos produtos e servizos para os servizos de saúde (9,5%).
- Apoio a investimentos que contribúan á transición cara a unha economía dixital (24,1%).
- Apoio en forma de capital circulante ou de apoio ao investimento para os investimentos das pemes en sectores cun elevado potencial de creación de emprego e apoio a sectores especialmente afectados pola crise da Covid-19 (7,8% e 6,6%, respectivamente).
- Apoio aos investimentos que contribúan á transición cara a unha economía verde (24,0%).
- Apoio aos investimentos en infraestruturas que presten servizos básicos aos cidadáns, especialmente no ámbito sanitario (24,8%).
- Asistencia técnica (3,1%).

O programa operativo FSE 14-20 de Galicia, pola súa banda, foi modificado para incluír 91M€ destinados a:

- Apoio para o acceso ao mercado de traballo, a creación de postos de traballo e o emprego de calidade (76,8%). Financiaranse políticas relacionadas principalmente co mantemento do emprego, tanto en autónomos como en micropemes, e de apoio e reactivación do emprego feminino.
- Apoio para o acceso ao mercado de traballo das persoas en situación de vulnerabilidade, o acceso aos sistemas sociais e as medidas de inclusión social e erradicación da pobreza (20,1% da axuda). Impulsaranse medidas dirixidas a loitar contra a desigualdade e a exclusión social dos colectivos máis vulnerables, e reforzaranse as accións para a loita contra a violencia de xénero, trata de seres humanos con fins de explotación sexual e promoción de recursos para mulleres en situación de especial vulnerabilidade.
- Asistencia técnica (3,1%).

**Beneficiarios**

Autoridades públicas dos Estados membros e, indirectamente, cidadáns da UE, organizacións públicas ou privadas e empresas.

**Orzamento e intensidade das axudas**

50.620 millóns de euros de NextGenerationEU (prezos de 2021).

Porcentaxe de cofinanciamento de ata o 100 % para os distintos eixes prioritarios dos programas operativos que reciben apoio dos recursos REACT-EU.

**Observacións**

O financiamento desembólsase como reforzo do financiamento da política de cohesión 2014-2020 en forma de subvencións, contratacións e instrumentos financeiros.

**Ligazóns de interese**

**Web do programa**

**Modificación do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020**

**Modificación do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020**

**Principio de asociación REACT-EU (Xunta de Galicia)**

**Puntos de información a nivel europeo**

**Organismo:** DG REGIO

**E-mail:** [regio-a2-communication@ec.europa.eu](mailto:regio-a2-communication@ec.europa.eu)

**Puntos de información a nivel nacional ou rexional**

**Consellería de Facenda. Principio de Asociación REACT-EU**

**Web de información**

**E-mail:** [programacionffg@xunta.gal](mailto:programacionffg@xunta.gal)

**Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)**

**Ámbito temático RECUPERACIÓN E RESILIENCIA**

**Base legal**

**Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia**

**Duración** 2021-2026

**Tipo de programa** Xestión directa

**Organismo xestor**

Comisión Europea. Dirección Xeral de Asuntos Económicos e Financeiros (DG ECFIN)

**Obxetivos**

Mitigar o impacto económico e social da pandemia do coronavirus e facer que as economías e sociedades da UE sexan máis sostibles, resistentes e estean mellor preparadas para os retos e oportunidades das transicións verde e dixital.

**Eixes de actuación**

O Mecanismo proporcionará apoio aos Estados membros para apoiar os investimentos e reformas públicas recollidas nos Plans Nacionais de Recuperación e Resiliencia. En España, o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) foi aprobado pola UE en xullo de 2020. Comprende 10 políticas panca que constan de varios Compoñentes (30 en total), que, á súa vez, divídense en 110 Investimentos e 102 Reformas para o período 2021-2023.

Estas son as 10 políticas panca ou grandes eixes de actuación:

1. Axenda urbana e rural, a loita contra o despoboamento e o desenvolvemento da agricultura (16% dos recursos)
2. Impulso as infraestruturas e os ecosistemas resilientes, (12%)
3. A transición enerxética xusta e inclusiva (9%)
4. Promoción dunha administración para o século XXI que actúe como motor dos cambios tecnolóxicos (5%)
5. A modernización e dixitalización do ecosistema das empresas (17%)
6. O Pacto pola ciencia e a innovación e o reforzo do Sistema Nacional de Saúde (17%).
7. A educación e o coñecemento, a formación continua e o desenvolvemento de capacidades (18%).
8. A nova economía dos cuidados e políticas de emprego (6%).
9. O desenvolvemento da cultura e o deporte (1,1%).
10. E unha modernización do sistema fiscal

**Beneficiarios**

Estados membros da UE; e, indirectamente, cidadáns da UE, organizacións públicas ou privadas e empresas.

**Orzamento e intensidade das axudas**

723.820 millóns de euros de NextGenerationEU (337.970 millóns de euros en subvencións e 385.850 millóns de euros en préstamos) (prezos de 2021). O PRTR está dotado de 69.500 millóns de euros procedentes das transferencias que a UE fará a España segundo vaia cumprindo os fitos e obxectivos recollidos no plan.

**Observacións**

O financiamento desembólsase aos Estados membros en forma de apoio financeiro non reembolsable e préstamos.

**Ligazóns de interese**

**Web do MRR**

## Mecanismo de Recuperación y Resiliencia (MRR)

**Puntos de información a nivel europeo** Organismo: RECOVER  
E-mail: [EC-RECOVER@ec.europa.eu](mailto:EC-RECOVER@ec.europa.eu)

### Puntos de información a nivel nacional ou rexional

**Organismo:** Goberno de España. Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática

**Web de información**

## Instrumento de Apoio Técnico (IAT)

### Ámbito temático RECUPERACIÓN E RESILIENCIA

#### Base legal

**Regulamento (UE) 2021/240 do Parlamento Europeo e do Consello do 10 de febreiro de 2021 polo que se establece un instrumento de apoio técnico**

**Duración** 2021-2027 **Tipo de programa** Xestión directa e indirecta

#### Organismo xestor

O Instrumento de Apoio Técnico execútase principalmente en réxime de xestión directa, en particular a través de Dirección Xeral de Apoio ás Reformas Estruturais (DG REFORM). Nalgúns casos, execútase mediante xestión indirecta, encomendando tarefas a organizacións internacionais ou outros organismos de conformidade co Regulamento Financeiro.

#### Objetivos

O IAT ofrece apoio ás administracións públicas para a execución de reformas en 13 áreas prioritarias (*flagship technical support projects*) como a cooperación entre rexións, a integración de migrantes ou o turismo. O seu obxectivo último é promover a cohesión económica, social e territorial da UE a través das reformas que sexan necesarias para lograr a recuperación económica e social.

#### Eixes de actuación

O tipo de accións que poden financiarse no marco do Instrumento de Apoio Técnico inclúe, entre outras cousas:

- A **provisión de expertos a curto ou longo prazo**, para prestar asesoramento na formulación de estratexias e **reformas legislativas, institucionais, estruturais e administrativas**
- El **desarrollo de capacidades y las acciones de apoyo correspondientes en todos los niveles de gobernanza**, contribuyendo también a la capacitación de la sociedad civil.

#### Beneficiarios

As administracións públicas dos Estados membros.

#### Orzamento e intensidade das axudas

860 millóns de euros (prezos de 2021). O IAT aumenta o seu orzamento 115 M€ por ano en comparación cos 70 dispoñibles anteriormente.

O cofinanciamento das subvencións poderá ascender ao 100 % dos custos subvencionables.

#### Observacións

O Instrumento de Apoio Técnico é sucesor do programa de apoio ás reformas estruturais 2017-2020 (SRSP), que en España apoiou 36 proxectos, como o desenvolvemento de solucións para a asistencia médica a distancia, o deseño de estratexias para a protección do litoral e zonas costeiras no Mediterráneo ou a creación dun sistema de xestión electrónica dos expedientes xudiciais.

#### Enlaces de interés Web do programa

**Puntos de información a nivel europeo** Organismo: DG REFORM  
E-mail: [REFORM-TSI@ec.europa.eu](mailto:REFORM-TSI@ec.europa.eu)  
[Judith.ROZSA@ec.europa.eu](mailto:Judith.ROZSA@ec.europa.eu)

## Protección do euro contra a falsificación (Pericles IV)

### Ámbito temático RECUPERACIÓN E RESILIENCIA

#### Base legal

Regulamento (UE) 2021/840 do Parlamento Europeo e do Consello do 20 de maio de 2021 polo que se establece un programa en materia de intercambios, asistencia e formación para a protección do euro contra a falsificación de moeda para o período 2021-2027 (programa «Pericles IV»)

**Duración** 2021-2027

**Tipo de programa** Xestión directa

#### Organismo xestor

Dirección Xeral de Asuntos Económicos e Financeiros (DG ECFIN)

#### Obxetivos

Previr e combater a falsificación e as fraudes conexas, así como preservar a integridade dos billetes e moedas en euros. Reforzar a confianza dos cidadáns e as empresas na autenticidade dos billetes e moedas e aumentar a confianza na economía da UE, garantindo ao mesmo tempo a sustentabilidade das finanzas públicas.

#### Eixes de actuación

O programa apoiará:

- O intercambio e a difusión de información, en particular mediante a organización de talleres, reunións e seminarios, incluída a formación, as prácticas específicas e os intercambios de persoal das autoridades nacionais competentes e outras accións similares.
- A asistencia técnica, científica e operativa que resulte necesaria no marco do programa.
- Adquisición de equipos que sexan utilizados polas autoridades especializadas na loita contra a falsificación de terceiros países para protexer o euro contra a falsificación.

#### Beneficiarios

Autoridades dos Estados membros da UE.

#### Orzamento e intensidade das axudas

6 millóns de euros (prezos de 2021).

A porcentaxe de cofinanciamento para as subvencións concedidas en virtude do programa Pericles IV non superará o 75 % dos gastos subvencionables, con carácter xeral.

#### Observacións

Os fondos desembólsanse en forma de subvencións concedidas ás autoridades nacionais da UE dentro e fóra da zona do euro.

#### Ligazóns de interese

#### Web do programa

#### Puntos de información a nivel europeo

**Organismo:** DG ECFIN

**E-mail:** [ECFIN-PERICLES@ec.europa.eu](mailto:ECFIN-PERICLES@ec.europa.eu)

**Web de contacto**

## Mecanismo de Protección Civil (rescEU)

### Ámbito temático RECUPERACIÓN E RESILIENCIA

#### Base legal

Regulamento (UE) 2021/836 do Parlamento Europeo e do Consello do 20 de maio de 2021 polo que se modifica a Decisión n.o. 1313/2013/UE relativa a un Mecanismo de Protección Civil da Unión

**Duración** 2021-2027

**Tipo de programa** Xestión directa e indirecta

#### Organismo xestor

DG ECHO, aínda que con algúns posibles recursos de xestión indirecta tras unha recente revisión legislativa.

Cando se activa o mecanismo, o Centro de Coordinación da Resposta de Emerxencia (ERCC) canaliza a axuda proporcionada polos Estados membros e os Estados participantes.

#### Obxetivos

Reforzar a cooperación entre a UE e os seus Estados membros no eido da protección civil, para mellorar tanto a protección fronte ás catástrofes como a xestión dos riscos actuais e emerxentes. Tamén fomenta a cooperación internacional en materia de protección civil.

#### Eixes de actuación

O Mecanismo de Protección Civil da Unión comprende tres tipos de actividades:

- **Prevenición:** as actividades de prevención e preparación mitigan os efectos das catástrofes. Un programa de formación para expertos en protección civil dos estados membros da UE e dos estados participantes garante a compatibilidade e a complementariedade entre os equipos de intervención, mentres que os exercicios a gran escala adestran as capacidades para catástrofes específicas cada ano.
- **Preparación:** coa reforma de 2019, a Comisión propuxo rescEU como parte das accións de preparación no marco do mecanismo da unión. rescEU é unha reserva europea de capacidades que inclúe unha frota de avións e helicópteros de extinción de incendios, avións de evacuación médica, así como unha reserva de equipos médicos e hospitais de campaña que poden responder a emerxencias sanitarias.
- **Resposta:** despois dunha solicitude de asistencia por parte dun estado membro ou un terceiro país a través do mecanismo da Unión, o Centro de Coordinación da Resposta a Emerxencias (ERCC) mobiliza a asistencia ou os coñecementos técnicos. Ademais, o ERCC supervisa os acontecementos en todo o mundo as 24 horas do día e garante o rápido despregamento da axuda de emerxencia a través dunha conexión directa coas autoridades nacionais de protección civil. Os equipos especializados e o material poden ser mobilizados a curto prazo para o seu despregamento dentro e fóra de Europa.

#### Beneficiarios

Entidades públicas e privadas da UE, corpos nacionais de protección civil, organizacións sanitarias, empresas, etc.

#### Orzamento e intensidade das axudas

1.260 millóns de euros, + 2.060 millóns de euros de NextGenerationEU (prezos de 2021).

#### Observacións

Os activos de rescEU son acollidos polos Estados membros e os estados participantes, e financiados polo orzamento da UE en forma de subvencións e adquisicións.

#### Ligazóns de interese

#### Web do programa

#### Puntos de información a nivel europeo

**Organismo:** European Civil Protection and Humanitarian Aid Operations

**Web de contacto**

#### Puntos de información a nivel nacional ou rexional

**Organismo:** Ministerio del Interior

**Web de contacto**

**Base legal**

**Regulamento (UE) 2021/522 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de marzo de 2021 polo que se establece un programa de acción da Unión no ámbito da saúde («programa EU4HEALTH») para o período 2021-2027**

**Duración** 2021-2027 **Tipo de programa** Xestión directa e indirecta

**Organismo xestor**

O programa execútase mediante xestión directa, principalmente a través da Axencia Executiva Europea nos ámbitos da Saúde e Dixital (HaDEA), ou mediante xestión indirecta a través de organizacións internacionais que traballen no eido da saúde.

**Obxetivos**

UEproSaúde, máis coñecido como EU4HEALTH nas súas siglas en inglés, é a ambiciosa resposta da UE á Covid-19 e irá máis aló da resposta á crise para abordar a resiliencia dos sistemas sanitarios. O programa aplicará, na medida do posible, o enfoque de "Unha soa saúde", recoñecendo que a saúde humana está relacionada coa saúde animal e o medio ambiente.

**Eixes de actuación**

En resposta á complexidade dos problemas de saúde, EU4HEALTH apoia unha ampla gama de accións e iniciativas en catro ámbitos de actuación xerais:

- **Mellorar e fomentar a saúde na Unión** prevención de enfermidades e promoción da saúde; iniciativas internacionais en materia de saúde e cooperación
- **Facer fronte ás ameazas transfronteirizas para a saúde:** prevención, preparación e resposta ás ameazas transfronteirizas para a saúde; complementar o almacenamento nacional de produtos esenciais relacionados coa crise; crear unha reserva de persoal médico, sanitario e de apoio.
- **Mellorar os medicamentos, os produtos sanitarios e os produtos pertinentes para atallar as crises:** facilitar medicamentos, produtos sanitarios e produtos pertinentes para a crise, e garantir que sexan alcanzables.
- **Reforzar os sistemas sanitarios, a seu resiliencia e a eficiencia dos recursos:** reforzar os datos sanitarios, as ferramentas e os servizos dixitais, transformación dixital da asistencia sanitaria; mellorar o acceso á asistencia sanitaria; desenvolver e aplicar a lexislación sanitaria da UE e tomar decisións baseadas en probas; traballo integrado entre os sistemas nacionais de saúde.

EU4HEALTH busca facilitar o camiño cara a unha Unión Europea da Saúde investindo en prioridades sanitarias urxentes como:

- a resposta á crise da Covid-19 e o reforzo da resiliencia da UE fronte ás ameazas transfronteirizas para a saúde
- o Plan Europeo de Loita contra o Cancro, e
- Estratexia Farmacéutica para Europa
- outras áreas, como a dixitalización dos sistemas sanitarios, a redución do número de infeccións resistentes aos antimicrobianos e a mellora das taxas de vacinación.

A UE ampliará as iniciativas que deron bos resultados, como as redes europeas de referencia para as enfermidades raras, e seguirá perseguindo a cooperación internacional en relación coas ameazas e os retos mundiais en materia de saúde.

**Beneficiarios**

Organizacións sanitarias e ONGs de países da UE ou de países non pertencentes á UE asociados ao programa.

**Orzamento e intensidade das axudas**

2.450 millóns de euros, + 3.300 millóns de euros procedentes das multas impostas pola UE por incumprimento das normas en materia de Competencia (prezos de 2021).

As subvencións financiadas pola Unión non excederán do 60 % dos gastos subvencionables para unha acción relativa a un obxectivo do Programa ou para o funcionamento dun organismo non gobernamental. En caso de interese excepcional, a contribución da Unión poderá acadar o 80 % dos gastos subvencionables. Considerarase que as accións que teñan un claro valor engadido da Unión teñen un interese excepcional.

No caso das subvencións directas contempladas sen convocatoria de propostas ás redes europeas de referencia ou para o financiamento de accións da OMS, ditas subvencións poderán cubrir ata o 100 % dos gastos subvencionables.

**Observacións**

O financiamento desembólsase en forma de subvencións, premios e contratacións. Poden firmarse subvencións directas con organizacións internacionais que traballen no eido da saúde.

**Ligazóns de interese** **Web do programa**

**Puntos de información a nivel europeo** **Organismo:** HaDEA  
**Web de contacto**

## Ámbito temático INVESTIR NAS PERSOAS, COHESIÓN SOCIAL E VALORES

## Base legal

Regulamento (UE) 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+)

**Duración** 2021-2027 **Tipo de programa** Xestión compartida y gestión directa

## Organismo xestor

O FSE+ aplícase en xestión compartida, directa e indirecta. Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión (DG EMPL) lidera por parte da Comisión.

## Objetivos

O Fondo Social Europeo Plus (FSE+) é o principal instrumento financeiro para o fomento de investimentos aliñados co Obxectivo Político 4: "Unha Europa máis social en aplicación ao Piar Europeo de Dereitos Sociais". O FSE+ xunta catro instrumentos de financiamento que estaban separados no período de programación anterior: o Fondo Social Europeo (FSE), o Fondo de Axuda Europea para as Persoas Máis Desfavorecidas (FEAD), a Iniciativa de Emprego Xuvenil (IEJ), e o programa da UE para o Emprego e a Innovación Social (EaSI).

O FSE+ contribúe ás políticas de emprego, sociais, educativas e de capacitación da UE, incluídas as reformas estruturais nestes ámbitos Tamén constitúe unha das pedras angulares da recuperación socioeconómica da UE trala pandemia do coronavirus. Como parte da política de cohesión, o FSE+ tamén continuará a súa misión de apoiar a cohesión económica, territorial e social na UE, reducindo as disparidades entre os Estados membros e as rexións.

## Eixes de actuación

O FSE+ consta de dous capítulos:

- As **intervencións descritas nos programas nacionais e rexionais**, en educación e formación profesional, políticas activas do mercado laboral, desenvolvemento de capacidades dos servizos públicos de emprego, actividades de inclusión social, distribución de alimentos e bens, etc. No apartado de Ligazóns de interese inclúese o acceso á Estratexia FSE+ do Goberno de España.
- **EaSI** é un instrumento de financiamento a nivel europeo xestionado directamente pola Comisión para apoiar o emprego, a política social e a mobilidade laboral en toda a UE.

## Beneficiarios

Ampla gama de organizacións, tanto do sector público como do privado; nomeadamente, autoridades rexionais e locais, empresas sociais, asociacións transfronteirizas, así como interlocutores sociais e organizacións da sociedade civil.

## Orzamento e intensidade das axudas

99.260 millóns de euros (prezos de 2021).

O capítulo en réxime de xestión compartida conta cun orzamento de aproximadamente 98.500 millóns de euros.

O capítulo de Emprego e Innovación Social (EaSI) conta cun orzamento de preto de 762 millóns de euros.

As taxas de cofinanciamento varían entre o 50 % e o 85 % (95 % en casos excepcionais) dos custos totais dos proxectos.

## Observacións

O financiamento desembólsase en forma de subvencións, adquisicións e instrumentos financeiros

O capítulo de Emprego e Innovación Social (EaSI) do FSE+ apoia as actividades analíticas (enquisas, estudos, datos estatísticos, metodoloxías, clasificacións, microsimulacións, indicadores, apoio aos observatorios e puntos de referencia a nivel europeo) para promover a elaboración de políticas, fundamentadas en datos, nos eidos do emprego e a política social.

EaSI tamén apoia ensaios, experimentacións sociais e solucións innovadoras co obxectivo de transferir e ampliar boas prácticas, así como o desenvolvemento do ecosistema de mercado relacionado co microfinanciamento para as microempresas e a aparición dun mercado de investimento social.

No marco de EaSI, a sociedade civil, as administracións, as institucións de seguridade social e os servizos de emprego, así como as institucións de microfinanciamento e as institucións que proporcionan financiamento ás empresas sociais ou a outros actores do investimento social, poden beneficiarse de actividades de creación de redes e de desenvolvemento de capacidades na cooperación transnacional.

Para contrarrestar as deficiencias do mercado laboral e desenvolver un mercado laboral integrado na UE, fináncianse iniciativas de cooperación transnacional, asociacións transfronteirizas e servizos en rexións transfronteirizas, así como plans de mobilidade laboral específicos a escala da UE co fin de cubrir as vacantes nas que se detectaron "desequilibrios" nos mercados laborais.

As actividades de comunicación e difusión son tamén unha parte crucial do programa, especialmente a aprendizaxe mutua a través do intercambio de boas prácticas, os enfoques innovadores, as revisións por pares e a avaliación comparativa, pero tamén as guías de eventos, os informes, o material informativo e a cobertura mediática.

A Comisión Europea executa o capítulo EaSI mediante subvencións e contratacións públicas. As actividades que se financian defínense nun programa de traballo que pode consultarse no apartado de Ligazóns de interese, e no sitio web de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión

## Ligazóns de interese Web do fondo

**Programas de traballo de EaSI na web de Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión  
A estratexia FSE+ do goberno de España**

## Puntos de información a nivel europeo Organismo: DG EMPL

**E-mail:** [EMPL-F1-UNIT@ec.europa.eu](mailto:EMPL-F1-UNIT@ec.europa.eu).

**Para consultas relacionadas con EaSI:**

**E-mail:** [EMPL-EaSI@ec.europa.eu](mailto:EMPL-EaSI@ec.europa.eu)

## Puntos de información a nivel nacional ou rexional

**Organismo:** Unidade Administradora do FSE (UAFSE)

**Web de contacto**

## Fondo Europeo de Adaptación á Globalización para Traballadores Despedidos (FEAG)

### Ámbito temático INVESTIR NAS PERSOAS, COHESIÓN SOCIAL E VALORES<sup>5</sup>

#### Base legal

Regulamento (UE) 2021/691 do Parlamento Europeo e do Consello do 28 de abril de 2021 relativo ao Fondo Europeo de Adaptación á Globalización para Traballadores Despedidos (FEAG)

**Duración** 2021-2027

**Tipo de programa** Xestión compartida

#### Organismo xestor

Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión (DG EMPL) lidera por parte da Comisión.

#### Obxetivos

O FEAG ofrece apoio aos traballadores despedidos e aos traballadores por conta propia que cesen nas súas actividades no transcurso de reestruturacións importantes.

#### Eixes de actuación

Como norma xeral, os Estados membros poden solicitar contribucións financeiras do FEAG para medidas destinadas a traballadores despedidos e traballadores por conta propia en caso de reestruturacións laborais importantes. Concretamente:

- cando unha única empresa (incluídos os seus provedores e os transformadores dos seus produtos) despide a máis de 200 traballadores.
- nos mercados laborais de pequena escala, en particular con respecto ás solicitudes nas que participen pemes, sempre que os despedimentos teñan un grave impacto no emprego e na economía local, rexional ou nacional, ou en circunstancias excepcionais.

O FEAG súmase aos servizos existentes de asistencia no mercado de traballo proporcionando medidas personalizadas aos desempregados.

#### Beneficiarios

Os beneficiarios últimos son traballadores despedidos demandantes de emprego pouco cualificados e desfavorecidos que deban facer fronte a novos retos no mercado laboral

#### Orzamento e intensidade das axudas

O FEAG ten un orzamento anual de 210 millóns de euros (a prezos de 2021). Trátase dun instrumento especial e flexible á marxe do marco financeiro plurianual, dado que o seu obxectivo é proporcionar axuda en situacións de emerxencia, como complemento da asistencia máis anticipatoria que ofrece o FSE+.

Pode financiar entre o 60% e o 85% do custo dos proxectos concibidos para axudar aos traballadores despedidos a atopar un novo emprego ou a crear a súa propia empresa.

#### Observacións

As intervencións do FEAG lévanas a cabo as administracións nacionais ou rexionais. Cada proxecto ten unha duración de dous anos.

O FEAG pode cofinanciar medidas tales como:

- asistencia na procura de emprego;
- orientación profesional;
- educación, formación e reciclaxe profesional;
- titoría e asesoramento individual;
- emprendemento e creación de empresas.

## Fondo Europeo de Adaptación á Globalización para Traballadores Despedidos (FEAG)

Tamén pode proporcionar axudas á formación, dietas ou axudas similares, o que inclúe axudas para servizos de asistencia, subsidios de mobilidade e de recolocación, e incentivos á contratación destinados aos empregadores.

O FEAG non cofinancia medidas de protección social como as pensións ou as prestacións de desemprego.

O FEAG non se mobilizará cando os empregados do sector público sexan despedidos como consecuencia de recortes orzamentarios efectuados por un Estado membro.

En que se diferencia o FEAG dos Fondos Estruturais e de Investimento da UE? O FEAG proporciona aos traballadores axudas puntuais e individuais, de duración limitada, mentres que o Fondo Social Europeo Plus adopta unha perspectiva máis estratéxica e a longo prazo, anticipando e xestionando o cambio a través de actividades como a aprendizaxe permanente.

#### Ligazóns de interese

#### Web do fondo

**Puntos de información a nivel europeo** Organismo: DG EMPL

**E-mail:** [EMPL-EGF@ec.europa.eu](mailto:EMPL-EGF@ec.europa.eu)

#### Puntos de información a nivel nacional ou rexional

**Organismo:** Unidad Administradora del FSE (UAFSE).

**Puntos nacionais de contacto:** Victoria BERROCAL RUIZ y Guzmán GARCÍA GONZALEZ-POSADA

**E-mail:** [vberrocal@mites.gob.es](mailto:vberrocal@mites.gob.es) / [ggarciagp@mites.gob.es](mailto:ggarciagp@mites.gob.es)

<sup>5</sup> O FEAG é un fondo reactivo á marxe do MFP, aínda que en base á súa temática incorporouse nesta sub-rúbrica, no marco desta guía.

## Ámbito temático INVESTIR NAS PERSOAS, COHESIÓN SOCIAL E VALORES

### Base legal

Regulamento (UE) 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello do 20 de maio de 2021 polo que se establece Erasmus+, o Programa da Unión para a educación e a formación, a mocidade e o deporte

**Duración** 2021-2027 **Tipo de programa** Xestión directa e indirecta

### Organismo xestor

Dirección Xeral de Educación, Mocidade, Deporte e Cultura (DG EAC), en cooperación con Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión (DG EMPL) e a Axencia Executiva no ámbito Educativo, Audiovisual e Cultural (EACEA). Algunhas partes do programa execútanse en xestión indirecta co apoio das Axencias Nacionais Erasmus+.

### Obxetivos

Erasmus+ é o programa da UE para apoiar a educación, a formación, a mocidade e o deporte en Europa.

### Eixes de actuación

Os obxectivos do programa perseguiranse a través do tres accións clave seguintes, que á súa vez apoiarán accións en cada ámbito do programa (educación e formación xuventude e deporte).

- **Mobilidade na aprendizaxe ("acción clave 1"):** mobilidade de estudantes e persoal, actividades de participación dos mozos, DiscoverEU, oportunidades de aprendizaxe de idiomas a través de actividades de mobilidade no estranxeiro.
- **Cooperación entre organizacións e institucións ("acción clave 2"):** asociación para a cooperación, asociación para a excelencia, asociación para a innovación; proxectos de desenvolvemento de capacidades no ámbito da mocidade, eventos deportivos sen ánimo de lucro, plataformas en liña como eTwinning, Plataforma Electrónica para a Formación de Adultos en Europa (EPALE), Plataforma Dixital da ensinanza de Europa (School Education Gateway)...
- **Apoio ao desenvolvemento de políticas e á cooperación ("acción clave 3"):** acción "European Youth Together", dirixida a organizacións xuvenís de base que queiran establecer asociacións transfronteirizas, é dicir, que pretendan engadir unha dimensión europea ás súas actividades; acción que fomenten o diálogo político coas partes interesadas dentro e fóra da Unión Europea.

Os obxectivos tamén se perseguirán a través das **accións Jean Monnet**, que apoian o ensino, a aprendizaxe, a investigación e os debates sobre cuestións de integración europea, incluídos os futuros retos e oportunidades da Unión. Jean Monnet consta de tres accións: (1) ensino superior; (2) educación e formación e (3) a acción de apoio ás institucións designadas

### Beneficiarios

Estudantes, investigadores, universidades e todo tipo de entidades activos nos ámbitos de educación, formación, xuventude e deporte na UE e os países asociados.

### Orzamento e intensidade das axudas

24.570 millóns de euros, + 1.940 millóns de euros procedentes das multas impostas pola UE por incumprimento das normas en materia de Competencia (prezos de 2021).

### Observacións

O financiamento desembólsase en forma de subvencións, premios e contratacións.

**Ligazóns de interese** **Web do programa**

**Puntos de información a nivel europeo** **Organismo:** DG EAC  
**E-mail:** [EAC-Digital-Services@ec.europa.eu](mailto:EAC-Digital-Services@ec.europa.eu)

### Puntos de información a nivel nacional ou rexional

**Organismos:** Servizo Español para a internacionalización da Educación (SEPIE), para o ámbito da educación e a formación; e a Axencia Nacional Española (ANE), integrada no Instituto da Mocidade (INJUVE) para o ámbito mocidade

**Web de contacto SEPIE**

**Web de contacto INJUVE**

## Un exemplo galego

**Beneficiario** Concello de Outes (coordinador)

CESGA (beneficiario)

**Acrónimo** e-InnoEduCO2activity One Health

USC (beneficiario)

**Duración** 1 de marzo de 2021 – 28 de febreiro de 2023

**Presupuesto** 251.305 € (orzamento e subvención)

**Web** [Ficha do programa](#)

### Resumo

Este proxecto da acción clave 2 ten como obxectivos xerais deseñar un modelo pedagóxico STE(A)M-TIC adaptado á formación telemática de era Covid-19 e ás necesidades curriculares de experimentación científica, desenvolver deseños experimentais que permitan seguir as prácticas científicas de xeito telemático, e reflexionar sobre o risco da presenza nos océanos de microorganismos que afectan a animais de consumo humano. Para isto, no marco deste proxecto levaranse a cabo actividades como: implementación de modelos e-lab e e-eco vencellados á realidade aumentada que faciliten (entre outros) información sobre as especies con representacións 3D de apoio, investigacións con fases de campo e de laboratorio en diferentes océanos europeos, formación presencial e online dirixida a estudantes para a produción multimedia de accións divulgativas e de sensibilización, difusión e clases experimentais integradas en guións cinematográficos para transferir o proxecto á sociedade, e elaboración de materiais didácticos.

## Corpo Europeo de Solidariedade

### Ámbito temático INVESTIR NAS PERSOAS, COHESIÓN SOCIAL E VALORES

#### Base legal

Regulamento (UE) 2021/888 do Parlamento Europeo e do Consello do 20 de maio de 2021 polo que se establece o Programa do Corpo Europeo de Solidariedade

**Duración** 2021-2027 **Tipo de programa** Xestión directa e indirecta

#### Organismo xestor

DG EAC, (que ten a responsabilidade xeral da supervisión e a coordinación) e EACEA (Axencia executiva). Parte das actividades execútanse en xestión indirecta co apoio dunha rede de Axencias Nacionais

#### Obxetivos

O Corpo Europeo de Solidariedade é un programa de financiamento da UE para os mozos que desexen realizar actividades solidarias en diversos eidos. Estas van dende a axuda aos desfavorecidos e a prestación de axuda humanitaria ata a contribución á acción sanitaria e ambiental en toda a UE e fóra dela.

#### Eixes de actuación

Para lograr os seus obxetivos, o Corpo Europeo de Solidariedade inclúe las seguintes vertentes de accións:

- A vertente **participación dos mozos en actividades solidarias**
- A vertente **participación dos mozos en actividades solidarias relacionadas coa axuda humanitaria** (Corpo Voluntario Europeo de Axuda Humanitaria)

#### Beneficiarios

Persoas de 18 a 30 anos (ata 35 para a axuda humanitaria) e organizacións da UE e os países asociados.

#### Orzamento e intensidade das axudas

1.010 millóns de euros (prezos de 2021).

#### Observacións

O financiamento desembólsase principalmente en forma de subvencións

**Ligazóns de interese** **Web do programa**

**Puntos de información a nivel europeo** **Organismo:** DG EAC  
**Web de contacto**

## Europa Creativa

### Ámbito temático INVESTIR NAS PERSOAS, COHESIÓN SOCIAL E VALORES

#### Base legal

Regulamento (UE) 2021/818 do Parlamento Europeo e do Consello do 20 de maio de 2021 polo que se establece o Programa Europa Creativa (2021 a 2027)

**Duración** 2021-2027 **Tipo de programa** Xestión directa

#### Organismo xestor

Dirección Xeral de Educación, Mocidade, Deporte e Cultura (DG EAC) e Redes de Comunicación, Contido e Tecnoloxías (DG CONNECT) xunto coa Axencia Executiva Europea de Educación e Cultura (EACEA)

#### Obxetivos

Optimizar o potencial dos sectores culturais e creativos de Europa ofrecendo aos operadores oportunidades de desenvolvemento tecnolóxico e artístico mediante iniciativas transfronteiras innovadoras. Intercambiar, coproducir e distribuír obras europeas, así como facelas accesibles a un público amplo e diverso.

#### Eixes de actuación

O Programa divídese en tres capítulos:

- **CULTURA:** centrado en proxectos artísticos de cooperación, plataformas e redes para compartir e promover obras e oportunidades, e na internacionalización a través da mobilidade das persoas e as actividades transnacionais das organizacións culturais e creativas.
- **MEDIA:** centrado no desenvolvemento e a produción de contidos audiovisuais innovadores, a distribución e promoción de obras europeas transnacionais e o desenvolvemento de redes e audiencias transnacionais.
- **INTERSECTORIAL:** que abrangue outras actividades, como a cooperación política e a colaboración transfronteiriza no eido dos medios de comunicación.

#### Beneficiarios

Medios de comunicación, artistas, organizacións culturais e creativas dentro e fóra da UE, industria e redes cinematográficas e musicais, etc.

#### Orzamento e intensidade das axudas

1.840 millóns de euros, + 690 mil euros procedentes das multas impostas pola UE por incumprimento das normas en materia de Competencia (prezos de 2021): 33 % Cultura; 58 % MEDIA; 9 % Intersectorial.

**Ligazóns de interese** **Web do Programa**  
**Web da Comisión Europea**

**Puntos de información a nivel europeo** **Organismo:** DG EAC  
**E-mail:** [EAC-UNITE-D2@ec.europa.eu](mailto:EAC-UNITE-D2@ec.europa.eu)

#### Puntos de información a nivel nacional ou rexional

**Organismo:** Oficina Europa Creativa Cultura (Ministerio de Cultura e Deporte)  
**E-mail:** [coordinador.europacreativa@cultura.gob.es](mailto:coordinador.europacreativa@cultura.gob.es)

## Un exemplo galego

**Beneficiario** Fundación Uxío Novoneyra (beneficiario) **Acrónimo** BE (P)ART

**Duración** 1 de setembro de 2021 – 28 de febreiro de 2023

**Orzamento** Non dispoñible

**Web** <https://bepartnow.eu/>

### Resumo

Proxecto que busca promover a participación da xente nova na vida cultural e literaria das cidades, con especial énfase naqueles grupos actualmente infrarrepresentados. O obxectivo é favorecer a igualdade no acceso á cultura como forma de empoderamento e fomento do pensamento crítico. A súa estratexia é a creación dun protocolo baseado nos métodos de coprodución cultural que axude ás organizacións literarias a atopar maneiras innovadoras e creativas de interactuar coa xente nova e garantir a diversidade e a igualdade no acceso á cultura.

## Cidadáns, Igualdade, Dereitos e Valores (CERV)

### Ámbito temático INVESTIR NAS PERSOAS, COHESIÓN SOCIAL E VALORES

#### Base legal

Regulamento (UE) 2021/692 do Parlamento Europeo e do Consello do 28 de abril de 2021 polo que se establece o programa Cidadáns, Igualdade, Dereitos e Valores

**Duración** 2021-2027

**Tipo de programa** Xestión directa

#### Organismo xestor

A Dirección Xeral de Xustiza e Consumidores (DG JUST) e a Axencia Executiva Europea de Educación e Cultura (EACEA)

#### Obxetivos

Protexer e promover os dereitos e valores consagrados nos tratados da UE e na Carta dos Dereitos Fundamentais da UE, en particular, apoiando ás organizacións da sociedade civil activas a nivel local, rexional e transnacional.

#### Eixes de actuación

O programa artículase ao redor de catro eixes:

1. Igualdade, dereitos e igualdade de xénero: promover os dereitos, a non discriminación, a igualdade (incluída a igualdade de xénero) e avanzar na integración da perspectiva de xénero e a non discriminación.
2. Compromiso e participación dos cidadáns: promover o compromiso e a participación dos cidadáns na vida democrática da Unión, os intercambios entre cidadáns de distintos Estados membros e a sensibilización sobre a historia europea común.
3. Daphne: loita contra a violencia, incluída a violencia de xénero.
4. Valores da Unión: protexer e promover os valores da Unión.

O programa CERV apoia a formación, o irmanamento de cidades, a formulación de políticas baseadas no coñecemento e o desenvolvemento de redes cruce a nivel da UE, como a Rede Europea de Organismos de Igualdade (EQUINET).

#### Beneficiarios

Organizacións da sociedade civil, redes europeas, autoridades públicas, incluídos os organismos de igualdade e dereitos humanos, autoridades locais, universidades/institutos de investigación e grupos de reflexión.

#### Orzamento e intensidade das axudas

650 millóns de euros, + 910 millóns de euros procedentes das multas impostas pola UE por incumprimento das normas en materia de Competencia (prezos de 2021).

#### Observacións

Os fondos desembólsanse en forma de subvencións, premios e adquisicións.

#### Ligazóns de interese

**Web do programa**

#### Puntos de información a nivel europeo

**Organismo:** EACEA

**Formulario de contacto do programa**

## Xustiza

### Ámbito temático INVESTIR NAS PERSOAS, COHESIÓN SOCIAL E VALORES

#### Base legal

Regulamento (UE) 2021/693 do Parlamento Europeo e do Consello do 28 de abril de 2021 polo que se establece o programa Xustiza

**Duración** 2021-2027

**Tipo de programa** Xestión directa

#### Organismo xestor

Dirección Xeral de Xustiza e Consumidores (DG JUST)

#### Obxetivos

Apoiar o desenvolvemento dun espazo de xustiza na UE baseado no Estado de Dereito e no recoñecemento e a confianza mutuos. Facilitar o acceso á xustiza e promover a formación xudicial e a cooperación xudicial en materia civil e penal, así como a eficacia dos sistemas xudiciais nacionais.

#### Eixes de actuación

O Programa apoia principalmente as actividades destinadas á xudicatura e ao persoal xudicial, por parte dos seus órganos representativos, as autoridades públicas e os organismos de formación. Tamén está aberto a institutos académicos e de investigación e a organizacións da sociedade civil que contribúan ao desenvolvemento dun espazo europeo de xustiza. Financia actividades que melloren a confianza mutua, a cooperación (mesmo mediante tecnoloxías da información e a comunicación) e o coñecemento da lexislación da UE, os instrumentos de cooperación xudicial, a xurisprudencia pertinente do Tribunal de Xustiza da UE e o Dereito comparado (especialmente mediante o apoio á Rede Europea de Formación Xudicial) e a comprensión do Dereito civil e penal e dos sistemas xurídicos e xudiciais dos Estados membros, así como dos posibles obstáculos ao bo funcionamento dun espazo de xustiza da UE. O programa tamén apoia ás organizacións pertinentes da sociedade civil e ás organizacións sen ánimo de lucro que garanten un acceso adecuado aos seus servizos, asesoramento e actividades de apoio a todos os cidadáns.

#### Beneficiarios

Autoridades públicas, profesionais da xustiza e os seus órganos de representación e formación, institutos de investigación e organizacións da sociedade civil, etc.

#### Orzamento e intensidade das axudas

300 millóns de euros (prezos de 2021).

#### Observacións

O financiamento desembólsase en forma de subvencións, premios e contratacións.

#### Ligazóns de interese

**Web do programa**

**Puntos de información a nivel europeo** **Organismo:** DG JUST  
**Web del departamento**

## 4.3 Recursos Naturais e Medioambiente

## Fondo Europeo de Garantía Agrícola (FEAGA)

### Ámbito temático POLÍTICA AGRÍCOLA E MARÍTIMA

#### Base legal

Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común, financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)

**Duración** 2021-2027 (período de transición: 2021-2023) **Tipo de programa** Xestión mixta

#### Organismo xestor

A aplicación do programa é de xestión mixta cos Estados membros. Agricultura e Desenvolvemento Rural (DG AGRI) é a Dirección Xeral encargada dentro da Comisión.

#### Obxetivos

Apoiar a viabilidade da renda agraria e a capacidade de recuperación en toda a UE para mellorar a seguridade alimentaria a través da política agrícola común. Contribuír ao cumprimento dos obxectivos ambientais e climáticos da UE a través da ecoloxización (ata 2022) e dos réximes ecolóxicos e a condicionalidade a partires do 2023. Acadar unha maior ambición ambiental, abordar o cambio climático e a protección dos recursos naturais e a biodiversidade, son prioridades da futura política agrícola común que entrará en vigor en 2023.

#### Eixes de actuación

O FEAGA financia os seguintes tipos de intervencións:

- **Pagos directos:** a) pagos directos dissociados: a axuda á renda básica para a sustentabilidade; a axuda á renda redistributiva complementaria para a sustentabilidade; a axuda á renda complementaria para novos agricultores; os réximes para o clima e o medio ambiente; b) pagos directos axustados.
- **Intervencións sectoriais:** a) sector das froitas e hortalizas; b) sector dos produtos apícolas; c) sector do viño; d) sector do lúpulo; e) sector do aceite de oliva e as olivas de mesa; f) outros sectores.

#### Beneficiarios

Agricultores e axentes rurais da UE.

#### Orzamento e intensidade das axudas

291.090 millóns de euros (antes das transferencias entre os piares da política agrícola común) (prezos de 2021).

#### Observacións

La financiación se desembolsa en forma de subvenciones, premios y contrataciones.

#### Ligazóns de interese

##### Web do programa

Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA)

Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA)

**Puntos de información a nivel europeo** **Organismo:** DG AGRI

**Web de contacto**

#### Puntos de información a nivel nacional ou rexional

**Organismo:** FEGA

**E-mail:** [secretaria-general@fega.es](mailto:secretaria-general@fega.es)

**Organismo:** FOGGA

**E-mail:** [mediorural.fogga@xunta.es](mailto:mediorural.fogga@xunta.es)

## Fondo Europeo Agrícola para o Desenvolvemento Rural (FEADER)

### Ámbito temático POLÍTICA AGRÍCOLA E MARÍTIMA

#### Base legal

Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común, financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)

**Duración** 2021-2027 (período de transición: 2021-2023) **Tipo de programa** Xestión mixta

#### Organismo xestor

O FEADER execútase principalmente en réxime de xestión mixta cos Estados membros. Agricultura e Desenvolvemento Rural (DG AGRI) é a principal Dirección Xeral da Comisión.

#### Obxetivos

Apoiar a transición cara a un sector agrícola plenamente sostible e o desenvolvemento de zonas rurais dinámicas.

#### Eixes de actuación

O FEADER financiará os seguintes tipos de intervencións:

- **Compromisos ambientais, climáticos e doutro tipo de xestión;**
- **Limitacións naturais ou outras limitacións específicas da zona;**
- **Desvantaxes específicas da zona derivadas dos requisitos obrigatorios;**
- **Investimentos;**
- **Instalación de novos agricultores e creación de empresas rurais;**
- **Ferramentas de xestión de riscos;**
- **Cooperación;**
- **Intercambio de coñecementos e información.**

#### Beneficiarios

Agricultores e axentes rurais da UE.

#### Orzamento e intensidade das axudas

87.440 millóns de euros (antes das transferencias entre os piares da Política Agrícola Común), máis 8.070 millóns de euros de NextGenerationEU (prezos de 2021).

#### Ligazóns de interese

**Web da Rede Europea de Desenvolvemento Rural**

**Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia**

**Puntos de información a nivel europeo** **Organismo:** DG AGRI

**Web de contacto**

#### Puntos de información a nivel nacional ou rexional

**Organismo:** Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)

**E-mail:** [infoagader@xunta.es](mailto:infoagader@xunta.es)

**Organismo:** FOGGA

**E-mail:** [mediorural.fogga@xunta.es](mailto:mediorural.fogga@xunta.es)

**Organismo:** FEGA

**E-mail:** [secretaria-general@fega.es](mailto:secretaria-general@fega.es)

## Fondo Europeo Marítimo, Pesca e Acuicultura (FEMPA)

### Ámbito temático POLÍTICA AGRÍCOLA E MARÍTIMA

#### Base legal

Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004

**Duración** 2021-2027

**Tipo de programa** Xestión directa e xestión mixta

#### Organismo xestor

O 87 % do orzamento execútase en réxime de xestión mixta. O 13 % execútase en xestión directa a través da Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e Pesca (DG MARE) ou a Axencia Executiva Europea de Clima, Infraestruturas e Medio Ambiente (CINEA)

#### Obxetivos

Facilitar o uso e a xestión sostible dos recursos mariños, o desenvolvemento dunha economía azul resistente e a cooperación internacional para lograr uns océanos sans, seguros e xestionados de forma sostible.

#### Eixes de actuación

A FEMPA financia a innovación e os investimentos en:

- **Prácticas e técnicas de pesca de baixo impacto, resistentes ao clima e con baixas emisións de carbono;**
- **Transformación de produtos da pesca e a acuicultura, e;**
- **Recollida, xestión e uso de datos para mellorar o coñecemento do estado do medio mariño.**

Tamén apoia a intelixencia e vixilancia marítima, a cooperación dos gardacostas e a gobernanza internacional dos océanos financiando, por exemplo, as contribucións económicas da UE ás organizacións internacionais ou ao funcionamento dos Consellos Consultivos.

#### Beneficiarios

Partes interesadas na explotación e xestión dos recursos mariños, en particular pescadores, acuicultores, comunidades costeiras, organizacións da sociedade civil, científicos mariños e autoridades públicas.

#### Orzamento e intensidade das axudas

6.110 millóns de euros (prezos de 2021).

O tipo máximo de cofinanciamento do FEMPA por obxectivo específico será do 70 % do gasto público subvencionable. Os Estados membros aplicarán unha porcentaxe máxima de intensidade da axuda do 50 % do gasto subvencionable total da operación

#### Observacións

O financiamento desembólsase en forma de subvencións e adquisicións

#### Ligazóns de interese

#### Web do programa

**Puntos de información a nivel europeo** Organismo: DG MARE  
Web de contacto

#### Puntos de información a nivel nacional ou rexional

Organismo: Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación

Web de información

Organismo: Xunta de Galicia

Web de información

## Programa para o Medio Ambiente e a Acción Climática (LIFE)

### Ámbito temático ACCIÓN POLO MEDIO AMBIENTE E O CLIMA

#### Base legal

Regulamento (UE) 2021/783 do Parlamento Europeo e do Consello do 29 de abril de 2021 polo que se establece un Programa de Medio Ambiente e Acción polo Clima (LIFE)

**Duración** 2021-2027

**Tipo de programa** Xestión directa e indirecta

#### Organismo xestor

LIFE execútase a través da xestión directa (subvencións, adquisicións e premios) e a xestión indirecta para actividades específicas. Dentro da Comisión, a Dirección Xeral de Medio Ambiente (DG ENV) é a principal, co apoio de Acción polo Clima (DG CLIMA) e a Enerxía (DG ENER). A Axencia Executiva de Clima, Infraestruturas e Medio Ambiente (CINEA) encárgase da xestión da meirande parte das subvencións.

#### Obxetivos

Acadar un cambio cara a unha economía sostible, circular, enerxeticamente eficiente, baseada nas enerxías renovables, neutra desde o punto de vista climático e resiliente. Protexer, restaurar e mellorar a calidade do medio ambiente, incluídos o aire, a auga e o solo. Deter e inverter a perda de biodiversidade e facer fronte á degradación dos ecosistemas.

#### Eixes de actuación

LIFE estrutúrase en dúas áreas de acción e catro subprogramas:

- A área de **Medio Ambiente** inclúe os subprogramas (1) Natureza e Biodiversidade; (2) Economía Circular e Calidade de Vida;
- A área de **Acción polo Clima** inclúe os subprogramas (3) Mitigación e Adaptación ao Cambio Climático; (4) Transición Enerxética Limpas.

1. O subprograma de **Natureza e Biodiversidade** terá como obxectivo a protección e restauración da natureza europea e a detención e modificación da tendencia cara á perda de biodiversidade. Así, o subprograma LIFE Natureza e Biodiversidade seguirá financiando proxectos de conservación da natureza, en particular nos ámbitos da biodiversidade, os hábitats e as especies. Apoiará proxectos que contribúan á aplicación das directivas da UE sobre aves e hábitats, e en particular o desenvolvemento e a xestión da rede Natura 2000, e o Regulamento sobre as especies invasoras, e apoiará a consecución dos obxectivos da estratexia de biodiversidade da UE para 2030, que forma parte do Pacto Verde da UE
2. O subprograma de **Economía Circular e Calidade de Vida** ten como obxectivo facilitar a transición cara a unha economía sostible, circular, libre de tóxicos, enerxeticamente eficiente e resistente ao clima, así como protexer, restaurar e mellorar a calidade do medio ambiente, Cofinancia proxectos en ámbitos como a recuperación de recursos dos residuos, a xestión da auga, o aire, o ruído, o chan e os produtos químicos, así como a gobernanza medioambiental. Ofrece sobre todo subvencións para proxectos que apliquen solucións innovadoras e de mellores prácticas nestes ámbitos a través dos denominados proxectos de acción estándar (SAPs). Tamén contempla a aplicación, o seguimento e a avaliación da política e a lexislación ambiental da UE a través dos denominados Proxectos Estratéxicos Integrados (PEI).
3. O subprograma de **Mitigación e Adaptación ao Cambio Climático** contribuirá ao cambio cara a unha economía sostible, eficiente dende o punto de vista enerxético, baseada nas enerxías renovables, neutra dende o punto de vista climático e resistente, contribuíndo así ao desenvolvemento sostible.
4. O subprograma **LIFE Transición Enerxética Limpas** ten como obxectivo facilitar a transición cara a unha economía enerxeticamente eficiente, baseada nas enerxías renovables, neutra para o clima e resiliente, mediante o financiamento de accións de coordinación e apoio en toda Europa. Trátase de accións de gran valor engadido para a UE, cuxo obxectivo é romper as barreiras do mercado que dificultan a transición socioeconómica cara á enerxía sostible, e que adoitan contar coa participación de múltiples partes interesadas de pequeno e mediano tamaño, múltiples actores, incluídas as autoridades públicas locais e rexionais e as organizacións sen ánimo de lucro, así como os consumidores.

## Programa para o Medio Ambiente e a Acción Climática (LIFE)

### Beneficiarios

Autoridades nacionais ou locais da UE, organizacións comerciais privadas e organizacións privadas non comerciais (por exemplo, organizacións non gobernamentais).

### Orzamento e intensidade das axudas

5.430 millóns de euros (prezos de 2021).

As porcentaxes máximas de cofinanciamento no caso das accións subvencionables representarán ata o 60 % dos custos subvencionables con carácter xeral e ata o 75 % no caso de proxectos financiados dentro do subprograma Natureza e Biodiversidade.

Para as accións de apoio ao funcionamento das entidades sen ánimo de lucro que participen no desenvolvemento, a execución e o control do cumprimento da lexislación e as políticas da Unión, e cuxa actividade se desenvolva principalmente na área do medio ambiente ou da acción polo clima, incluída a transición enerxética, a porcentaxe máxima de cofinanciamento representará o 70 % dos custos subvencionables.

### Observacións

O financiamento desembólsase en forma de subvencións, adquisicións e premios.

Nos subprogramas de LIFE fináncianse actividades como:

- "proxectos estratéxicos de natureza" no marco do subprograma Natureza e Biodiversidade.
- "proxectos estratéxicos integrados" no marco dos subprogramas Economía Circular e Calidade de Vida, Mitigación e Adaptación ao Cambio Climático, Transición Enerxética Limpa.
- proxectos de acción normais que persigan os obxectivos específicos do Programa LIFE.
- desenvolvemento de capacidades para apoiar a eficiencia enerxética e as enerxías renovables.
- estudos, avaliación e seguimento de políticas, actividades difusión de información e coñecementos, premios, etc.

### Ligazóns de interese

### Web do programa

**Puntos de información a nivel europeo** Organismo: DG ENV  
Web de contacto

### Puntos de información a nivel nacional ou rexional

Organismo: Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

### Web de información

## Un exemplo galego

**Beneficiario** Universidade de Vigo (coordinador)  
Energylab (beneficiario)  
Revertia (beneficiario)

**Acrónimo** ECORAE

**Duración** 2 de xullo de 2012 – 30 de xuño 2015

**Orzamento** 1.269.155 € (orzamento)  
622.038 € (subvención)

**Web** <http://www.life-ecoraee.eu/en/project.php>

### Resumen

Proxecto de caracterización e demostración dun proceso de preparación industrial para a reutilización de equipos electrónicos co fin de promover normas que garantan a correcta aplicación da lexislación europea e contribúan a un alto nivel de separación de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE).

## Mecanismo de Transición Xusta

### Ámbito temático ACCIÓN POLO MEDIO AMBIENTE E O CLIMA

#### Base legal

Regulamento (UE) 2021/1056 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 polo que se establece o Fondo de Transición Xusta

**Duración** 2021-2027

**Tipo de programa** Xestión compartida

#### Organismo xestor

O Fondo de Transición Xusta aplicarase mediante unha xestión compartida pola Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana (DG REGIO), en estreita colaboración coas autoridades nacionais, rexionais e locais e as partes interesadas.

#### Obxetivos

Apoiar a transición cara a neutralidade climática aliviando os impactos socioeconómicos da transición nas rexións máis afectadas.

#### Eixes de actuación

O Mecanismo de Transición Xusta ten tres piares:

1. **Fondo de Transición Xusta (FTX):** proporciona axudas a medida para aliviar os custos sociais e económicos que soportan, como consecuencia da transición ecolóxica, as rexións que dependen dos combustibles fósiles e as industrias con elevadas emisións. Apoia investimentos en pemes e novas empresas, investigación e innovación, tecnoloxías enerxéticas limpas e redución de emisións, e reciclaxe profesional dos traballadores e asistencia na procura de emprego.
2. **Transición xusta** dentro de InvestEU. Os instrumentos financeiros de InvestEU (préstamos, garantías, investimentos en capital...) apoiarán investimentos complementarios ao FTX nas zonas de transición xusta. Tratarase de proxectos viables desde o punto de vista económico, promovidos por entidades públicas ou privadas e orientados a mellorar as infraestruturas sociais, de enerxía ou transporte, así como á diversificación económica destas zonas.
3. **Mecanismo de préstamos ao sector público:** apoiar proxectos que non xeren un fluxo de ingresos suficiente para cubrir os custos de investimento. Será implementado conxuntamente pola Comisión Europea e o BEI e consistirá nun compoñente de subvención por valor de ao redor de 1.525 millóns de euros do orzamento da UE e un compoñente de préstamo do BEI de até 10.000 millóns de euros, dos seus propios recursos.

Os territorios beneficiarios e as accións que recibirán o apoio do programa FTJ identificaranse nun ou varios plans territoriais de transición xusta que os Estados membros deben acordar coa Comisión Europea no marco do Semestre Europeo. Estes plans describen o proceso de transición ata 2030 dos territorios que vaian sufrir as maiores perdas de emprego previstas, así como a transformación das instalacións industriais con maior intensidade de gases de efecto invernadoiro. Os plans detallarán os retos sociais, económicos e ambientais destas zonas, así como as necesidades de diversificación económica, recualificación e rehabilitación ambiental.

#### Beneficiarios

Autoridades nacionais e locais; empresas e empresas emerxentes nas rexións onde a magnitude e o impacto da transición climática son maiores. En Galicia hai dúas zonas afectadas polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama que inclúen 19 municipios e un impacto no emprego que se achega ós 1.800 postos de traballo.

#### Orzamento e intensidade das axudas

8.450 millóns de euros + 10.870 millóns de euros de NextGenerationEU (prezos de 2021).

España recibirá 868,7 millóns de euros xestionados de maneira compartida entre as comunidades autónomas (94%) e o Instituto de Transición Xusta.

## Mecanismo de Transición Xusta

As porcentaxes de cofinanciamento aplicables varían entre o 50-85 % segundo o tipo de rexión: a) o 85 % para as rexións menos desenvolvidas; b) o 70 % para as rexións en transición como é o caso de Galicia; c) o 50 % para as rexións máis desenvolvidas.

### Observacións

O financiamento desembólsase en forma de subvencións, contratacións e instrumentos financeiros.

### Ligazóns de interese Web do fondo

Dirección Xeral de Fondos Europeos. Ministerio de Facenda e Función Pública

### Puntos de información a nivel europeo Organismo: DG REGIO

E-mail: [regio-a2-communication@ec.europa.eu](mailto:regio-a2-communication@ec.europa.eu)

## Fondo de Innovación

### Ámbito temático FINANCIAMENTO PARA A ACCIÓN CLIMÁTICA<sup>6</sup>

#### Base legal

Regulamento Delegado (UE) 2019/856 da Comisión, do 26 de febreiro de 2019, polo que se complementa a Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao funcionamento do Fondo de Innovación

**Duración** 2020-2030

**Tipo de programa** Xestión directa e indirecta

#### Organismo xestor

A Dirección Xeral de Acción polo Clima (DG CLIMA) encárgase da xestión global. O organismo de execución é a Axencia Executiva de Clima, Infraestruturas e Medio Ambiente (CINEA). Tamén participa na execución o Banco Europeo de Investimentos (BEI), xestionando a asistencia ao desenvolvemento de proxectos e encargándose da monetización das asignacións do fondo.

Para o desenvolvemento do fondo, a Comisión está asistida ademais polo Grupo de expertos do Fondo de Innovación.

#### Obxetivos

O Fondo de Innovación proporciona apoio para a demostración comercial de tecnoloxías innovadoras de baixa emisión de carbono, co obxectivo de levar ao mercado solucións industriais para descarbonizar Europa e apoiar a súa transición cara á neutralidade climática.

#### Eixes de actuación

O Fondo de Innovación céntrase en:

**Grandes proxectos** punteiros dentro de Europa que poden supoñer importantes reducións de emisións. Preténdese compartir o risco cos promotores para contribuír á demostración de proxectos altamente innovadores e únicos. Ao mesmo tempo, os proxectos deben estar suficientemente maduros en termos de planificación, modelo de negocio e estrutura financeira e legal.

**Proxectos de pequena escala** cun custo total de capital inferior a 7,5 millóns de euros.

Tanto os proxectos de pequena como de gran escala están centrados en:

- tecnoloxías e procesos innovadores de baixa emisión de carbono en industrias de alto consumo enerxético.
- construción e explotación da captura e o almacenamento de carbono.
- xeración innovadora de enerxía renovable.
- almacenamento de enerxía.

#### Beneficiarios

Empresas e traballadores que invistan en enerxías e industrias limpas.

#### Financiamento e intensidade das axudas

25.000 millóns de euros para o período 2020-2030, aproximadamente.

Ata o 60 % do capital adicional e os custos operativos dos proxectos a gran escala e ata o 60 % dos custos de capital dos proxectos a pequena escala.

As subvencións desembolsaranse de forma flexible en función das necesidades de financiamento do proxecto, tendo en conta os fitos acadados durante a vida do mesmo.

Ata o 40% das subvencións poden concederse en función de fitos predefinidos antes de que todo o proxecto estea completamente en marcha.

#### Observacións

O Réxime comunitario de comercio de dereitos de emisión, o maior sistema de fixación de prezos do carbono do mundo, proporciona os ingresos para o Fondo de Innovación, procedentes da poxa de 450 millóns de dereitos de emisión entre 2020 e 2030 e dos fondos non utilizados do programa NER300

<sup>6</sup> O Fondo de Innovación é un fondo á marxe do MFP, aínda que en base á súa temática enmarcouse nesta sub-rúbrica, no contexto desta guía.

### Ligazóns de interese

### Web do programa

#### Puntos de información a nivel europeo

**Organismo:** DG REGIO

**E-mail:** [CLIMA-IF-EXPERTGROUP@ec.europa.eu](mailto:CLIMA-IF-EXPERTGROUP@ec.europa.eu)

#### Puntos de información a nivel nacional ou rexional

**Organismo:** Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

**Punto nacional de contacto:** Ignacio Ángel Sánchez García

**E-mail:** [bn-fondoinnovacion@miteco.es](mailto:bn-fondoinnovacion@miteco.es)

# 4.4 Migración e Xestión de Fronteiras

## Ámbito temático MIGRACIÓN

### Base legal

Regulamento (UE) 2021/1147 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se crea o Fondo de Asilo, Migración e Integración

**Duración** 2021-2027 **Tipo de programa** Xestión directa, indirecta e compartida

### Organismo xestor

O Fondo executarase en réxime de xestión compartida, directa ou indirecta. A maior parte (63,5 %) asignarase aos programas nacionais en réxime de xestión compartida. A Dirección Xeral de Migración e Asuntos de Interior (DG HOME) é o servizo principal da Comisión, en estreita coordinación con Política Rexional e Urbana (DG REGIO), Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión (DG EMPL) e Agricultura e Desenvolvemento Rural (DG AGRI).

### Obxetivos

Contribuír á xestión eficiente da migración e á aplicación, o reforzo e o desenvolvemento da política común de asilo e da política común de inmigración, en consonancia coas disposicións pertinentes do acervo da UE e respectando plenamente as obrigacións internacionais da UE e dos Estados membros derivadas dos acordos internacionais dos que son parte.

### Eixes de actuación

FAMI apoia unha ampla gama de accións en liña coa política europea de migración. Isto inclúe, en particular:

- Garantir unha aplicación uniforme do acervo da UE e das prioridades relacionadas co Sistema Europeo Común de Asilo, a migración legal e o retorno.
- Proporcionar apoio e servizos coherentes co status e as necesidades da persoa en cuestión, en particular dos grupos vulnerables.
- Apoiar o reasentamento, a admisión humanitaria e os traslados dos solicitantes e beneficiarios de protección internacional.
- Apoiar o desenvolvemento e a aplicación de políticas que promovan a migración legal, como o desenvolvemento de plans de mobilidade cara á UE e a sensibilización sobre as canles legais axeitadas para a inmigración.
- Apoiar as medidas de integración adaptadas ás necesidades dos nacionais de terceiros países e os programas de integración temperá centrados na educación, o idioma e outros tipos de formación (como cursos de orientación cívica e orientación profesional) para preparar a súa participación activa e a súa aceptación por parte da sociedade de acollida.
- Apoiar as infraestruturas de acollida dos nacionais de terceiros países, incluída a posible utilización conxunta destas instalacións por parte de máis dun Estado membro.
- Apoiar un enfoque integrado e coordinado da xestión do retorno a nivel da UE e dos Estados membros, o desenvolvemento de capacidades para un retorno eficaz e sostible e a redución dos incentivos para a migración irregular;
- Apoiar o retorno voluntario asistido e a reintegración.
- Cooperar con terceiros países en materia de asilo, migración legal e loita contra a migración irregular, así como en materia de retorno efectivo e readmisión co fin de xestionar a migración.

### Beneficiarios

Autoridades estatais e federais, organismos públicos locais, organizacións non gobernamentais, organizacións humanitarias, empresas de dereito privado e público e organizacións de educación e investigación.

### Orzamento e intensidade das axudas

9.880 millóns de euros (prezos de 2021).

A contribución do orzamento da Unión non excederá do 75 % do gasto total subvencionable dun proxecto, aínda que poderá incrementarse ata o 90 % no caso de accións específicas e ata o 100 % nos casos sinalados no Regulamento

### Observacións

O financiamento desembólsase en forma de subvencións e adquisicións.

### Ligazóns de interese

Web do programa

O FAMI en España

### Puntos de información a nivel europeo

Organismo: DG HOME

Web de contacto

## Fondo para a Xestión Integrada das Fronteiras

### Ámbito temático XESTIÓN DE FRONTEIRAS

#### Base legal

Regulamento (UE) 2021/1148 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se establece, como parte do Fondo para a Xestión Integrada das Fronteiras, o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados

**Duración** 2021-2027 **Tipo de programa** Xestión directa, indirecta e compartida

#### Organismo xestor

O Instrumento para Equipo de Control Aduaneiro (IECA) desprégase en réxime de xestión directa pola Dirección Xeral de Fiscalidade e Unión Aduaneira (DG TAXUD), en estreita colaboración coa OLAF. O Instrumento de Xestión das Fronteiras e Visados (IXFV), execútase mediante a xestión compartida polos Estados membros e a xestión directa/indirecta pola Dirección Xeral de Migración e Asuntos de Interior (DG HOME), en estreita coordinación coa Política Rexional e Urbana (DG REGIO), Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión (DG EMPL), Protección Civil e Operacións de Axuda Humanitaria Europeas (DG ECHO) e Asuntos Marítimos e Pesca (DG MARE).

#### Obxetivos

O Fondo abarca dous instrumentos: o IECA e o IXFV.

A misión do IECA é apoiar á unión aduaneira e ás autoridades aduaneiras para protexer os intereses financeiros e económicos da Unión e os seus Estados membros, garantir a seguridade e a protección dentro da Unión e protexer á Unión do comercio ilegal, facilitando ao mesmo tempo a actividade comercial lexítima.

A misión do IXFV é proporcionar apoio financeiro aos Estados membros, para garantir unha xestión europea das fronteiras exteriores forte e eficaz, contribuíndo así a garantir un alto nivel de seguridade interior na Unión, á vez que se salvagarda a libre circulación de persoas nela.

#### Ejes de actuación

- O IECA apoia a compra, o mantemento e a mellora dos equipos de control aduaneiro, como a inspección non intrusiva, a identificación de obxectos ocultos nas persoas, a detección de radiacións, a identificación de nucleidos, a análise de mostras en laboratorios, a mostraxe e a análise de mostras sobre o terreo, a procura manual; e outros tipos de equipos innovadores de tecnoloxía de detección non intrusiva.
- O IXFV apoia unha ampla gama de accións para mellorar os controis fronteirizos, en consonancia coa Axenda Europea de Migración e en cumprimento da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, reforzando a cooperación a nivel da UE para as tarefas realizadas nas fronteiras. Financia servizos eficientes e doados de usar para os solicitantes de visados, mantendo ao mesmo tempo a seguridade e integridade dos procedementos de visado. Inverte en sistemas informáticos comúns a gran escala no ámbito da xestión das fronteiras e a política de visados, incluída a súa interoperabilidade, así como en infraestruturas e equipos, sistemas e servizos, formación, intercambio de expertos, despregamento de funcionarios.

#### Beneficiarios

As autoridades aduaneiras dos Estados membros da UE

#### Orzamento e intensidade das axudas

7.390 millóns de euros (precios de 2021).

A contribución do orzamento da Unión non excederá do 75 % do gasto total subvencionable dun proxecto, aínda que poderá incrementarse ata o 90 % no caso de accións específicas e ata o 100 % nos casos sinalados no Regulamento

#### Observacións

O financiamento desembólsase en forma de subvencións e adquisicións.

**Ligazóns de interese** **Web do programa**

**Puntos de información a nivel europeo** **Organismo:** DG TAXUD y DG HOME)

**E-mail:** [TAXUD-CCE-SUPPORT@ec.europa.eu](mailto:TAXUD-CCE-SUPPORT@ec.europa.eu)

## 4.5 Seguridade e Defensa

## Fondo de Seguridade Interna (FSI)

### Ámbito temático SEGURIDADE

#### Base legal

Regulamento (UE) 2021/1149 do Parlamento Europeo e do Consello do 7 de xullo de 2021 polo que se crea o Fondo de Seguridade Interior

**Duración** 2021-2027 **Tipo de programa** Xestión directa, indirecta e compartida

#### Organismo xestor

O FSI aplícase mediante xestión compartida polos Estados membros e xestión directa/indirecta pola Dirección Xeral de Migración e Asuntos de Interior (DG HOME), en estreita coordinación con Política Rexional e Urbana (DG REGIO), Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión (DG EMPL) e Asuntos Marítimos e Pesca (DG MARE).

#### Obxetivos

Contribuír a garantir un alto nivel de seguridade na UE, en particular previndo e combatendo o terrorismo e a radicalización, a delincuencia grave e organizada, e a ciberdelincuencia, e asistindo e protexendo ás vítimas da delincuencia, así como preparando, protexendo e xestionando eficazmente os incidentes, riscos e crises relacionados coa seguridade.

#### Eixes de actuación

O FSI apoia unha ampla gama de accións en consonancia coa Axenda Europea de Seguridade, entre elas:

- A compra/adquisición de sistemas de TIC, e a formación e as probas asociadas, así como a mellora da súa interoperabilidade e a calidade dos datos;
- A supervisión da aplicación da lexislación e os obxectivos políticos da UE nos Estados membros no ámbito dos sistemas de información sobre seguridade;
- Operacións que apliquen ou faciliten a aplicación do ciclo político da UE/EMPACT (Plataforma multidisciplinar europea contra as ameazas delituosas);
- Apoiar ás redes temáticas ou intertemáticas de unidades nacionais especializadas para mellorar a confianza mutua, o intercambio e a difusión de coñecementos técnicos, información, experiencias e mellores prácticas, e a posta en común de recursos e coñecementos técnicos en centros conxuntos de excelencia;
- Educación e formación para as autoridades policiais e xudiciais e os organismos administrativos pertinentes.

#### Beneficiarios

Policía estatal/federal, aduanas e outros servizos policiais especializados (incluídas as unidades nacionais de ciberdelincuencia, antiterrorismo e outras unidades especializadas), organismos públicos locais, organizacións non gobernamentais, organizacións internacionais, axencias da UE, empresas de dereito privado e público, redes, institutos de investigación e universidades.

#### Orzamento e intensidade das axudas

1.930 millóns de euros (prezos de 2021).

A contribución do orzamento da Unión non excederá do 75 % do gasto total subvencionable dun proxecto, aínda que poderá incrementarse ata o 90 % no caso de accións específicas e ata o 100 % nos casos sinalados no Regulamento

#### Observacións

O financiamento desembólsase en forma de subvencións e adquisicións.

#### Ligazóns de interese

#### Web do programa

**Puntos de información a nivel europeo** **Organismo:** DG HOME  
**Web de contacto**

## Fondo Europeo de Defensa

### Ámbito temático DEFENSA

#### Base legal

Regulamento (UE) 2021/697 do Parlamento Europeo e do Consello do 29 de abril de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo de Defensa

**Duración** 2021-2027 **Tipo de programa** Xestión directa

#### Organismo xestor

Dirección Xeral de Industria de Defensa e Espazo (DG DEFIS).

#### Obxetivos

O obxectivo do Fondo é proporcionar un apoio coherente ao longo de todo o ciclo de investigación e desenvolvemento, baseándose en normas adaptadas ás especificidades da investigación en materia de defensa. Deste xeito, garantizará a coherencia e contribuirá a salvar o "val da morte" entre a investigación e o desenvolvemento, que comporta importantes riscos técnicos e financeiros e que a miúdo impide a maduración de novas tecnoloxías de defensa prometedoras e a súa integración efectiva no desenvolvemento de novos sistemas de defensa.

O Fondo reforzará a competitividade, a eficacia e a capacidade de innovación da base tecnolóxica e industrial da defensa europea, o que contribúe á autonomía estratéxica e á liberdade de acción da Unión. Ademais, ao esixir requisitos técnicos comúns, mellorará a interoperabilidade dos produtos e tecnoloxías desenvolvidos para os Estados membros, que son os usuarios finais.

Para mellorar a capacidade de innovación do sector e a aparición de novos produtos e tecnoloxías, o Fondo tamén apoiará a investigación e o desenvolvemento de tecnoloxías de defensa disruptivas e terá en conta as súas especificidades, como o maior risco de fracaso dos proxectos e o potencial de atraer a axentes non tradicionais ao sector da defensa.

#### Eixes de actuación

O Fondo Europeo de Defensa apoiará as accións de colaboración en materia de investigación e desenvolvemento no ámbito da defensa e promoverá a cooperación transfronteiriza en toda a UE. O deseño do programa garante a participación de empresas de defensa de todos os tamaños, incluídas as pequenas e medianas empresas e as empresas de mediana capitalización, en toda a UE, reforzando e estimulando a apertura das cadeas de subministración e impulsando a competitividade da industria europea de defensa, e contribuirá á entrega de tecnoloxías e equipos de defensa punteiros e interoperables en consonancia coas necesidades dos Estados membros

#### Beneficiarios

Consortios industriais, empresas de todos os tamaños, incluídas pequenas e medianas empresas e empresas de mediana capitalización, centros de investigación e universidades.

#### Presupuesto e intensidade de las ayudas

7.950 millóns de euros (prezos de 2021). Un terzo destinarase a financiar proxectos de investigación competitivos e colaborativos, en particular mediante subvencións, e dous terzos destinaranse a complementar o investimento dos Estados membros, mediante o cofinanciamento dos custos de desenvolvemento das capacidades de defensa tras a fase de investigación.

O Fondo financiará ata o 100 % dos gastos subvencionables dunha actividade con carácter xeral

#### Observacións

E relación coas principais subvencións, só serán elixibles as accións realizadas en cooperación entre polo menos tres entidades de polo menos tres Estados membros ou países asociados diferentes. A participación transfronteiriza das pemes e as empresas de mediana capitalización verase reforzada por mecanismos específicos de adxudicación e recompensa. O FED conta con 17 prioridades temáticas e prevé cada ano convocatorias a partir dun programa de traballo anual.

## Fondo Europeo de Defensa

Ligazóns de interese

Web do programa

Puntos de información a nivel europeo **Organismo:** DG DEFIS  
**Tel:** +32 2 299 11 11

Puntos de información a nivel nacional ou rexional

**Organismo:** Ministerio de Defensa. Punto nacional de contacto: Carlos Gallego

**E-mail:** [cgalrem@et.mde.es](mailto:cgalrem@et.mde.es)

# 4.6 Veciñanza e o Mundo

# Instrumento de Veciñanza, Desenvolvemento e Cooperación Internacional (IVDCI) - Europa Global

## Ámbito temático ACCIÓN EXTERNA

### Base legal

Regulamento (UE) 2021/947 do Parlamento Europeo e do Consello do 9 de xuño de 2021 polo que se establece o Instrumento de Veciñanza, Cooperación ao Desenvolvemento e Cooperación Internacional - Europa Global

**Duración** 2021-2027 **Tipo de programa** Xestión directa e indirecta

### Organismo xestor

O programa execútase a través de xestión directa a través das Direccións Xerais de Asociacións Internacionais (DG INTPA), Política Europea de Veciñanza e Negociacións de Ampliación (DG NEAR) e Instrumentos de Política Exterior (FPI), en cooperación co Servizo Europeo de Acción Exterior (EEAS) e a Dirección Xeral de Comercio (DG TRADE), así como a través da xestión indirecta de entidades como as Axencias dos Estados membros da UE ou as organizacións internacionais ou os países socios.

### Obxetivos

Defender e promover os valores, principios e intereses fundamentais da UE en todo o mundo para perseguir os obxectivos e principios da súa acción exterior. Entre os obxectivos específicos figuran a erradicación da pobreza, a consolidación, o apoio e o fomento da paz, a democracia, o Estado de Dereito e o respecto dos dereitos humanos, o desenvolvemento sostible e a loita contra o cambio climático. O instrumento contribuirá á promoción do multilateralismo, á consecución, en particular, dos obxectivos de desenvolvemento sostible, a axenda 2030 das Nacións Unidas, o Acordo de París sobre o cambio climático e o fortalecemento das asociacións con terceiros países, incluídos os veciños europeos, sobre a base dos intereses mutuos e a apropiación, co fin de fomentar a estabilización, a boa gobernanza e a creación de resiliencia.

### Ejes de actuación

En consonancia cos seus obxectivos específicos, Europa Global opera a través de tres piares:

- Un piar xeográfico, cunha asignación de 60.380 millóns de euros a distribuír entre os países da veciñanza, os países do África subsahariana, os países de Asia e o Pacífico e os países das Américas e o Caribe.
- Un piar temático, cunha asignación de 6.360 millóns de euros que complementa o piar xeográfico para financiar actividades vinculadas aos dereitos humanos e democracia, as organizacións da sociedade civil, a paz, estabilidade e prevención de conflitos, e a resposta a retos globais.
- E un mecanismo de resposta rápida, cunha asignación de 3.180 millóns de euros para financiar accións que necesiten unha resposta urxente por parte da UE.

Europa Global ten un "colchón de fondos sen asignar" de 9.530 millóns de euros que poderá complementar calquera dos programas xeográficos e temáticos, así como o mecanismo de resposta rápida para facer fronte a circunstancias imprevistas, novas necesidades ou retos emerxentes, con especial atención aos países menos avanzados.

### Beneficiarios

Terceiros países e beneficiarios de todo o mundo (con especial atención aos países menos desenvolvidos), organizacións internacionais, organismos privados, etc.

### Orzamento e intensidade das axudas

79.460 millóns de euros, + 1.130 millóns de euros procedentes do antigo Fondo Europeo de Desenvolvemento (prezos de 2021).

Europa Global establece un cadro normativo xeral, e non se definen de forma específica todos os modos de cooperación derivados do Instrumento. Así, sobre base das programacións plurianuais e os plans de acción e as distintas medidas acordadas derivadas dos mesmos, lánzanse os procedementos de licitación para fornecer asistencia técnica aos países beneficiarios; as convocatorias de subvencións para financiar accións da sociedade civil; negóciense os convenios de financiamento cos países socios para o apoio orzamentario; e/ou se delegan tarefas de execución orzamentaria ás axencias de

# Instrumento de Veciñanza, Desenvolvemento e Cooperación Internacional (IVDCI) - Europa Global

desenvolvemento dos Estados Membros ou a organizacións internacionais como as Nacións Unidas ou o Banco Mundial, coas cales a UE colabora e traballa conxuntamente.

Esta lóxica aplícase tanto á execución dos programas xeográficos como dos temáticos. Dada a súa natureza, as accións de resposta rápida non son programadas e son despregadas directamente.

### Observacións

Europa Global abrangue aos antigos instrumentos de Veciñanza, Cooperación ao Desenvolvemento, Democracia e Dereitos Humanos, Estabilidade e Paz, e Asociación, así como o Fondo de Garantía e o Fondo Europeo de Desenvolvemento, que ata o de agora estaba fóra do MFP. Supón un incremento do 12% dos fondos dedicados á acción exterior e pretende achegar flexibilidade á acción exterior co novo alicerce de resposta rápida.

O financiamento proporciónase en forma de subvencións, contratacións e apoio orzamentario aos países socios.

### Ligazóns de interese

### Web do programa

### Puntos de información a nivel europeo

Para solicitar unha subvención: [DG INTPA](#)

Para presentarse a unha licitación: [Portal Funding & Tenders - EU External Action \(RELEX\)](#)

Para presentarse convocatorias nas Delegacións da UE no exterior: [Portal do Servizo de Acción Exterior da UE](#) – seleccionar país + "Jobs&Funds"

## Axuda Humanitaria

### Ámbito temático ACCIÓN EXTERNA

#### Base legal

Regulamento (CE) Non 1257/96 Do Consello do 20 de xuño de 1996 sobre a axuda humanitaria

**Duración** Abierto **Tipo de programa** Xestión directa e indirecta

#### Organismo xestor

Na maioría dos casos, a Comisión presta asistencia mediante apoio financeiro a través de acordos individuais con organizacións asociadas (ONG, organismos das Nacións Unidas ou outras organizacións internacionais). O modo de xestión aplicado coa ONG é a xestión directa, e coa ONU e as organizacións internacionais, a xestión indirecta.

#### Obxetivos

Sobre a base dos principios humanitarios internacionais e segundo o establecido no Consenso Europeo sobre Axuda Humanitaria, a UE proporciona axuda humanitaria baseada nas necesidades ás persoas afectadas por crises causadas polo home e por perigos naturais, prestando especial atención ás vítimas máis vulnerables.

#### Eixes de actuación

As intervencións humanitarias consisten principalmente no financiamento de proxectos levados a cabo por unhas 200 entidades asociadas: organizacións non gobernamentais (ONG), incluídas as sociedades nacionais da Cruz Vermella, organizacións internacionais, incluídos os organismos das Nacións Unidas e o movemento da Cruz Vermella e a Media Lúa Vermella, e organismos especializados dos Estados membros. A maioría das veces estas intervencións prodúcense en contextos complexos e de risco con condicións de acceso difíciles. Ademais de ser o principal doante, a UE desempeñou un papel destacado no desenvolvemento de novos enfoques políticos (por exemplo, a educación en situacións de emerxencia ou a avaliación intersectorial das necesidades centrada nas persoas) e de modalidades de financiamento innovadoras (por exemplo, a axuda en efectivo).

#### Beneficiarios

Proxectos educativos.

#### Orzamento e intensidade das axudas

11.570 millóns de euros (prezos de 2021).

#### Observacións

O financiamento desembólsase en forma de subvencións e contratacións.

Un mínimo do 10 % do orzamento de axuda humanitaria da UE destínase a proxectos de educación en situacións de emerxencia.

**Ligazóns de interese** **Web do programa**

#### Puntos de información a nivel europeo

**Organismo:** Dirección Xeral de Protección Civil e Operacións de Axuda Humanitaria Europeas (DG ECHO)

**Web de contacto**

## Política Exterior e Seguridade Común (PESC)

### Ámbito temático ACCIÓN EXTERNA

#### Base legal

Os artigos 21 a 46 do título V do TUE definen as "Disposicións xerais relativas á acción exterior da Unión e disposicións específicas relativas á política exterior e de seguridade común". Os artigos do 205 ao 222 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE) tratan da acción exterior da Unión.

**Duración** Por decisións do Consello **Tipo de programa** Xestión directa e indirecta

#### Organismo xestor

O modo de xestión é principalmente a xestión indirecta para as misións civís da Política Común de Seguridade e Defensa, así como as accións de non proliferación e desarme, e en menor medida a xestión directa. O servizo principal para a programación das accións da PESC é o Servizo Europeo de Acción Exterior (EEAS), mentres que os Instrumentos de Política Exterior (FPI) é responsable de garantir a boa xestión financeira dos fondos.

#### Obxetivos

Axudar á UE a asumir o seu papel de actor global, tal e como prevé o artigo 21 do Tratado da Unión Europea, "para preservar a paz, previr os conflitos e reforzar a seguridade internacional", contribuíndo así a unha "Europa máis forte no mundo".

#### Eixes de actuación

A PESC persegue os seus obxectivos mediante:

- **Diferentes tipos de misións civís da Política Común de Seguridade e Defensa**, en función do mandato do Consello, por exemplo, misións de asesoramento para a elaboración de lexislación no sector da seguridade nos países anfitrións ou misións de desenvolvemento de capacidades para a realización de actividades operativas.
- **Accións relacionadas coa non proliferación e o desarmamento**, levadas a cabo a través de acordos con organizacións internacionais, especialmente dentro da familia das Nacións Unidas, así como con fins específicos con outras organizacións selectas no ámbito da non proliferación e o desarmamento.

#### Beneficiarios

Organizacións internacionais, como o Equipo de Asesoramento en Xestión de Municións, a Misión de Asesoramento da Unión Europea en apoio da reforma do sector en Iraq -unha das 11 misións civís en curso no marco da política común de seguridade e defensa da UE- e as misións de observación electoral da UE, como a despregada en Ghana en decembro de 2020.

#### Orzamento e intensidade das axudas

2.680 millóns de euros (prezos de 2021).

#### Observacións

O financiamento desembólsase en forma de subvencións e adquisicións.

**Ligazóns de interese** **Web do programa**

**Puntos de información a nivel europeo** **Organismo:** Servizo Europeo de Acción Exterior (EEAS)  
**Web de contacto**

## Índice de siglas

<b>AGA</b>	<i>Annotated Grant Agreement</i> (Acordo Anotado de Concesión da Axuda)
<b>AGRI</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Agriculture and Rural Development</i> (Agricultura e Desenvolvemento Rural)
<b>ANEC</b>	Asociación Europea para a Coordinación da Representación dos Consumidores na Normalización
<b>BMVI</b>	<i>Border Management and Visa Instrument</i> (Instrumento de Xestión de Fronteiras e Visados)
<b>BOTO</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   European Civil Protection and Humanitarian Aid Operations</i> (Protección Civil e Operacións de Axuda Humanitaria Europeas)
<b>CCEI</b>	<i>Customs Control Equipment Instrument</i> (Instrumento de Control Aduaneiro)
<b>CDTI</b>	Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial
<b>CINEA</b>	<i>EXECUTIVE AGENCY   European Climate, Infrastructure and Environment Executive Agency</i> (Axencia Executiva Europea de Clima, Infraestruturas e Medio Ambiente)
<b>CLIMA</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Climate Action</i> (Acción polo Clima)
<b>COMM</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Communication</i> (Comunicación)
<b>COMP</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Competition</i> (Competencia)
<b>CONNECT</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Communications Networks, Content and Technology</i> (Redes de Comunicación, Contido e Tecnoloxías)
<b>CSA</b>	<i>Coordination and Support Action</i> (Acción de Apoio e Coordinación)
<b>DEFIS</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Defence Industry and Space</i> (Industria de Defensa e Espazo)
<b>DoH</b>	<i>Declaration of Honour</i> (Declaración de Honra)
<b>EAC</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Education, Youth, Sport and Culture</i> (Educación, Mocidade, Deporte e Cultura)
<b>EACEA</b>	<i>EXECUTIVE AGENCY   European Education and Culture Executive Agency</i> (Axencia Executiva Europea de Educación e Cultura)
<b>ECFIN</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Economic and Financial Affairs</i> (Asuntos Económicos e Financeiros)
<b>ECHO</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   European Civil Protection and Humanitarian Aid Operations</i> (Protección Civil y Operaciones de Ayuda Humanitaria Europeas)
<b>EEAS</b>	<i>European Union External Action Service</i> (Servizo Europeo de Acción Exterior)
<b>EEN</b>	<i>Enterprise Europe Network</i>
<b>ECAS</b>	<i>European Commission Authentication System</i> (Sistema de Autenticación da Comisión Europea)

<b>EISMEA</b>	<i>EXECUTIVE AGENCY   European Innovation Council and Small and Medium-sized Enterprises Executive Agency</i> (Axencia Executiva para as Pequenas e Medianas Empresas)
<b>EMPL</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Employment, Social Affairs and Inclusion</i> (Emprego, Asuntos Sociais e Inclusión)
<b>ENER</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Energy</i> (Enerxía)
<b>ENV</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Environment</i> (Medio ambiente)
<b>ERCEA</b>	<i>EXECUTIVE AGENCY   European Research Council Executive Agency</i> (Axencia Executiva do Consello Europeo de Investigación)
<b>ESA</b>	<i>European Espacial Agency</i> (Axencia Espacial Europea)
<b>EUMETSAT</b>	<i>European Organisation for the Exploitation of Meteorological Satellites</i> (Organización Europea para a Explotación de Satélites Meteorolóxicos)
<b>EUSPA</b>	<i>European Union Agency for the Space Programme</i> (Axencia da Unión Europea para o Programa Espacial)
<b>FEADER</b>	Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural
<b>FEGA</b>	Fondo Español de Garantía Agraria
<b>FEAGA</b>	Fondo Europeo Agrícola de Garantía
<b>FC</b>	Fondo de Cohesión
<b>FEDER</b>	Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional
<b>FISMA</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Financial Stability, Financial Services and Capital Markets Union</i> (Estabilidade Financeira, Servizos Financeiros e Unión dos Mercados de Capitais)
<b>FSE +</b>	Fondo Social Europeo Plus
<b>FPI</b>	<i>SERVICE DEPARTMENT   Foreign Policy Instruments</i> (Instrumentos de Política Exterior)
<b>GA</b>	<i>Grant Agreement</i> (Acordo de Concesión da Axuda)
<b>GROW</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Internal Market, Industry, Entrepreneurship and SMEs</i> (Mercado Interior, Industria, Emprendemento e Pemes)
<b>HADEA</b>	<i>EXECUTIVE AGENCY   European Health and Digital Executive Agency</i> (Axencia Executiva Europea nos ámbitos da Saúde e Dixital)
<b>HOME</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Migration and Home Affairs</i> (Migración e Asuntos de Interior)
<b>IA</b>	<i>Innovation Action</i> (Acción de Innovación)
<b>IGAPE</b>	Instituto Galego de Promoción Económica
<b>INJUVE</b>	Instituto da Mocidade
<b>INTPA</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   International Partnerships</i> (Asociacións Internacionais)
<b>JRC</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Joint Research Centre</i> (Centro Común de Investigación)
<b>JUST</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Justice and Consumers</i> (Xustiza e Consumidores)
<b>LoI</b>	<i>Letter of Interest</i> (Carta de Interese)
<b>MARE</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Maritime Affairs and Fisheries</i> (Asuntos Marítimos e Pesca)
<b>MCIN</b>	Ministerio de Ciencia e Innovación
<b>MFFR</b>	<i>MULTIANNUAL FINANCIAL FRAMEWORK</i> (Marco Financeiro Plurianual)
<b>MFP</b>	Marco Financeiro Plurianual

<b>MITMA</b>	Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana
<b>MoU</b>	<i>Memorandum of Understanding</i> (Memorandum de Entendemento)
<b>MOVE</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Mobility and Transport</i> (Mobilidade e Transportes)
<b>MRR</b>	Mecanismo de Recuperación e Resiliencia
<b>NEAR</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   European Neighbourhood and Enlargement Negotiations</i> (Política Europea de Veciñanza e Negociacións de Ampliación)
<b>NGEU</b>	<i>Next Generation EU</i>
<b>OLAF</b>	<i>SERVICE DEPARTMENT   European Anti-Fraud Office</i> (Oficina Europea de Loita contra a Fraude)
<b>PAC</b>	Política Agrícola Común
<b>PEPI</b>	Portal Europeo de Proxectos de Investimento
<b>PIC</b>	<i>Participation Identification Code</i> (Código de Identificación do Participante)
<b>PIOB</b>	Consello Internacional de Supervisión Pública
<b>PO</b>	<i>Project Officer</i> (Técnico do Proxecto)
<b>POCTEP</b>	Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza
<b>RDC</b>	Regulamento sobre as de Disposicións Comúns
<b>REA</b>	<i>EXECUTIVE AGENCY   European Research Executive Agency</i> (Axencia Executiva de Investigación)
<b>RECOVER</b>	<i>SERVICE DEPARTMENT   Recovery and Resilience Task Force</i> (Grupo de Traballo de Recuperación e Resiliencia)
<b>REFORM</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Structural Reform Support</i> (Apoio ás Reformas Estruturais)
<b>REGIO</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Regional and Urban Policy</i> (Política Rexional e Urbana)
<b>RIA</b>	<i>Research and Innovation Action</i> (Acción de Investigación e Innovación)
<b>RTD</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Research and Innovation</i> (Investigación e innovación)
<b>SANTE</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Health and Food Safety</i> (Saúde e Seguridade Alimentaria)
<b>SEPIE</b>	Servizo Español para a internacionalización da Educación
<b>SG</b>	<i>SERVICE DEPARTMENT   Secretariat-Xeral</i> (Secretaría Xeral)
<b>SOGIESE</b>	Sociedade Xestora Interreg Espazo Suroeste Europeo
<b>TAXUD</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Taxation and Customs Union</i> (Fiscalidade e Unión Aduaneira)
<b>TRADE</b>	<i>DIRECTORATE-GENERAL   Trade</i> (Comercio)
<b>WPs</b>	<i>Work Packages</i> (Paquetes de Traballo)

## Índice de programas

RÚBRICA MFP 2021-2027	PROGRAMAS	SUBRÚBRICA	
1. Mercado Único, Innovación e Dixital	Horizonte Europe	Investigación e Innovación	
	Euratom	Investigación e Innovación	
	ITER	Investigación e Innovación	
	InvestEU	Investimentos Estratéxicos Europeas	
	Mecanismo "Conectar Europa"	Investimentos Estratéxicos Europeas	
	Programa Europa Dixital	Investimentos Estratéxicos Europeas	
	Programa para o Mercado Único	Mercado Único	
	Programa da UE de Loita contra a Fraude	Mercado Único	
	Cooperación en materia de fiscalidade (Fiscalis)	Mercado Único	
	Cooperación en materia de aduanas (Aduanas)	Mercado Único	
	Programa Espacial Europeo	Espazo	
	2. Cohesión, Resiliencia e Valores	Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)	Desenvolvemento Rexional e Cohesión
		Interreg POCTEP	Desenvolvemento Rexional e Cohesión (FEDER) <sup>1</sup>
Interreg SUDOE		Desenvolvemento Rexional e Cohesión (FEDER) <sup>2</sup>	
Interreg Espazo Atlántico		Desenvolvemento Rexional e Cohesión (FEDER) <sup>3</sup>	
Interreg Europe		Desenvolvemento Rexional e Cohesión (FEDER) <sup>4</sup>	
Iniciativa Urbana Europea		Desenvolvemento Rexional e Cohesión (FEDER) <sup>5</sup>	
REACT EU		Desenvolvemento Rexional e Cohesión	
Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)		Recuperación e Resiliencia	
Instrumento de Apoio Técnico (IAT)		Recuperación e Resiliencia	
Protección do euro contra a falsificación (Pericles IV)		Recuperación e Resiliencia	
Mecanismo de Protección Civil		Recuperación e Resiliencia	
UEproSaúde(EU4Health)		Recuperación e Resiliencia	
Fondo Social Europeo +		Investir nas Persoas, Cohesión Social e Valores	
Fondo Europeo de Adaptación á Globalización para Traballadores Despedidos (FEAG) <sup>6</sup>		Investir nas Persoas, Cohesión Social e Valores	
Erasmus+		Investir nas Persoas, Cohesión Social e Valores	
Corpo Europeo de Solidariedade	Investir nas Persoas, Cohesión Social e Valores		
Europa Creativa	Investir nas Persoas, Cohesión Social e Valores		
Programa Cidadáns, Igualdade, Dereitos e Valores (CERV)	Investir nas Persoas, Cohesión Social e Valores		
Xustiza	Investir nas Persoas, Cohesión Social e Valores		

RÚBRICA MFP 2021-2027	PROGRAMAS	SUBRÚBRICA
3. Recursos Naturais e Medio Ambiente	Fondo Europeo de Garantía Agrícola (FEAGA)	Política Agrícola e Marítima
	Fondo Europeo Agrícola para o Desenvolvemento Rural (FEADER)	Política Agrícola e Marítima
	Fondo Europeo Marítimo, Pesca e Acuicultura (FEMPA)	Política Agrícola e Marítima
	Programa para o Medio Ambiente e a Acción Climática (LIFE)	Medio Ambiente e Acción Climática
	Fondo de Transición Xusta	Medio Ambiente e Acción Climática
	Fondo de Innovación	Medio Ambiente e Acción Climática <sup>7</sup>
4. Migración e Xestión de Fronteiras	Fondo de Asilo, Migración e Integración (FAMI)	Migración
	Fondo para a Xestión Integrada das Fronteiras	Xestión de Fronteiras
5. Seguridade e Defensa	Fondo de Seguridad Interna	Seguridade
	Fondo Europeo de Defensa	Defensa
6. Veciñanza e o Mundo	Instrumento de Veciñanza, Desenvolvemento e Cooperación Internacional (IVDICI) - Europa Global	Acción Externa
	Axuda humanitaria	Acción Externa
	Política Exterior e de Seguridade Común (PESC)	Acción Externa

1 Programa de cooperación territorial europea: cooperación transfronteriza

2 Programa de cooperación territorial europea: cooperación transnacional

3 Programa de cooperación territorial europea: cooperación transnacional

4 Programa de cooperación territorial europea: cooperación interregional

5 Programa no ámbito do desenvolvemento urbano sustentable financiado no marco de FEDER.

6 O FEAG é un fondo reactivo á marxe do MFP, aínda que no contexto desta guía enmarcouse nesta sub-rúbrica, en base á súa temática (axudas a traballadores que perderon o seu posto de traballo como consecuencia de reestruturacións).

7 O Fondo de Innovación é un fondo á marxe do MFP, aínda que no contexto desta guía enmarcouse nesta sub-rúbrica, en base á súa temática (financiamento de tecnoloxías innovadoras de baixas emisións de carbono).

